

COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Redacción	1	SUMARIO
Celestino Pardellas de Blas	2-5	O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (II). "SANTA COMPAÑA (V). MISCELÁNEA DALGUNHAS CUESTIÓNS ESQUECIDAS.
Avelino Ochoa	6-12	A VOLTAS COA LANZADA
José E. Ferrer Jaureguizar	13-16	RELACIÓN DOS BUQUES QUE TRANSPORTARON AO GALEGOS QUE O ESCRAVISTA URBANO FEIJOÓ SOUTOMAIOR INTRODUCIU NA ILLA DE CUBA
Arturo Sánchez Cidrás	19-23	LEMBRANZAS DO TRANSPORTE Á ILLA DE ONS (1ª PARTE)
Lino J. Pazos Pérez	24-26	O SR. POCH NA ILLA DA TOXA
José Manuel Dopazo Entenza	29-33	O BOI E O PAN OU A CAPITALIZACIÓN DO TRABALLO
Cosme Damián Romay Cousido	34-38	"AVES DA COSTA" REVISADA, TRINTA ANOS DESPOIS (I)
Antón Mascato	39-41	O FARDEL DA MEMORIA DE CONDE CORBAL
César M. González Crespán, Ricardo Moreno Valdepérez	42-43	OS CEOS DAS RÍAS BAIXAS
Patricia Arias Chachero	44-47	O POETA ANTÓN TOVAR E O MAR DA LANZADA
Francisco Calo Lourido	48-50	HOMENAXE A JOSÉ FARIÑA JAMARDO. O MUNICIPALISTA XOSÉ FARIÑA JAMARDO TAMÉN FONDEOU EN ONS
Emilio Xosé Insua	51-53	O QUEFACER LITERARIO DE XOÁN FUENTES CASTRO
Fernando Trigo & Tino Pardellas	54-57	ILLA DE ONS: UN PERSONAXE DIGNO DE ESTUDIO. "FRANCISCO GENARO ÁNGEL"
Jacobo Fernández	58-60	DURANTE TRINTA E CINCO ANOS LÉVASE ORGANIZANDO O CICLO "CULTIVANDO O MAR".
José Taboada García	63-64	O SARXENTO DETECTIVE
Anxo López Vergara & Tino Pardellas	65-68	MAPA DA ILLA DE ONS, MINISTERIO DE DEFENSA. 1 DE XANEIRO DE 1800?
Francisco Meis Durán	69-70	O SACERDOTE QUE CONSAGROU A CAPELA DA VIRXE DO CARMEN DA ILLA DA TOXA
Adolfo Fernández, Mateo Fontán, Patricia Valle, Marta Lago, Roberto Bartolomé, Fermín Pérez, Olalla López e Elvira Mangas	73-77	O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE ADRO VELLO (O GROVE): PASADO E PRESENTE.
Asociación C. Pineiróns	78-82	O FARO DA ILLA DE ONS. UN MONUMENTO PÉTREO. A SÚA DEDICACIÓN CULTURAL COMO MUSEO DOS FAROS, FAREIROS E NAUFRAXIOS, TEN QUE SER UNHA REALIDADE.
Xosé Fuentes Castro	83	A NOITE DO NAUFRAXIO
Xosé Fernández Pazos	84 - 88	CEN ANOS DE RECOÑECIMENTO ÁS HEROÍNAS E HEROES DO SANTA ISABEL

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 48, 49, 50, 54, 55, 56, 57, 67, 78, 79, 80, 82
Avelino Ochoa	9,10,11,12
José E. Ferrer Jaureguizar	13,14,16
Arturo Sánchez Cidrás	20,21,22,23
Afonso Fernández	19
Pepe Álvarez. Cedida por Rafael Domínguez	23
Lino J. Pazos Pérez	24,25,26
Stafant Mörling	29,30,68
José Manuel Dopazo Entenza	31,33
Fernando Alonso Romero	32
Cosme Damián Romay Cousido.	34,36,38

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Antón Mascato	39,40,41
Astrovigo	42,43
Patricia Arias Chachero	44,45,46,47
Emilio Xosé Insua	51,52,53
Jacobo Fernández	58,59,60
José Taboada García	63,64
Quique Abati	66,81
Francisco Meis Durán	70
Eloisa Álvarez Corbacho	69
Adolfo Fernández e equipo	73,74,75,76
Xosé Fuentes	83
Xosé Fernández Pazos	84,85,86,87,88

Para web e Blog:
www.bueu.esy.es

Revista Aunios:
<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

Minixornal Onstopus:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>


DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL

“Pineiróns”

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE
Pontevedra – Galicia – España
Telf: 649424950
tinopardellas1957@gmail.com
celestinopardellas@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número



O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (II) SANTA COMPAÑA (V). MISCELÁNEA DALGUNHAS CUESTIÓNES ESQUECIDAS

Por: Celestino Pardellas de Blas

CATALOGACIÓN DE ESTUDOS ETNOGRÁFICOS.

Omisións no anterior AUNIOS nº 28

Ana Vilas, guía do Parque Nacional e excelente investigadora, despois de lido o artigo anterior, notou a falla de: Sobre o **Cancioneiro Popular** de Ons: O libro-disco de **Josefa Otero**, muller de Mörling: *“Deixádeme cantar”* ICI. 2014. Disco da Asociación **Retrouso de Cela**: *“Elelelos”*. Xota da illa de Ons. Outro disco de **Tear da Llerena**, con gravacións feitas a Irene Patiño. A revista da **Asociación Golfiños** de Bueu: *AÑA. Fanzine* nº 4. 2022. Cunha homenaxe a Aurita Reiriz. Ademais tamén, o autor deuse conta destas omisións:

- Celestino Pardellas de Blas. *“A noite do San Xoán na Illa de Ons”*. Revista Raigame. Nº 3. 1996.
- Celestino Pardellas de Blas. *“Que non morra a dorna. Ons: unha posible alternativa na etapa estival”*. Rev. Os Galos. Nº17. 2023

PREÁMBULO

Comecei coa materia etnográfica nesta revista cun artigo sobre “O costume de varear as dornas na Illa de Ons”¹. Logo, aínda que xa fora traballado por Fernando Alonso Romero, quixen profundar un pouco no mito da Santa Compañía que, aínda que moi enraizado entre os veciños, había un enorme receo e reparo a falar del.

Sei que os lectores de Aunios, e máis aqueles que levan traballando sobre Ons dende hai tempo, pensarán que o tema da Santa Compañía nesta Illa, está máis que elaborado. Pois si, teñen a súa razón, pero coido que aínda, polo menos pola miña parte, quedaban algún flocos sobre os que había que incidir e variantes que se deben tocar, para que, os que queiran investigar máis profundamente sobre este tema, teñan datos suficientes.

Antes de pasar a analízalos, quero primeiro dar a coñecer os traballos que sobre a Compañía en Ons están publicados nesta e noutras revistas. Ao lado dos xa mencionados no pé de páxina, temos:

Álvaro das Casas. *“Illa de Ons”*. Revista NOS. Nº 132. 1934

Fernando Alonso Romero. *“Los orígenes del mito de la Santa Compañía en las islas Ons y Sálvora”*. Cuadernos de Estudios Galegos nº 22. 1981

Fernando Alonso Romero. *“Algunhas antigas crenzas tradicionais da Illa de Ons”*. Aunios 18. Páxs. 57-59. 2013.

Francisco Calo Lourido. *“A propósito da Santa Compañía na Illa de Ons”*. Aunios 27. Páxs. 53-56. 2022.

Santiago Boado Aguinaga. *“A crenza da Compañía en Ons por Fernando Alonso Romero”* Aunios 26. Páxs. 40-45. 2021.

Celestino Pardellas de Blas. *“Ons: A Santa Compañía máis mariñeira”* Os Galos nº11. Páxs. 11-15. 2017.

Celestino Pardellas de Blas. *“Ons etnográfica: Noalla-Santa Compañía-Ons”*. Onstopus nº 15. Páx. 5. 3ª Setembro 2020.

Tamén se menciona nalgúns traballos como o de Paula Ballesteros “Ons unha illa habitada”. Mª Jesús Otero Acuña. “Illa de Ons. Privilegio de la Naturaleza”. Varios autores. “Guía do Parque Nacional”. ... E nalgúns artigos de prensa.

NOTA: Como explicarei, era considerable a dificultade de establecer amizade cos aunienses, como para intentar obter datos sobre a súa vida na illa e, moito máis, se estes se referían a temáticas de bruxería, supersticións, malos ollos, ..., a Compañía. Por diferentes circunstancias, que xa teño explicado, eu tiven a sorte de entrar no armazón de varias familias e chegar a ser considerado coma un máis da casa, o que me abriu posteriormente as portas doutros fogares aunienses e deume moitas facilidades para conseguir a confianza suficiente e que moitos deses temas tabús se charlaran na miña presenza, e ata poder gravalos sen problemas.

Por iso, e seguindo coa miña/nosa teima de dar a coñecer as características, neste caso etnográficas, desta comunidade auniense, e sabendo as dificultades para obter datos hoxe en día sobre estas materias, dou o meu consentimento para

¹ Celestino Pardellas de Blas. *“O costume de varear as dornas na Illa de Ons”*. Aunios nº 0. Páxs. 19-20. 1999.

² Celestino Pardellas de Blas. *“Mitología: A Santa Compañía en Ons (I)”*. Aunios nº 2. Páxs. 37-40. 2000. Celestino Pardellas de Blas. *“Mitología: A Santa Compañía en Ons (II) que anuncia? A que vén?”*. Aunios nº 2. Páxs. 37-40. 2001. Celestino Pardellas de Blas. *“Mitología: A Santa Compañía en Ons (III) que anuncia? A que vén?”*. Aunios nº 5. Páxs. 44-47. 2002. Celestino Pardellas de Blas. *“Mitología: A Santa Compañía en Ons (IV) Como se defenden dela os illáns?”* Aunios nº 9. Páx. 84. 2004.

que todas as notas recompiladas por min aos aunienses e que expoño nos meus artigos, sexan utilizadas por investigadores, como si se llas contaran a eles os veciños, co fin de realizar estudos serios, científicos e técnicos sobre esas temáticas, que si non desapareceron xa da memoria desta comunidade, están a piques de facelo.

RECOMPILACIÓN DE DATOS ETNOGRÁFICOS

Ons, estando a menos de 6 millas da costa de Sanxenxo-Noalla e a 7'5 da de Bueu-Morrazo, tivo un illamento case total ao longo de século e medio (1810-1960). Do continente só achegábanse por asuntos pesqueiros ou como man de obra puntual para as vivendas, negocios ou para a agricultura.

Os aunienses saían pouco da illa, os homes para a venda dos produtos do mar, para a busca de caladoiros nas costas máis achegadas (do Barbanza a Oia) ou para algún trámite económico a Bueu (feiras, mercados, moendas,..., ou algunha compra necesaria). As mulleres, practicamente, non saían da Illa agás para visita médica, dar a luz,..., ou tamén por algunha necesidade ineludible que non podía realizar o seu home. Os rapaces, agás para ir ao médico, era moi ocasional que saíran da illa ata que tiñan unha certa idade e por motivos necesarios.

Estas circunstancias forxaron un illamento e unha idiosincrasia moi representativa que traerá aparelada unha Cultura Popular exclusiva, insólita e sorprendente, que influirá profundamente na toma de contacto con outras persoas non aunienses. Á hora de relacionarse con persoas alleas, xurdía unha forte desconfianza, receo, inquietude, ..., e ata, nalgúns casos, medo.

De aí, que á hora de intentar investigar na illa, tomar datos,..., entrevistas, agás que sexas introducido ou presentado por outro auniense ou algunha persoa con relación de forte amizade con eles, é case misión imposible. E non digamos se o que queres pescudar ten relación cos temas tabú (bruxería, meigas, maldicións, supersticións, mal de ollo,..., nigromancia, compañía); eses eran asuntos que só se trataban en familia ou entre grupos moi achegados de aunienses, por medo a represalias dos que exercían tales prácticas ou que podían causalas, traendo o mal a túa casa.

Ese pode ser o motivo da falla de investigación neses campos en Ons. Os poucos exemplos que temos, seguiron os parámetros marcados de amizade: Álvaro de las Casas introducido polo fareiro Antón Bruno. Gustav Henningsen por Stafant Mörling. Alonso Romero e María Castroviejo, pola amizade de moitos aunienses co pai de María, José María Castroviejo, e polo feito de ser médica. Ana Alonso (Ana Liste) por contactar co mestre Santos Pereira que lle presentou a unha familia auniense coa que pasou a vivir un ano. E no meu caso particular, pola amizade con Ana Liste que xa levaba dous anos en Ons convivindo coas familias aunienses.

Con esta pequena explicación quero poñer en alerta aos novos investigadores que, como puiden comprobar, senón sae en Google, o traballo de campo está case esquecido e cando realizan algunha entrevista, van de cheo ao tema: Fálleme da Santa Compañía!!! E loxicamente, son rexeitados ao momento.

En resumo, para investigar sobre temas etnográficos e, en especial, sobre as cuestións consideradas Tabú na Illa de Ons: Primeiro conseguir unha boa amizade co/a veciño/a. Ter moita paciencia. Ser moi condescendente co entrevistado/a. Nunca poñer en tea de xuízo o que che estea relatando, máis ben todo o contrario. Ir con tempo e non esperar unha rápida resposta positiva ao que queres conseguir. ...

De non ir con estas predisposicións, mellor deixalo.



Recompilando datos con Cesáreo e Vitoria. 2019

A SANTA COMPAÑÍA. PUNTOS TOCADOS CON ANTERIORIDADE

En anteriores números de Aunios falei de como os aunienses a *Visualizaban*, como era o *Acompañamento*, onde *Habitaba*, que *Anunciaba*, a que *Viña* á Illa e como se *Defendían* dela. Ían os relatos dos aunienses e un pequeno comentario meu sobre eles, sendo importante ter en conta que eu non son especialista en materia etnográfica, polo tanto eses relatos narrados polos veciños poden ser utilizados para unha mellor investigación e comprensión sobre este mito na Illa de Ons.

Pero quedaron esquecidos algúns apuntes que estaban extraviados noutras carpetas e que considero moi interesantes para o estudo deste mito. Analizarei de xeito conciso, outras exposicións sobre a Compañía que teñen que ver coa conexión dos aunienses con ela, como: Contacto visual. Persecución-sombra-alento. O lume- o vento - o ruído e o fume.

CONTACTO VISUAL

En Ons imputan á Compañía o feito de que persoas que se atopan moi enfermas, o seu espírito, momentos antes ou despois de morrer, busque entre os vivos, sobre todo parentes, persoas moi achegadas ou coas que mantiñan unha forte relación de amizade, axuda por algún motivo especial, ou experimentan unha necesidade de despedirse delas.

As descrições manteñen todas unhas características comúns: As visións ou aparicións, danse sempre de noite ou ás tardiñas, polo xeral, dos días de inverno. Visualizan á persoa pero non chegan a contactar con ela. Regularmente están realizando algún tipo de actividade que non é habitual, xa sexa pola hora como pola súa dificultade. As aparecidas, son persoas que están moi enfermas, que sufriron algún contratempo ou que, nese intre están ben, pero nun tempo relativamente curto, falecen. Contaba Sra. Juana:

Era noite pecha xa. O meu tío viña da Cachada do Monte, cerco do Faro. Ao chegar alí, onde lle chaman o Prado do Quicho, ao lado da casa onde vive Emilio o forestal, sentiu coma uns pasos detrás. Mirou e non viña ninguén, pensou que sería algún coello que saltara por alí; pero ao pouco, volveu a escoitalos, mirou e de novo e non había nadies.

Quedou parado mirando a todos os lados a ver se vía a alguén agochado. Cando toca a andar de novo, veu unha lus no camiño que vai para Melide e pareceulle ver ao Sr. Antonio. Apurou o paso estrañado de que andase por alí a aquelas horas e, cando estaba a chegar onda el, a lus desapareceu e o Sr. Antonio tamén.

Asustouse, porque non o vira marchar. Colleu medo e, sen deixar de mirar para atrás, chegou á casa de Benito. Chamou por el e contoulle o que lle pasara. Benito díxolle: - Como ías mirar ao Sr. Antonio se está en Bueu, que deulle mal e levárono na lancha.

Ao día seguinte, soubo da morte do Sr. Antonio.

Presentóuselle ao meu tío porque como andaron xuntos aos polbos, quería despedirse del.



Cachada do Monte e Prado do Quicho. Á dereita a casa onde vivía o forestal Emilio Peláez

PERSECUCIÓN, SOMBRA, ALENTO...

Este apartado de descrições é moi parecido ao anterior, pois case todas as características danse por igual. Por buscar algunha diferenza coas xa mencionadas, é que aquí non ven á persoa, senón unha sombra e cando xurde a persecución, senten o seu alento, o que quere dicir que se atopa moi cerca.

Hai algún caso no que din que a persoa que persegue é un parente moi achegado e que podería ir xa no acompañamento. Ao ver ao seu familiar, sepárase e achégase intentando a súa axuda, comunicarse con ela,..., ou simplemente presentarse como despedida.

Falaba a siña Josefa: Francisco fora cobrar a Bueu e estaban a esperar que chegara. Os venres cobraban e, como ás veces facían, algúns mariñeiros quedarán na de Francisco a cear. O meu home, que sempre viña con Mendes, ese día quedou alí pois armouse unha cantarela e el devecía por cantar. Cunha cousa e con outra, fíxose tarde e, cando dispuxo vir, o tempo cambiara, había unha serrazón campal con moita néboa, e comezaba a babuxar.

Sempre ían hacia Curro para ao subir deixar a Mendes na casa, pero ese día ao ir só e tal como estaba o tempo, preferiu atallar polo camiño do cemiterio. Inda non chegara a el, cando pareceulle que alguén viña detrás.

Manolo non era receoso e co tempo que estaba, calquera ruído pode parece algo estraño, pero el nin se inmutou; pero ao pouco, sentiu como se alguén alentara con dificultade ao seu lado, parou, sacou a pucha do traxe de augas para ver e escoitar mellor e mirou atrás por se viña alguén, e non había ninguén.

Seguiu o seu camiño e, aínda non chegara ás Xabreiras, cando unha pequena lus fixo que vira unha sombra diante, como se estivera alguén no camiño. Parou e berrou: - Manolo! Por se era o seu fillo que fóra na súa busca. Pero ninguén contestou. Chegou a casa branco coma o meu pano (Pano que tiña posto na cabeza).

Esa mesma noite morreu tía Erundina. Presentouse a el por algo. Non se levaban moi ben por unha lea que tiveran hai tempo e seguro non quería marchar sen pedirlle clemencia.

O LUME, O VENTO E O RUÍDO

Estes tres elementos teñen moita significación no mundo etnográfico galego e polo tanto tamén en Ons. Están presentes en moitos relatos sobre a Compañía e chegan a identificalos con ela en maior ou menor grado, segundo os casos, de xeito individual ou exclusivo.

Lume: En case todas as aparicións ou visualizacións, como normalmente danse de noite, necesitan algún xeito de luminaria para poder avistala, por iso a **Lus** aparece en moitos dos relatos: - *Había unha lus que mirábase como de día. – Houbo un resplandor, unha lus enorme, parecía de día. ...* Pero esa Lus, nada tiña que ver co lume ou co fogo, era coma un lóstrego que duraba un tempo determinado, o suficiente para ver algo ou a alguén.

O Lume, nas versións aunienses, só xurde cando a Compañía, despois dalgunha visita ou paseo pola illa, desaparece no cemiterio: - *... e ao chegar ao cemiterio, unha gran labarada de lume faina desaparecer ou afundirse debaixo da igrexa.*

E por que non aparece o lume para visualizala? Porque precisamente, o Lume, ten o efecto contrario, é un dos remedios contra a Compañía, faina fuxir, arredarse, afastarse,..., o espírito apártase, deixa de seguirte.

Unha noite, cando rematara a troula en Curro e eu ía cara ao Caño, vin que cerca da casa de Pescadilla había un pequeno lume. Axudei a apagalo e un dos que estaba alí comentou que lle parecera ver a Martín prendelo. Ao día seguinte comenteille á muller de Martín o ocorrido e establecemos conversa:

- *Si Tinón, pode que fose el, sempre fai o mesmo, un día vai traer un desgusto como o collan os de Icona.*
- *Pero, por que o fai e mesmo a carón do camiño e ao lado das casas? Pode causar un incendio grave.*
- *Martín, aínda que non o parece, é un home moi medroso, e máis de noite, e como vaia só e escoite ou vexa algo raro, pensa que é unha serpente ou a Compañía e ten que prender lume para apartala.*
- *Prender lume para apartala, como é iso?*
- *Si, as serpes e os da Compañía, foxen co lume, co lume escapan e non che fan dano.*
- ...

Vento, ruído³ e fume:

O vento e o ruído son dúas pezas que van moi unidas. Normalmente o ruído xorde por mor do vento, sobre todo nas noites de temporal e ao coarse polas cavidades ou fendas das vivendas, produce uns sons especiais que poden dar a cavilar sobre posibles factores estraños. De aí o motivo de que, ás veces, tamén o relacionen coa presenza da Compañía, en especial, cando ao ruído se lle engaden outros sucesos anómalos. Contaba o Sr. Manuel: *“Estaba a durmir cando escoitei un ruído enorme que viña da cociña, coma se se abrira a porta de fóra de repente. Erguinme e comprobei que nin a miña muller nin os fillos se deran conta. Pasei por riba dela, as habitacións son pequenas e eu durmía cara a parede, e fun á cociña aproveitando para coller o penico e mexar, e todo estaba normal, ata parecía que a borrasca que había cando me deitei, parara.*

Volvín pra cama e a muller estaba na mesma posición, non se decatara de nada, prendín o foque e vin que estaba moi pálida, toqueina e estaba fría como o xeo. Movina e, cando espertou, parecía que viñera doutro mundo, estaba apampada, como ida. Cando por fin falou, díxome que estaba esperta, que parecía que tiña algo enriba dela, pero non era capaz de falar, nin de moverse, intentábao, pero non era capaz, sentíase agoniada. Ata que espertou cando eu a movín.

Tivo que ser algún membro da Compañía que quería levala, pero como eu espertei, fuxiu facendo ese ruído coa porta. Durante un tempo, polas noites, poñíamos o Pau de Noiteboa a fumeigar para espantar aos malos espíritos”.

Ata aquí estas testemuñas sobre aspectos da Santa Compañía que quedaron sen tocar en números anteriores. Podería seguir con máis exposicións, pero sería case como repetirnos.

NOTA: Case todos os nomes das persoas ás que aludo, son ficticios, para non ferir a sensibilidade deles e a dos seus parentes, o que si paso a nomear é aos aunienses/as que fixeron posible que poda contar estes relatos.

José Reiriz, Juana Otero, Benito Patiño, Manuel Sampedro, Manuel Patiño, Clementina Sampedro, Lucía Sampedro, Manolo Reiriz, Aurea Reiriz, Josefa Pérez, María Otero, Antonio Villaverde, Serafín Méndez, Emilio Otero, Josefa Otero, Francisco Vidal, Serafín Reiriz, Irene Patiño, Domingo Pérez, Rosa López, María Pérez e Vicente Otero.



Casa de Manuel Reboiras (Pescadilla)

³ Sobre o tema do ruído, xa escribín en: Celestino Pardellas de Blas. “Ritos, contos, lendas e historias da Illa de Ons: <Sepulcro antropomorfo Laxe do Crego> <Buraco do Inferno> <Restablecida a monarquía na Illa de Ons>” Aunios nº 12. 2007.

A VOLTAS COA LANZADA

Por: Avelino Ochoa

Un dos santuarios máis antigo e disputado de Galicia foi, é, o de santa María da Area da Lanzada onde hai que anotar a supervivencia actual de crenzas precristiáns relacionadas coa fertilidade: os rituais das nove ondas, o de varrer ó redor do altar clamando “-*Meigas fóra!*”, a Cama da Santa. Ademais a Virxe da Lanzada precedeu á Virxe do Carme como patroa dos mariñeiros ata o século XVII, e así nolo lembra aquela famosa copla: “*Indo polo mar abaixo/ o vento rachoume a vela./ Miña Virxe da Lanzada/ dáme pano para ela*”. Quizá esa advocación das xentes do mar propiciase a súa pertenza ao Grove e, curiosamente, a zona aínda segue adscrita á Confraría de San Martiño desa vila.

Polo descuberto nas escavacións da Lanzada acredítase ocupación humana con instalacións para tratamento de peixe, vivendas, necrópole ou edificios relixiosos, con achados numismáticos, de cerámica -procedente de diversos lugares, incluso África- que sitúan o conxunto entre os séculos VIII a. C. e o V d. C. Existen indicios de que este santuario cristianizou un centro relixioso pagán, posiblemente dedicado a unha deusa mariña da fecundidade, con rituais de fertilidade, que perduran. Falta por localizar o mosteiro, cenobio, de Santa María Lanceata, que ten que estar por alí. A fortaleza, da que só queda a torre, foi construída no século X como parte do sistema defensivo de Santiago, con San Sadurniño, Cálogo ou Torres do Oeste, cando aínda existía unha canle de navegación que cruzaba o actual istmo de O Vao.

Esta fortificación, asaltada polos árabes xunto coa de Ponte Sampaio, tiña unha muralla perimetral de pedra e argamasa, con torres nas catro esquinas que servían de almenaras, -con edificación interior cuberta, de dous ou tres pisos, sobre a que se podía camiñar- e quedaba unida a terra por ponte levadiza. No século XII, a raíña Urraca arrincoulla ao irmán do arcebispo Xelmírez, a quen pronto lla devolveu. No XIII, cando se construíu a actual ermida, foi nomeada nas guerras entre Sancho IV e Afonso X.

Constituíu un centro de poder ata a Gran Guerra Irmandiña entre 1467 e 1469. Os Irmandiños tomaron esta fortaleza e iniciaron o seu derrubamento, pero, derrotados polos nobres, os últimos trinta refuxiáronse nela no 1469, levantando unha estacada e un muro de rebos. Os soldados de Pedro Madruga acudiron a expulsalos pero foron rexeitados e perseguidos ata Cambados polos da Santa Irmandade, que capturaron a dous escudeiros e foron axustizalos a Pontevedra. Pedro Madruga non podía deixar pasar tal aldraxe e dirixiuse co seu exército á Lanzada, onde quedaron oito homes capitaneados por Juan García da Barca, que resistiron o ataque, ata que un deles os traizoou: Pedro Madruga aforcou a dous e alanceou aos demais alí mesmo. O arcebispo, para que a Lanzada non lle causase máis problemas, mandou derruír o que quedara en pé.

No século XVIII, o Padre Sarmiento soubo do descubrimento de sepulturas, estivo alí e deixou repetidamente escrito que eran vestixios da cidade asolagada de Lambriaca e que a torre arruinada era a dun faro fenicio.

Na documentación da Guerra Irmandiña consta que este illote da Lanzada pertencía ao Grove, onde seguiu ata o século XIX. Nos anos 40 do século XX, coa construción da estrada O Grove-Portonovo levantáronse sepulcros e ao erguer algunha das casas da beira da estrada, apareceron restos arqueolóxicos. Nas sucesivas campañas de escavación traballaron nomes tan ilustres como Filgueira Valverde, Sánchez Cantón, Blanco Freijeiro, García Alén ou Fariña Busto.

Unha antiga vista da ermida da Lanzada e a torre



Convén, antes, incidir esquematicamente na entidade física da Lanzada, que nin na fin do século XVII estaba configurada tal como a vemos hoxe, nin xeolóxica, nin histórica nin administrativamente. Entre o norte da Toxa e a praia de Foxos vai un areeiro que ben pode ser testemuño xeolóxico dun gran estuario que se foi colmatando, producindo un emprazamento propicio para as salinas, das que, despois de Roma, entre os primeiros titulares documentais por cesión real estaba o conde Pedro Theon, de Ardia, vencedor dos normandos en Valga. As transmisións persoais dese estuario poderían explicar que os seus illotes -Cabreira, Texas ou Louxo, Marma, Tourís e Lanzada, polos que houbo varias porfías- pertencesen á parroquia de San Martiño quizá non por adscrición territorial, senón por outorgamentos de reis e arcebispos que tamén eran donos das Illas de Sálvora, Ons e Cíes. O Grove foi, é, unha case illa. Ademais, polo menos desde a Alta Idade Media, a poboación de Noalla non habitaba esa costa e tiña dedicación agraria.



Primeiras escavacións na Lanzada a mediados dos anos 50 s.XX. Filgueira Valverde de pé á esquerda e onde parece que están Blanco Freijeiro e García Alén

Antes diso, o solar da ermida e o seu entorno, onde se atopan as actuais escavacións, integrábanse nunha cadea de castros costeiros: a atalaia da Siradella, Os Castriños, Cantodorxo, Xidoiros. Falta todo por investigar e, desde logo, non sei se terá algo de científica a consideración destes enclaves como conxunto complementario. Nas escavacións acháronse restos de ata o século VIII a.C. e testemuños de comercio marítimo. Non se toparon vestixios do porto que, se cadra, ben podería estar no extremo norte da praia da Lanzada, onde cos temporais fortes descóbrese unha estrutura de pedras aliñadas a modo de peirao, e parece o único sitio posible con algo de calado e medianamente seguro.

Os topónimos axudan a entender esa configuración: Madóns, relacionado con rego ou terreo inundado; Tombelo, referido a tómbolo; Vao, lugar de paso; Salinas... É claro que estradas, e construcións sobre as dunas desde os anos sesenta, axudaron á estabilización do sistema dunar. Así que no tempo do litixio de finais do XVII, que contaremos, hai que imaxinar o illote da Lanzada no extremo sur, mar aberto, dunha gran enseada. A importancia do enclave -controlaba as entradas cara ao Ulla, o Umia e Pontevedra- contribuíu, na Idade Media, a dar nome á xurisdición da Lanzada, que agrupaba 21 parroquias no que hoxe son Sanxenxo, Meaño e Meis. O Grove tiña réxime eclesiástico e era gobernado por un alcalde, un procurador xeral e dous rexedores, un pola terra e outro polo mar, designados pola Mitra compostelá.

O istmo da Lanzada é un dos espazos históricos máis sobranceiros de Galicia, especialmente se o complementamos coa Enseada de Adro Vello: salinas, sistema defensivo, poboamentos, comercio marítimo, centro de peregrinación e, actualmente, o difícil binomio de atractivo turístico e zona protexida medioambientalmente. Segue a ser un espazo en disputa, algo chusca, que convén aclarar. Ese terreo entre a estrada que vai a San Vicente do Grove e a desembocadura do Rego de Mouros é un areeiro formado por achegas de area mariña e as colmatacións do estuario do Umia e dos regatos que baixan de Noalla; figurou na cartografía ata o século XVII como mar e, actualmente, é unha gran duna, ponte natural para entrar ao Grove.

A división administrativa entre os municipios de Sanxenxo e do Grove aclarouse mediante sentenza do Tribunal Supremo de 17 de novembro de 1961, nunha liña desde un punto ao norte das salinas da Revolta ata o Con da Gaiyota, ao final Sur da praia da Lanzada, polo que toda esta está incluída no municipio grovense.

O Concello do Grove utilizou ese istmo permanentemente: alí pretendeu construír un aeródromo; levou a cabo diversas obras e existen pozos de extracción de auga que deron servizo a ese municipio antes da construción da rede de subministro do Umia; vendeu area para construción; aportou eses terreos ata o límite con Sanxenxo a unha sociedade de

capital privado formada coa Deputación de Pontevedra e inversores particulares, Grovelán S.A., coa pretensión de edificar alí unha especie de “*Marbella galega*”. Os veciños do Grove, non os de Noalla, subleváronse fronte a ese dislate urbanístico co recentemente falecido alcalde José Lores á cabeza. Unha xesta que nunca se lle agradecerá suficientemente.

O istmo foi declarado dominio público marítimo terrestre nos anos 1993 e 1994 e forma parte da parroquia de San Vicente. A Comunidade de Montes de Noalla, desde a súa mesma creación, mantivo unha activa litixiosidade ó redor del sen que fose capaz de que lle atendesen ningunha petición. Preiteou polo deslinde marítimo terrestre, pola adxudicación de quioscos de temporada, contra a actuación de Costas -que suprimiu unha estrada litoral, reordenou o istmo e colocou paseos e valados de protección medioambiental-, pedindo o vinte e cinco por cento dos bens e dereitos “*ocupados*” polo Estado e que se lle entregase o istmo en concesión. Os Tribunais aplicaron a Lei de Costas e rexeitaron ese tipo de propiedade privada sobre bens de dominio público, aínda que houbo un momento no que o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra recoñecera todo o istmo como monte de man común; pero a oposición do Concello do Grove conseguiu que se declarase a nulidade de tal decisión absurda e, iniciado un novo expediente, o propio Xurado e os Tribunais rexeitaron que ese espazo, que inclúe a ermida da Lanzada, poida considerarse un monte noallés.

O litixio seguido durante o 2021 entre o Concello do Grove e a Comunidade de Montes de San Vicente, por unha banda, e a Comunidade de Montes de Noalla e o concello de Sanxenxo, por outra, foi a última porfía ó redor das extremas dos municipios do Grove e de Sanxenxo, establecidas mediante un deslinde de 1959 confirmado por sentenza do Tribunal Supremo de 17 de novembro de 1961, vixente agora mesmo, pero que non está claramente sinalizado. A decisión adoptada polo Tribunal Superior de Xustiza, volveu a poñer en vigor esa estrema. Despois de catrocentos anos de litixios o TSXG no 2021 reiterou que os illotes do santuario da Lanzada non son da Comunidade de Montes de Noalla. Non sei se non haberá que mover os marcos.

Estes conflitos por lindes entre Sanxenxo e O Grove veñen de vello. Un litixio de 1693, depositado no Arquivo do Reino de Galicia, trae moitas luces sobre a adscrición histórica da Lanzada ao actual municipio do Grove.

Este preito levouse sendo cura de San Vicente o coñecido Pedro Mareque, soterrado debaixo do altar maior de Adro Vello; de San Martiño do Grove, Pantaleón de Benavides e Soutomaíor achegado á nobreza, e de San Estevo de Noalla, Juan Antonio Trelles. Este último pertencía a unha estirpe asturiana, residía na aldea de Mourelas e fundou o vínculo da Casa da Porta do Conde, nas Quintás. Era un tipo duro, irado e atrevido. En vida del o santuario da Area da Lanzada era economicamente moi produtivo pola devoción existente á súa Virxe pero o cura de Noalla enfrontábase a un grave problema: o illote e o santuario pertencían, eran posuídos e gobernados polo curato do Grove. Ao párroco de San Estevo levábo o demo non participar nas ganancias porque a fin de contas, para ir ao illote por terra había que tocar nas extremas da súa parroquia. E no mes de maio de 1692, plantouse, ben aparelado, diante do cruceiro que hai aínda hoxe polo Leste da ponte e non deixou pasar á procesión que saíra desde o santuario. O cura do Grove contouno así: “*por uno de los días de rogaciones del mes de mayo próximo pasado saliendo el retor del Grobe del Santuario con la ymagen de Nuestra Señora, Cruces e Insignias de su Parroquia y de la de Noalla y demás cercunvezinas y en compañía del querellado en procesión en la forma dicha y llegando al puente caminando para dicho crucero abisó Don Juan Antonio Trelles muy enfurecido y colérico crendo que no avía de pasar de dicho puente la procesión, llegar y dar vuelta a dicho crucero, con el pretesto de que estaba en los términos de su feligresía y efecto ynpidió que pasase obligando a que se bolviese con la procesión al Santuario causando en ello dicho querellado mucho escándalo y quitando y perturbando a mis partes en su derecho y posesión ynmemorial por fuerza*”.

O santuario da Virxe da Area da Lanzada tiña diversas advocacións: contra meigallos, socorro de mariñeiros ou protector da fecundidade, aparte de estar situado nun lugar feiticieiro. O párroco de San Vicente, Mareque, -un adiantado: foi o



Pepe Lores, no ano 2009, o alcalde que no seu día evitou o Grovelán

único clérigo do Salnés que posuía un manual técnico de agricultura- escribiría sobre a importancia económica da ermida da Lanzada sinalando que acudían a ela máis de cen mil almas, o que supoñía un cuantioso legado en esmolas que a facían envexable. O cura de Noalla disfrazou a súa cobiza cun prurito de honor, afirmando que os curas *“que han sido del Grobe jamás an entrado en la feligresía de mi parte con bestiduras sagradass presidiendo con su cruz ni aser otro auto temporal ni espiritual asta el mayo del año pasado de nobenta y dos que debiendo contenerse con la procesión dentro de los limites de su feligresía que limita en el castillo y puente de piedra, no lo yço, antes pasó doce brazas adelante en la feligresía de mi parte con alba, estola y más bestiduras presidiendo con su cruz”*. Este foi o conflito: a procesión traspasara a ponte uns vinte metros porque o cura do Grove quería rodear o cruceiro do Leste, pero o de Noalla non deixou seguir e a comitiva recuou con estandar-tes, palios, roupaxes e solemnidades, para repre-garse no illote. A Xunta e Rexemento do Grove e o cura Pantaleón Benavides e Soutomaior, que compartían os ingresos do santuario, acudiron á Xustiza, pero non á da súa xurisdición natu-ral, a eclesiástica, senón a de El-Rei, xa que os querelantes, desconfiados das influencias do de Noalla, recusaron aos tribunais de *“Lançada, Villa Nueva de Aroza, Pontevedra, Portonobo, Cimes, Dorrón y Harmentera por ser casi todas de la dignidad arzobispal de Santiago y haber sido el dicho criado del muy reverendo padre arzobispo de dicha ciudad por cuyas causas tiene mi parte por odiosos y sospechosos los jueces, alcaldes y scrivanos de número de dichas jurisdicciones”*. E, polo si ou polo non e polo que estivese por chegar, por ese percorrido de vinte metros tiraron para A Coruña.



A ponte que une o illote da Lanzada con Noalla foi construída polos do Grove

A querela contra o cura de Noalla foi presentada polo párroco grovense, Pantaleón Benavides e Soutomaior, -que trouxo para O Grove un irmán que dou a saga dos Benavides-, o alcalde Antonio de Sanromán, os rexedores Domingo de Cambados e Marcos Pérez e o procurador xeral Domingo Daguín. Como valedores figuraban apelidos aínda hoxe comúns no Grove, como Lamelas, García, Búa, Mascato da Ponte, Do Outeiro, Prol, Domínguez do Corgo, Prol de Peralto, Millán, Muñiz, Fontoira, García da Besada, ou Bea. A Real Audiencia de Galicia admitiu a querela e mandou recoller información, dando as ordes necesarias para que declarasen testemuñas na vila de Fefiñáns. O primeiro escrito que presentou o cura de Noalla para reafirmarse na súa postura foi moi claro: recoñecía e afirmaba que da ponte para dentro e todo o santuario, muros, castelo, albergues e ponte, pertencían a San Martiño do Grove, pero da ponte para terra era de San Estevo de Noalla e non autorizaba a outro cura a presidir nada alí. Os do Grove propuxeron dous grupos de testemuñas: artesáns de Santo Tomé do Mar e labradores da parroquia de San Vicente que acudiron solidarios cos veciños de San Martiño. E coincidiron en varios aspectos: Que no santuario había unhas chamadas *casas de comunidade* para albergar aos miles de romeiros, controladas por eremitas mandados polos do Grove; que cobraban foros, e rendían contas das esmolos dos peregrinos ao cura de san Martiño e á Xunta e Rexedores do Grove, que eran os que asumían as obras necesarias na ermida e nos albergues; que Parroquia, Xunta e Rexemento fornecían de cálices, ornatos, misais e campás; que mantiñan amurallado o recinto e dispoñían das chaves; construíran a ponte *“de sillería ancha que ycieron y fabricaron los ascendientes porque la mar pasava de una a otra parte”*, así como o muro exterior, *“por estar en una punta de mar alta, áspera y causar mucha deboción, mucha birtud y rrecogemento”*. E que en todos os actos solemnes presidía o párroco de San Martiño e ocupaban os lugares preferentes as autoridades do Grove *“tienen el mejor y más preminente lugar, asiento y lado en la capilla mayor de dicha hermita y el mejor y más supremo lugar, asiento y lado en la procesión”*.

Os romeiros que ían á Lanzada eran miles e contaron as testemuñas que *“un hermitaño de dicho santuario abia ydo a Roma y ganado en dos ocasiones dos Bulas de Su Santidad concediendo Santo Jubileo y otras gracias e yndulgencias para dicho Santuario y sus devotos y que en ellas estaba nominado su sitio por propio del veneficio de San Martín del Grove”*. Era, pois, un centro de peregrinos importante, ata con xubileu, que non é calquera cousa.

Este insólito preito das procesións rematou no abril de 1693, cando a Real Audiencia ditou un Auto declarando que no *“Santuario de Nuestra Señora de la Lançada incluío en los términos de San Martín del Grove está probada la posición de que en las procesiones de rrogatibas se pase el puente con la santa ymagen y se lleguen a un crucero que está delante del 15 braças y dando la buelta al derredor del”* permitindo ás autoridades grovenses invadir Noalla quince braças fóra da ponte. Pero Juan Antonio Trelles Villaamil, cabezudo, non se dou por vencido e persistiu no obxectivo final de anexionar o santuario. Cultivaba extraordinarias relacións *“capellán y comensal de casa de dicho arçobispo”* e *“capellán y criado”* - co prelado Antonio de Monroy, a quen, a mediados de 1693, foille choromicar que a freguesía de San Estevo era unha miseria por culpa da ermida da Virxe da Area, porque ata os fregueses de Noalla ían alí á misa, deixando nela todas as esmolos e provocando que quedase *“defraudado de sus emolumentos”*. A curia arcebispal, sabedora de que o santuario da Virxe da Area pertencía daquela a San Martiño, e por moito que o cura do Grove achegou resolucións da Real Audiencia, deu un mandato sibilino que pareceu terrible aos grovenses: Na Lanzada, nos festivos, non se podería dicir misa antes de que se celebrase na parroquial de Santo Estevo de Noalla: unha coitelada para prexudicar aos do Grove, pero cura e rexedores grovenses, espelidos, presentaron recurso contra esa trapallada de Santiago, denunciando que *“el dicho Don Juan Antonio*



de Trelles ganó sin conocimiento de causa auto del Reberendo en Cristo Padre arçobispo de Santiago para que no sse dijese missa los días festivos en dicha ermida antes que se diga la conventual en la felegresía de Noalla”. E fóronse para A Coruña, a seguir en loita diante da xurisdición del El-Rei contra calquera inxerencia no *“grande y celebrado santuario de Nuestra Señora de La Lanzada donde muchos romeros naturales, extranxeros y deboctos acuden vessitando su ssantuario a pedir a Dios por medio de Santísima Madre alivio en sus necesidades”*.

Pantaleón Benavides defendeu o santuario do asedio dos noalleses e foi capaz de mantelo dentro da súa freguesía. J. Caamaño Bournacell en *“El Grove, su historia”*, editada polo Concello do Grove en 1969, recolleu unha composición de 106 versos con pouca poesía, escrita por este crego no Libro de Fábrica da ermida mentres se tramitaban estes preitos, cunha octava real que di así: *“Con tal Perla habéis enriquecido/ al Grobe; y como para su defensa/ tomasteis del un estrecho sitio,/ la último de su circunferencia./ Junto a una torre que el César previno/ para memoria de tan alta Reina,/ que despide de sí hermosos rayos,/ con que hace Abriles y produce Mayos”*. A xustiza de El-Rei admitiu a defensa e ordenou á xustiza eclesiástica absterse de calquera prohibición no Santuario da Lanzada. Intentaron notificarlle a decisión tres veces ao cura de Noalla: o catorce, quince e dezaseis de xuño de 1694. Mandáronlle un notario que se achegou á Casa da Porta do Conde, nas Quintáns, e deixou a seguinte constancia: *“para hacer saber la real provisión al licenciado Don Juan Antonio Trelles, cura y retor propio desta dicha felegresía y habiendo hecho preguntta por él a la puertta de ssu cassa a un moço que dijo ser su criado y no quiso decir su nonbre, dijo que dicho su amo se allaba dormiendo y que no daba entrada a nayde, al qual le ssignifiqué el efecto de dicha Real Provisión y para que buscaba a dicho Don Juan Antonio para que se lo dijese”*. Como debía estar canso de tanto misar, o Notario respectoulle o sono e volveu ao día seguinte: *“fuy a la puerta de su cassa y abiendo hecho preguntta por él a una muger que dijo ser su criada y llamarse María Radio, dijo que hera ydo fuera de*

cassa a ber al cura de Bueu y que no sabía quando bendría". Insistiu unha terceira xornada: *"fuy a la puerta de la cassa en que vive Don Juan Antonio Trelles y abiendo echo por él preguntta a unas mugeres que estaban espabilando un poco de lino que no sé sus nombres ni ellas lo an dicho, Dijeron que dicho Don Juan Antonio era ydo a ber el cura do Bueu"*. Non houbo maneira; pero, polo de agora, o santuario seguía no Grove.

Esa situación seguiu inamovida ata principios do século XIX. Nesas datas, Agustín Rial, capelán da ermida nomeado polo Grove, seguía presentando contas puntualmente ao cura Francisco Varela Carvajo e ao Rexemento do Grove. Os balances eran detallados con descrición de ingresos e gastos e, de tempo en tempo, cun inventario: cálices, relicarios, un rosario, unha coroa, campaiñas e arañas -todo en prata-, copóns, vestiario sacro, tapices, cortinas de seda; chama a atención que só existisen tres bancos e sen embargo houbo oito confesionarios, quizá pola afluencia de romeiros. Pódense cotexar nos Libros de Contas do Santuario da Lanzada, no Arquivo Diocesano. Agustín Rial faleceu no 1806 e, vacante a capelanía, o cura do Grove ofreceulla a un presbítero local, de familia podente con casa no Corgo: Jacobo Francisco Aguiño Prol. Este resistíase a aceptala dicindo que *"distaba desta villa más de una legua"*; pero o párroco reiterou a petición e conseguiu que aceptase coa condición de exercer de xeito interino e para *"evitar desde ahora el que no se inutilicen y deterioren los edificios de la Virgen con lo más perteneciente a ella y que la deboción de los fieles igualmente no baya en decadencia"*. Eran tempos convulsos. Perdíase Ultramar, Guerra da Independencia e Fernando VII derogaba a Constitución de 1812 para impoñer un réxime anacrónico. Entre tanto, no 1801 chegara como arcebispo a Santiago o navarro Rafael de Múzquiz e Aldunate (1714-1821), o último señor de Santiago, que encabezou unha Xunta para rebelarse contra os franceses en 1808 e actuou permanentemente a favor do absolutismo. Nas contas anuais da Lanzada que presentaba o presbítero entre 1807 e 1817, vese que ían diminuíndo os ingresos.

Nesa situación, o Alcalde e Rexemento do Grove en 1818 acordaron ceder o santuario da Virxe da Area da Lanzada ao Conde de Torremúzquiz -irmán do arcebispo, cun fillo casado en Betanzos coa señora de Bentraces e foreiro na zona-. Na escritura de cesión de 4 de febreiro de 1818¹, nárranse infinitas casualidades e, por iso, as causas reais desa estraña transmisión continuarán a ser un misterio, non lonxe do exercicio do poder.

Os feitos descritos nese documento notarial son os seguintes: en xaneiro de 1818 en Madrid, o conde Luis Antonio de Múzquiz e Aldunate nomeou apoderado -disque pola confianza que lle tiña- a un persoeiro central nesta historia, José Benito Gayoso, abade de San Martín de Salcedo, quen pronto formaría parte da curia arcebispal, pero que, casualidade, antes fora cura de Noalla. Neses momentos Jacobo Francisco Aguiño Prol, capelán da ermida, continuaba sendo reticente a exercer tal prebenda dicindo que lle quedaba lonxe da súa casa do Corgo e non cumpría decotío os deberes que lle correspondían. Ese abandono provocou que aparecese un *okupa*, ao que había que botar fóra porque non o nomearan nin o goberno nin o cura do Grove.

Nesa situación, o 3 de febreiro de 1818 as campás do Grove tocaron a rebato para convocar á veciñanza a unha xunta. A proposta dos Rexedores aos considerados veciños foi que tiñan que elixir entre poñer cartos para litigar contra o *okupa*, que non existía maneira de botalo polas boas, ou ceder o santuario e tódolos seus dereitos e pertenzas aos Rexedores para que eles atopasen quen garantise a tranquilidade no lugar; porque, ademais, o Alcalde queixábase de que nas romarías producíanse altercados e resultáballe difícil manter orde e administrar xustiza. Un dos veciños, Juan Manuel Otero, ofreceuse a asumir os custes do preito contra o *"capellán intruso que se apoderara de territorios e propiedades"*, pero, casualmente, antes de que rematase a asemblea, retirou a proposta; así que a decisión foi cederen todos os dereitos e o exercicio xurisdiccional no santuario ao Rexemento formado por Manuel de Castro, alcalde e Xustiza Maior, Juan Fernández, rexedor primeiro, Manuel Iglesias, rexedor segundo e Antonio Vidal, Procurador Síndico Xeral. E, casualidade das casualidades, estes homes dixeron que non se lle ocorría mellor idea que pedirlle consello ao citado José Benito Gayoso, *"como persona muy recomendable por su probidad y conocimientos"*. E, claro, este abade, que andaba por alí por casualidade, *"correspondiendo a la confianza que merece a los señores otorgantes y conformándose con sus deseos les propuso por tal patrono"*.



O escudo que figura no retablo da Lanzada pode ser o blasón dos Torremúzquiz

¹ Aunios (As. Cultural PineirÓns) dispón dunha copia dixital desta escritura notarial para quen queira estudala.

al ilustrísimo señor don Luis de Múzquiz y Aldunate conde de Torremúzquiz”, de quen, casualidade, era apoderado. Xa ao día seguinte, 4 de febreiro de 1818, firmaron ante notario a escritura de cesión na que o compromiso máis sobranceiro do abade foi que ratificaría o debido agradecemento ao señor Conde, coa seguridade de que el disporía o máis axeitado para o ben espiritual e temporal do santuario. Neste documento tamén compareceu o vello párroco de san Martín do Grove, como persoa “*literata e celosa*” quen, casualmente, aproveitou para renunciar por escrito a calquera dereito. Remata este contrato, casualmente, co xuramento dos outorgantes de que “*no ha intervenido limosna ni otro pacto ilícito y reprobado por derecho ni otro género de violencia material ni formal y sí la han hecho de su libre y espontanea voluntad por los motivos dichos*”.

O 2 de marzo de 1818 o párroco do Grove e o capelán interino danse por sabedores de tal mercé ao conde de Torremúzquiz e, ademais, de que o arcebispo encargaba do culto ao cura de Noalla. Fixeron constar a súa protesta por tal regalo servil e decidiron entregar as alfaias e demais bens rendendo contas por derradeira vez. E na parroquia de San Estevo, o 6 de abril de 1818 entregaron as chaves “*por cesión hecha por el Ayuntamiento de la villa del Grove a quien correspondía anteriormente la provistación de capellán, a favor del Excmo e Ilmo. Sr. Conde de Torre Múzquiz.*” Dous anos máis tarde o conde entregará as xoias recibidas ao cura de Noalla. E así foi a ata agora oculta felonía da perda do santuario da Virxe da Area. Por certo, non consta que ningún conde de Torremúzquiz, devolvese aínda o illote.

O raro retablo deste santuario, restaurado no ano 2020, polas características da súa feitura é barroco, aínda que non hai certeza de cando foi tallado. Iván Rega Castro, profesor universitario, unha autoridade en retablística, indica na súa tese doutoral, con dúbidas, que podería ser de despois de 1715. Neste retablo, policromado, inseriuse



No retablo, a figura de San Martiño, patrón do Grove, permanece na Lanzada

en ambos extremos superiores un mesmo escudo, acuartelado, e no que aparecen sobre un rechamante azul, -azur- dous lobos catro veces. Noutras dúas cuartelas, distínguense unha torre cun león rampante e nas que faltan parece unha banda de cabaleiro rodeada dunha cadea. Os campos en azul con dous lobos sobrepostos, poderían ser do brasón de Luis Antonio Múzquiz e Aldunate que, foi a quen o Rexemento do Grove lle cedeu graciosamente, pode que por imposición, en 1818 o santuario da Lanzada e todas as facultades das que eran titulares, incluso propiedade e xurisdición, pretendendo o remate de continuos preitos desde facía séculos. Sen embargo, se a datación que suxire, sen precisión, o profesor Rega Castro para despois de 1715 se refire á totalidade do retablo, non parece que eses lobos sobre azul, nin as outras armas, se debesen atribuír ao conde de Torremúzquiz, que apareceu por Galicia da man de seu irmán o arcebispo Rafael Múzquiz sobre un século despois e recibiu a ermida en 1818. Pero se nos fixamos ben onde están os escudos, vemos que son dúas pezas de madeira separadas do conxunto, así que, perfectamente, puideron ser mandadas colocar polo propio conde sobre o retablo preexistente -ou este é tardío ou trasladado- cando o Rexemento do Grove lle cedeu a ermida.

A verdade: bótase de menos un estudo artístico sobre o retablo para a súa datación exacta e un ditame heráldico sobre o escudo de armas, para saber de cando e de quen son. Pero do que non hai dúbida é do significado da figura ecuestre que aparece enriba da casa da santa: é san Martiño de Tours, espada en alto, partindo a súa capa para compartila cun mendigo. E por que está aí esa imaxe?. Simplemente porque é o patrón do Grove, a onde pertenceu o santuario da Lanzada ata o século XIX. E por iso aí segue San Martiño, testemuño de tódolos cambios, nunha montura branca mirando e cabalgando en dirección á súa vella parroquia.

RELACIÓN DOS BUQUES QUE TRANSPORTARON AOS GALEGOS QUE O ESCRAVISTA URBANO FEIJOÓ SOTOMAIOR INTRODUCIU NA ILLA DE CUBA

Por: Jesús E. Ferrer Jaureguizar

En 1853 o Deputado a Cortes, Urbano Feijó Sotomayor, na imaxe inferior, natural de Viana do Bolo na provincia de Ourense, logra do *Capitán General de Cuba*, Juan Manuel Gonzáles de la Pezuela y Ceballos, do que desde 1844 depende a *Junta de Fomento, Agricultura y Comercio* –que é a redactora de contratos cos traballadores brancos, que queren introducir na Illa de Cuba para contrarrestar o aumento do número de poboadores de cor (Naranjo, 1999)- a legalización dunha sociedade denominada *Compañía Patriótica Mercantil de Inmigración* ou, segundo outros autores, *Empresa de Inmigración de Trabajadores Españoles*, que no era nin máis nin menos que unha tapadeira para escravizar traballadores neste caso galegos, no ferrocarril, enxeños e plantacións da Illa de Cuba.

A todo isto, o tal Feijó, non era o dono, soamente era o administrador de cinco enxeños, tres cafetais e varias facendas da familia da súa cuñada os Lapaza Martiatu (Vázquez de Gey, 2014).

Ao cabo duns meses tras a súa chegada e ante o incumprimento dos contratos por parte de Urbano Feijó, xurde o primeiro conflito dos 236 colonos galegos destinados ao ferrocarril de Trinidad, que se negan a obedecer ao Urbano Feijó por obrígalos a traballar durante os tres meses de aclimatación sen cobrar. Como as condicións eran nefastas, ademais de insalubres, seguen producíndose motíns en Batabanó, Cienfuegos e Cárdenas, nese último na plantación *El Cafetal* que administraba o Urbano Feijó. Para acabar con esa insurxencia, o *Capitán General* ordena pasar a coitelo a todos aqueles que non volvan ao traballo e máis tarde o seu ingreso en prisión a todos os demáis. Cando a noticia chega á península e é publicada en periódicos como *El Clamor Público* o *Soberanía Nacional*, salta a polémica e en xuño de 1855 unha Comisión das Cortes ditamina a favor dos traballadores galegos dándolles a liberdade de continuar ou rescindir os contratos (Naranjo, 1999). Con este ditame a *Junta de Fomento* inicia o trámite de empezar a pagar os contratos iniciais aos superviventes, a maioría dos cales optaron por quedarse a vivir na illa con salarios catro veces superiores aos ofrecidos no contrato do tal Feijó.



Sen embargo, Urbano Feijó xa cobrara a subvención da *Junta de Fomento* que ascende a 140.000 pesos (2.800.000 reais de vellón, unha fortuna na época) e desaparece de Cuba. Reaparece en Ourense no mesmo ano de 1854 e en Outubro do mesmo ano obtén a acta de deputado a Cortes (Salgado, 2015); nesas cortes ten que escoitar varias diatribas e improprios na súa contra, e anos máis tarde volve a ser elixido por Verín (1872) e máis adiantes por Matanzas (1881).

Grazas ás investigacións reflectidas no libro “Veleros en el tráfico marítimo con Cuba”, do escritor D. Lino J. Pazos (2016), á súa vez tomadas do traballo de Ricardo Lago Couce, podemos iniciar un pequeno traballo sobre os buques que interveñen no transporte de persoas galegas cara a Cuba, mediante convenio coa empresa Abella, Braña y C^a, que á par de consignatarios na Coruña posuían tamén estaleiro propio en Ferrol e que, supoñemos involuntariamente, interveñen tamén no que terminaría en gran fiasco, estafa e traxedia; e que fretan ademais de buques propios, outros de Coruña e Vigo.

Na “*Historia y Descripción de la Ciudad y Departamento del Ferrol*”, consta que hai un arsenal (por estaleiro), chamado do Reverbero, na mesma ribeira da Graña e contiguo aos almacéns de víveres da Mariña, cuxa construción iniciouse no ano 1846 pola casa *Abella, Braña y Compañía*. Despois de facer unha eloxiosa referencia ás súas instalacións, cita as embarcacións construídas alí: Dúas fragatas para correos de Ultramar, o bergantín *Juanita*, o bergantín goleta *Rosita*, a fragata *Braña*, a fragata *Abella*, os bergantíns goleta *Matilde*, *Joven César* e *Segundo Eugenio*, a fragata *Villa de Neda*, a fragata *Paloma de Cantabria* e a polacra *María*; ademais de carenar varios buques de distintas clases e portes. Resaltamos en negriña os buques construídos neste estaleiro que interveñen no traslado dos enganados traballadores galegos.

Debemos resaltar que, durante a travesía, deberían estar atendidos por un médico-cirurxían e un sacerdote, xa que dende a publicación da Real Orde de 17 de xuño de 1846, era obrigatorio nos cascos de tripulacións superiores a 40 homes,

cando cheguen a 70 individuos entre tripulación e pasaxeiros e sempre que ademais da tripulación conduzan 70 homes de tropa ou da clase de recrutas. Supoñemos que os traballadores galegos estaban incluídos na clase de pasaxeiros.

Fragata “Villa de Neda”. 1ª Expedición

Este buque chega á Habana, o 22 de abril de 1854, ao mando do **capitán Requejo** (quizais se trate de **D. Juan Requejo**, capitán anos máis tarde da fragata *Coruñesa*), conducindo 314 traballadores, dos que falecen 35 durante o período de aclimatación (Pazos, 2016), chamándose así, usándose tamén eufemisticamente entre os negreiros o termo “refrescar” para referirse ao espazo de tempo no que os amontoaban en barracóns para mellorar o seu aspecto despois da travesía de arredor de catro semanas entre Galicia e Cuba, na que persoas que non sabían o que era o mar se decatarían de forma inmediata coa habitual falta de espazo e algúns pequenos paseos por cuberta en grupos, aínda que seguramente ben alimentados. Aparte dos falecidos, hai 19 desertores, 3 que rescinden contrato y 73 “abandonados” (Lago, 2012).

Segundo o periódico La Época, de Madrid, colocóuselle a quilla o día 1º de xullo de 1852 no Arsenal (estaleiro) dos **Sres. Abella, Braña y Cª**, que debería, segundo este medio, estar lista para navegar en maio de 1853.

O 4 de abril de 1854, el periódico El Mensajero, de Madrid, refire a seguinte noticia: “*Ha llegado al puerto de la Habana, procedente de la Coruña, la fragata Villa de Neda, conduciendo la primera remesa de trabajadores gallegos, pertenecientes a la contrata del señor Don Urbano Feijoó de Sotomayor, compuesta de 315 individuos, todos ellos llegados en el más completo estado de salud, merced al buen régimen observado a bordo del buque que los conducía*”.

Ao non figurar na Lista Oficial de Buques da Armada e Mercantes de 1871, sabemos que desapareceu antes dese ano por despezoamento ou naufragio.

Corbeta “Villa de Gijón”. 2ª Expedición.

Construída por o Sr. Bareño no estaleiro de Gijón, botada no ano 1849 e que previsiblemente intenta realizar a súa primeira viaxe cara a Habana o día 20 de agosto dese mesmo ano, xa que chega á Habana o día 15 de novembro de 1849, segundo o Extracto da Lista de Lloyd desas datas, ao mando do capitán Pando (en realidade **José Fano**), despois de pasar por Puerto Rico onde desembarca 200 recrutas para os corpos que guarecen aquela illa (El Heraldo, 30-11-1849).

O buque realiza a ruta de Gijón cara a Puerto Rico e a Habana con asiduidade durante eses anos ata que realiza a viaxe con colonos chegando o mesmo 22 de abril de 1854, no que transporta 213 homes da contrata de Feijoó, dos cales falecen 42, na chamada “aclimatación” (Pazos, 2016). Ademais entre os traballadores galegos, hai 4 fuxidos, 3 que rescinden o contrato e 15 “separados” (Lago, 2012).

Como no caso anterior, non figura na LOB de 1871, polo que supoñemos que naufraga ou se despeza antes dese data.

Fragata “Nueva Luísa”. 3ª Expedición.


Propiedade de **D. Bruno Herce**, banqueiro (promotor do Banco da Coruña xunto con **Augusto J. De Vila, Gregorio J. Babé e José Agapito de Ugarte**), armador, consignatario e, dende 1854, cónsul de Buenos Aires na Coruña (Vázquez González, 1999). O buque realiza travesías a Cuba con asiduidade e dende 1849, ao menos, baixo o mando do capitán **D. Justo Pastor Fano**.

Este buque, chega á Habana o 24 de abril de 1854, trasladando a 181 traballadores, dos que descoñecemos o número de falecidos durante a chamada aclimatación (Pazos, 2016), aínda que sabemos que 9 rescinden o contrato (Lago, 2012).

Tampouco figura no LOB de 1871, polo que supoñemos que se despeza ou naufraga antes dese ano.

Bergantín “Juanita”. 4ª Expedición.

Propiedade de **D. Victoriano Braña**. Botado á auga no estaleiro de **Abella, Braña y Cª** sitos en La Graña, o 10 de outubro de 1849, na baía de Ferrol. Construído polo Sr. Amado. Capitán, o alferez de fragata graduado, segundo piloto **don Antonio Suárez** – noutros periódicos figura con nomes como Enrique ou Andrés – e noutros periódicos figura como capitán **D. Victoriano Cusi**. Son a súas dimensións: 95 pés e 6 polgadas de eslora, 28 pés e 6 polgadas de manga e 6 polgadas de



puntal. E, segundo *El Heraldo de Madrid*, podemos coñecer algo máis da súa distribución e características: “Además de la cámara principal, en la que tiene dos camaretas con 6 literas para familias y seis camarotes con dos literas cada uno, el Juanita tiene otra hermosa camareta en la toldilla desde la cual se ofrece un lindo golpe de vista por lo libre y desembarazado de la cubierta... la cámara y camaretas están construidas con maderas preciosas... los muebles de toda clase son de lujo... se siguió en su construcción el mejor sistema de la marina real inglesa, y se le preparó para poder montar diez cañones a la Paixhans del calibre 32...”

Todos estes luxos non puideron ser gozados polos 175 colonos que chegan á Habana o 25 de maio de 1854, realizando a travesía na súa bodega, dos cales 34 faleceron na aclimatación (Pazos, 2016). Outros 8 rescinden o contrato e 16 atópanse en “paradoiro descoñecido” (Lago, 2012).

Ao igual que os buques anteriores, non figura na LOB de 1871, polo que se despezou ou naufragou antes dese ano.

Bergantín “Nuevo Feliz”. 5ª Expedición.

Propiedade dos armadores de Vigo, **Curbera Hermanos**. É o seu capitán, durante os anos que nos ocupan **D. José Ramón Curbera** (Pazos, 2016). Figura na LOB de 1871 co Sinal Distintiva de **JBFR**, matrícula de Vigo e 180 toneladas.

Chega á Habana o 2 de xuño de 1854, con 156 tripulantes galegos, dos cales falecen 44 durante a aclimatación (Pazos, 2016), e no ano 1856 hai 16 en ignorado paradoiro (Lago, 2012).

Xa non figura na LOB de 1873, polo que deducimos que naufraga ou é despezado no ano 1871 ou 1872.

Fragata “Nemesia”. 6ª Expedición.

Propiedade de **D. Gregorio J. Babé**, que a despachaba na rúa de Santa Catalina e máis tarde na de Espoz y Mina número 47, da Coruña. Figura nas LOB de 1871, 1873 e 1878 con Sinal Distintiva **HVSK**, matrícula da Coruña e 201 toneladas. Eran os seus capitáns **D. Ramón Senande** en 1852, e **D. Maximino Ferrer** en 1856, o que nos impide saber con certeza cal dos dous participou no transporte dos traballadores galegos cara a Habana.

Ao contrario que os buques citados anteriormente, este si está rexistrado na Axencia de Cualificación de Buques Bureau Veritas dende 1866 ata 1873, o que nos proporciona os seguintes datos: O buque **Nemesia** o seu capitán **L.G. Rendueles**, aparelado de Bricbarca – barca ou corbeta – de 225 toneladas, construído en Bilbao en 1852, con madeiras de castaño e empernado e forrado con metal e cobre en outubro de 1866, ano no que sofre unha grande reparación, porto base en Ribadeo, armador **G.J. Babé** e pasa a última inspección, por parte da *Agencia Bureau Veritas* en Bilbao en 1866.

Arriba á Habana o 29 de xuño de 1854, transportando 217 traballadores galegos dos cales falecen na aclimatación 21 (Pazos, 2016). Xa en 1855 ao facer o reconto pola Junta de Fomento, esta chega á conclusión de que 1 rescindira o contrato e había 18 en paradoiro descoñecido (Lago, 2012).

Fragata “Guía de Vigo”. 7ª Expedición.

A primeira noticia que temos deste buque, que non figura na LOB de 1871, é o periódico *El Bien Público* de Barcelona, do día 5 de abril de 1849. Nesa data despáchase dende Barcelona para a Habana, cargado de viño, augardente e outros efectos, ao mando do capitán **D. Ramón Martínez**. Dito capitán comándao ata, alomenos menos, o mes de setembro de 1852 no que o substitúe o capitán **D. Tomás Salazar** e xa, segundo os periódicos consultados, en abril de 1854 figura como capitán **D. Víctor Escofet**. Por un anuncio do semanal *El Comercio, de Cádiz*, de data 11 de maio de 1850, sabemos que recentemente fora forrada de cobre (como todos os barcos que facían o traxecto ata o Caribe, para protexerse do xilófago *Teredo navalis*). A última noticia que recolleemos da hemeroteca que fai referencia a esta fragata é do día 24 de marzo de 1855, en *El Ancora de Barcelona*, onde se confirma a saída da fragata Guía de Vigo, capitán **Victor Escofet**, para Marín con sal. En Cádiz, porto de moitas das súas escalas e dende onde fai unha saída para Cuba formando parte do transporte de tropas expedicionarias con 8 oficiais e 154 individuos en outubro de 1850, o seu consignatario é **D. Ricardo Laccasaigne**, que puidera ser o seu armador.

Chega á Habana o 28 de xuño de 1854, transportando 190 traballadores galegos, dos cales falecen 12 na aclimatación e 1 rescinde o contrato.

Fragata “Abella”, despois “Isabel”. 8ª Expedición.

Construída no arsenal particular de **Abella, Braña y Compañía**, sito na Graña, en Ferrol. Botouse á auga o 27 de setembro de 1851. Capitán, **Andrés Suárez**. As súas dimensións eran 116 pés de eslora, 30 pés e 8 polgadas de manga, 17 pés e 8 polgadas de puntal e 414 toneladas de 71 pés cúbicos o que, en metros, serían 35’35 de eslora, 11’47 de manga e 7’21 de puntal.

O periódico *La España*, de data 9 de xullo de 1852, proporciónanos moitos datos en canto á ostentividade do buque: *“La construcción en totalidad es perfectamente sólida... el casco está forrado interiormente de castaño hasta lumbres del agua, el resto es de pino superior del Norte por el sistema de diagonales y clavado, empernado y forrado de cobre... en su cubierta se ven un par de bombas de cobre absorbentes e impelentes y un magnífico fogón de hierro de esmerado trabajo... a popa y en lo que técnicamente se dice la toldilla, se ve una cámara con 6 literas para los oficiales y un armario corrido en la estampa que guarda las banderas del buque, las de señales, el telégrafo, los anteojos, libros... la bajada a la cámara, toda ella tiene un pasamanos de columnas de bronce dorado, la lumbrera es de cristales de colores y el techo todo se halla artesonado de oro y blanco... la extensa cámara contiene 30 literas para pasajeros colocados a uno y otro lado del salón, que mide 32 pies de largo, el cual se halla decorado con pilastras de un exquisito gusto que sostiene una triple cornisa de madera esculpida y dorada sobre fondo mate... toda la decoración es de madera de rosa, palisandro, Haití y caoba combinados hábilmente...”* Luxos que, por suposto, non gozarían os colonos da bodega, da que non fan ningunha descrición.

A fragata *Abella*, chega á Habana o 27 de agosto de 1854, conducindo 296 traballadores (Pazos, 2016) dos cales falecen 72, outros 96 pasan a Las Cruces (seguramente ás obras de construción do ferrocarril iniciadas en 1853), 17 rescinden o contrato e 8 están en paradiro descoñecido (Lago, 2012).

Pero como reflicten os periódicos da época, a traxedia comezou antes. Na travesía da Coruña á Habana faleceu un dos colonos, polo que o buque puxo rumbo ao Lazareto de San Simón. As persoas que tiveron a oportunidade de ver aos colonos neses momentos, falan de caras demacradas, pálidas e que reflecían o terror provocado pola situación. O día 10 ás catro e media o médico da fragata presentouse ao alcaide do Lazareto, participándolle que a bordo se atopaban 19 colonos enfermos, dispoñéndose desembarcalos, e xa máis tarde se desembarcan 28 máis, e un cadáver que falecera momentos antes. Na madrugada do 11 faleceu outro e o médico do lazareto subiu a bordo onde atopou en mal estado os noventa e tantos colonos que había no buque que dispuxo desembarcaran inmediatamente. Ata a mañá do 12 faleceran catro de aqueles infelices (Faro de Vigo, 14/05/1854).

Sen embargo, ademais de padecer a desgraza de contraer o cólera, os colonos tiveron que soportar a cólera dos medios:

“En un principio se ha creído que estas muertes tuvieran su origen en excesos de los mismos pasajeros, que perteneciendo a gente menesterosa y necesitada, se aprovechó de la primera ocasión para comer lo que no debían; pero se sabe que llegado el buque al lazareto de San Simón, continuó la mortandad de los pasajeros, notándose que su mayoría pertenecían a gente procedente de la provincia de Pontevedra, y todos padeciendo los síntomas de cólera más fulminante...” (*La España*, Madrid, 28/05/1854. Citando fontes do Ferrol).

O periódico *Faro de Vigo* de 8 de xuño de 1854, di que o 10 de maio entran 28 colonos na lazareto de San Simón e que do día 14, que empeza a declinar o mal, ata o día 21, morren 12 no hospital, que con 2 mortos no buque e outro durante a travesía, fan un total de 15 falecidos. E que por recoñecemento facultativo, dos 105 colonos que foron ao lazareto, 12 foron declarados inútiles para ser transportados a América, quedando no lazareto 8 convalecentes.

Por tanto, ou ben a prensa descoñece si no buque quedaron colonos sen síntomas, aparte os 105 que ingresaron, ou no porto de Vigo embarcaron moitos máis ata completar a cifra de 296 colonos chegados á Habana.

O terrorífico resumo das oitos expedicións, é o seguinte; dos 1742 embarcados, falecen na aclimatación 260, hai 23 desertores, 42 rescinden o contrato (despois de que saltara o escándalo), 88 abandonados e separados (non sabemos moi ben a que se refiren) e hai 58 en paradiro descoñecido no momento da indemnización, que algúns autores os citan como *cimarrones*, é dicir, como escravos fuxidos.



Un buque entrando no porto da Habana.

www.AudioVideoRestauracion.es Digitalización en alta calidad de documentos de audio e video. Telf 638789523



Audio Restauración[®]

Video

DIGITALIZACIÓN ARCHIVOS DE AUDIO & VIDEO

www.AudioVideoRestauracion.es

Edelmiro Trillo 13 Oficina 5B
36600 Vilagarcía de Arousa

Teléf. 638 789 523

Bobinas de magnetófono, cassettes, discos, telecine, cintas de video...

*Viaja, que la vida
es corta y el mundo
enorme*

Viajes para Soñar

Empresa - Vacacional - Producto propio - Grupos

 **vioviajes**

C/ Serafin Avendaño 15, 36201, Vigo
tlf: 986 44 16 78
info@vioviajes.com www.vioviajes.com



CALIDAD TURÍSTICA



RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO



**Nuestro lema:
SERVICIO Y CALIDAD**



DISPONEMOS DE 10 CÓMODAS HABITACIONES DOBLES Y 7 AMPLIAS Y CONFORTABLES HABITACIONES DE MATRIMONIO CON UN DORMITORIO ADICIONAL DE 2 CAMAS, todas exteriores, con baño, TV, parque infantil, aparcamiento propio y a 100 m. de la playa.

Especialidad en PESCADOS y CARNES a la BRASA, MARISCOS frescos y excelente TERNERA GALLEGA

RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO

Ctra. de La Lanzada, Noalla - Sanxenxo - Telf.: 986 74 56 70

Xerfa
mesón - restaurante

Arca, 15 A
Telfs. 986 691 875
606 609 643
PORTONOVO - SANXENXO
(Pontevedra)

www.descubregalicia.com
e-mail: mesonxerfa@hotmail.com

Posición GPS:
latitud: 42° 24' 9" N
longitud: 8° 50' 23" W
altitud: 38m.



Raciones Típicas Gallegas: **Parrillada de Mariscos Especial de la Casa**

COMIDA PARA LLEVAR

AMPLIA CARTA

Tenemos Menú con tres Primeros, tres Segundos, Postre y Café

Tls.: 986 691 875 - 606 609 643

mesón
LAREIRA D' LAREXO

RECOMENDADO EN **tripadvisor**

Alberto M. González
Graña, 7 B - Telf. **986 731 718** - 36980 **O GROVE**
www.lareiradolarexo.com · lareiradolarexo@gmail.com

Rutas al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia

Disfruta con nosotros de la belleza natural de la **Isla de Ons** y las **Islas Cíes**: las rutas a pié, los miradores, las playas de arena blanca y agua transparente, la rica gastronomía isleña...

ONS Servicio de barco desde Sanxenxo y Portonovo en Semana Santa, puente de mayo y verano.


CIES Servicio de barco desde el puerto de Vigo en verano.

También puedes realizar rutas guiadas en catamarán con visión submarina, rutas especiales, eventos... **Precios especiales para grupos y escolares.**

Información y reservas:
T 986 731 343 - info@crucerosriasbaixas.com
Compra tu billete on-line en:
www.crucerosriasbaixas.com

Lembranzas do transporte á Illa de Ons (1ª Parte)

Por: Arturo Sánchez Cidrás



O asentamento dunha comunidade e o illamento da mesma, precisaron canles que deran solucións ás necesidades de comunicación co mundo exterior, non só para manter contactos familiares e unha mínima actividade social e comercial, senón de compromiso como cidadá co seu país¹. A raíz disto é onde se asentaron as bases para que co tempo xurdan os transportes, máis ou menos estables, entre as illas e “terra”².

Ons é unha peza que encaixa perfectamente con estas premisas, polo que trataremos de achegarnos ao que foi o transporte acoutándoo no tempo ao último asentamento e a unión co concello de referencia que é Bueu.

Máis afrontar o estudo do transporte de pasaxeiros á illa de Ons é facelo ao través dun sinuoso e estreito camiño, como cordón umbilical, cicelado pola mesma historia da illa. Polo que para non afondar moito nos por que, como ou cando de cada un dos aconteceres do transporte desa comunidade illán irei completando o puzzle ao través de pezas que, aínda que parezan inconexas, ocupan o seu lugar nese mapa de comunicación.

Este dar saltos no tempo revelaranos o acontecer do transporte, quen e en que se fai, as motivacións que o fixeron necesario en cada situación etc.

Comezamos poñendo a 1ª peza con Joaquina Montenegro Ponte e o seu esposo o marqués de Valadares como donos e señores das illas de Ons e Onza que acudían a esta con embarcación (lancha) propia.

O feito da adscrición da illa de Ons a Sanxenxo (20-11-1937)³ supuxo un contratempo para os donos que tiñan unha dependencia administrativa afastada do seu percorrido máis habitual: Beluso (Bueu)-Ons. Cando Joaquina Montenegro e o seu marido viñan a Ons paraban na casa-salga da súa amiga M^a Rosa Avalor, no Porto de Figueirón-Beluso. Así que non é de estrañar que fose a ela á que lle alugara na illa, dende 1833, unha instalación provisional de salga a modo de galpón, espazo no que construíra unha factoría almacén máis grande. Autorización esta que asinou Joaquina Montenegro ante notario na casa de M^a Rosa Avalor, en Beluso o día 17 de agosto de 1837. Coa instalación da salga de Ons mudouse o acontecer económico e social da xente que alí vivía, e comezouse a mirar máis cara ao mar, ata ese momento algo esquecido.



Illa de Ons. Foto: Afonso Fernández

En canto ao transporte da familia Avalor-Plá de Beluso á illa e traslado de mercadorías, a pesar de ter embarcacións con outros tipos de porte desde os dedicados á navegación de altura ata o máis pequenos á pesca, utilizaban habitualmente un galeón que tiña base en Beluso, pois na illa non había porto de 52 cuartas de quilla e dous paus, e ás veces unha lanchara de 13 remos.

Dende 1851 as instalacións de salga foron alugadas a outros salgadoiros como Vicente Barnet (1851-1862), Gerónimo Galup (1862-1868)⁴, Antonio Córdoba Moar (1868-1870) etc. que utilizaban barcos propios.

Con respecto aos traballos da salga dicir que durante a costeira da sardiña Ons, en palabras do marqués, estaba bastante poboada e os que quedaban no inverno eran poucos e “*están no maior abandono*”. Así podemos ler nunha carta do 22 de xaneiro de 1838 ao arcebispo do monxe bieito exclaustroado Frei Manuel Mos pedindo autorización para trasladarse como cura a Ons “*o que non deixará de ser útil aos mesmos insulares pola súa incomunicabilidade que lles ocasiona o*

1 Ir ás quintas, arranxos de documentacións, venda e merca de produtos etc.

2 Ao continente.

3 Pasaría a adscribirse a Bueu o 20 de novembro de 1844.

4 Era capitán da polacra “Fraternidad”. Morre en 1864 e segue coa salga a súa muller M^a Josefa Alonso Estrada.

mar”⁵. O arcebispo pide o parecer aos párrocos de Noalla e Beluso; este último Eugenio Adrán, entre outras cousas, di: “*Que algúns labradores da parroquia de St^a M^a de Beluso, e outras parroquias pasaron a cultivar nela (illa de Ons) algún que outro permanecerá ali; pero todos os demais se deteñen o tempo que necesitan para cultivar e recoller os seus froitos e logo se veñen aos seus propios fogares; tamén o fan, e o mesmo os que ali se fixaron, todas as veces que lles acomete algunha enfermidade para coidarse e recibir o pasto espiritual dos seus respectivos párrocos e noutras varias ocasións, a cuxo efecto, polo menos os desta parroquia teñen alugado un barco que pasa a dita illa todas as semanas*”.

Na mesma liña relixiosa, o día 2 de outubro de 1847, o Marqués de Valadares comprometeuse ante o arcebispo (para que lle bendicira a igrexa baixo a advocación do Santo da muller, dona da illa) a construír unha capela. E mentres se construía a capela o marqués puña un barco en Ons todos os domingos e festivos para que os veciños puideran ir a Beluso á misa.


Se dende 1836 alúganse terreos na illa, en 1891 o fan coas “*dúas illas, edificios e lancha*” a José Estévez Barreiro e a Salvador Massó Ferrer⁶. No ano 1911 cando o marqués arrenda a illa a Marcial Bernadal, tamén había unha lancha no lote alugado e os aparellos desta gardábanse, e seguiron gardándose, na fábrica. Tanto é así que na cláusula 7^a do aluguer pon: “*son por conta do arrendatario todas as reparacións que necesite a lancha para servizo das illas e seus aparellos*”.

Outra peza a ter en conta son as embarcacións de mantemento do faro que de forma regular comunicaban a illa co continente. No caso de Ons, desde pouco antes de que por vez primeira se acendese a luz do faro, 15-4-1865, precisábase un barco para levar e traer, neste caso ao porto de Marín, persoal (antes torreiros, agora técnicos de sinais marítimas), víveres, pezas de recambio... e, moitas veces, trasladar xente a Marín, axudar na busca de náufragos⁷ etc. Barcos como o ‘Riotesa’, ‘Ramiro Pascual’ etc.


Outra circunstancia para a que se precisa comunicación coa illa vén da necesidade de que o ‘brazo da Lei’ tamén actúa nestes lugares afastados e illados. Neste punto serviríanos de exemplo cando⁸ en novembro de 1878 o secretario municipal Nicolás M^a Seijo, tivo que achegarse á illa para facer unhas dilixencias criminais. Como non había transporte regular tivo que, como era habitual por esas datas, alugar unha embarcación para ir e vir de Ons. Grazas a esta circunstancias sabemos canto custaba este transporte (10,50 ptas) e, neste caso, o nome do patrón da lancha: Cosme Domingo Escáneo.

As viaxes xudiciais dábanse de moi cando en vez, case sempre por mor de causas lutuosas como en xullo de 1883 cando se desprazou o xuíz municipal para investigar a “*morte desgraciada*” do neno, Enrique Novas. Houbo necesidade de fretar dúas viaxes: o bote de José Benito Barros e a lancha “Aurora” de José Cerviño⁹. Tamén dábanse “*embargos temporais*” como o que fixeron 20 de xullo de 1899, co bote e tripulación de Manuel Ferradás Agulla, por orde do cabo-comandante do posto da Garda Civil de Bueu tiveron que levar á Illa a unha parella de gardas¹⁰.

Outra peza dese puzzle podería ser as viaxes relacionadas coa sanidade; e así temos que o 4 de agosto de 1887 acudiron, por orde do Gobernador, os membros da Xunta de sanidade local para redactar un informe sanitario das febres tifoides que padecía un número relevante da poboación da illa. Para desprazarse alugaron o galeón “Canal de Suez” que patroneaba



Arquivo M. de Bueu-Acta 25 de novembro de 1878



Arquivo M. de Bueu-Acta 7 de agosto de 1887

5 Carta ao arcebispo. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)

6 Púxolles a condición de “*Non tallar árbores, non cazar, nin establecer salga que prexudique á do Sr; Villot*” (A. Histórico Provincial de Pontevedra. Escribán Casimiro Gómez)..

7 Por poñer un exemplo, cando a primeiros de xuño de 1899 cos náufragos de ‘Flor de María’

8 Tal como recolle a Acta da sesión municipal do 25 de novembro de 1878. Arquivo M. de Bueu.

9 A lancha tiña una tripulación de 6 mariñeiros. O custo dos dous fretes foi de 37,60 ptas. Acta da sesión municipal do 9 de xullo de 1883 que presidía o alcalde Jaime Bobíbar. Arquivo M. de Bueu.

10 Con posterioridade o concello, ante a reclamación feita por Manuel Ferradás tivo que pagar 6 ptas.

José do Pazo e tiña unha tripulación de 7 mariñeiros, cun custo pola viaxe de 17, 35 ptas¹¹. Nas circunstancias sanitarias que tamén implicaron alugueres de transporte están as distintas causas polas que precisaba acudir un médico, ou cando levaban persoal e material (linfa) para as vacinacións...

Sinalar que case sempre que as autoridades civís ou relixiosas de ámbito supramunicipal achegábanse á illa por calquera circunstancia o facían regularmente en barcos de Obras Públicas ou do Porto. Por poñer un exemplo de cada: O día 28 de abril de 1954 o cardeal Quiroga Palacios foi a Ons a intervir na Santa Misión que alí se estaba a celebrar e o transporte fíxoo no barco de Obras Públicas. E cando en agosto de 1967 o gobernador visitou as obras que o *Instituto de colonización* estaba a realizar na Illa de Ons trasladouse no barco “Rías Baixas” de Obras do Porto.

En canto a relación da escola e o transporte da ría sinalar que directamente non teñen nada en común. Si que podemos dicir que o barco é o medio co que dende 1916 ata 1979 os mestres e mestras achegábanse á escola ou as autoridades acudían desde dar o visto bo ao que sería a primeira casa-escola, 9 de xullo 1915, para o cal saíron de Bueu cara á illa no barco do concelleiro Francisco Garrido¹² unha comisión do Concello acompañados doutras autoridades provinciais, así como para asistir ás ‘Festas da Árbore’ organizadas polos mestres como Cambeiro.

Johan Carballeira, nun artigo pon un punto de poesía mesturado coa admiración do “*mestre nacional de Ons, o noso ben amado e nunca suficientemente visto e admirado Joaquín D. Fernández Cambeiro*”¹³, *alta expresión da raza. O bo mestre, todas as tardes outea dende aquel outeiro a chegada do barco que leva o correo. Estupendo tipo!*”.

Pero non todo era positivo na relación escola-barco, pois quizais demasiadas veces os mestres, ao non vivir na illa de forma permanente, non ían á escola de Ons durante días e semanas por mor dos temporais creando un serio prexuízo o labor educativo¹⁴.

E falando de Correos, inaugurouse o servizo de correos entre Bueu e a Illa de Ons en marzo de 1923 cun balandro de vela co que transportaban persoas, mercadería, carteiría ou correo postal etc. Será a partir da segunda quincena de setembro de 1924 cando o titular do servizo, o médico Manuel Riobó Bustelo, comezara a facelo cun novo balandro chamado “Isla de Ons” que custara 15.000 ptas e estaba provisto de motor de aceite pesado e tiña cabina de pasaxeiros. Por mor das boas condicións do barco as expectativas estaban en conseguir non suspender o servizo no inverno, como era habitual polos temporais. Pequena descrición do “Isla de Ons”:

Era unha embarcación de madeira, cunha eslora de 9 m, puntal de 5,02 e manga de 2,35. Á tonelaxe total era de 7,42 e a neta 5,02. Tiña un motor ‘Colo-Diesel’ de dous cilindros e 14 HP de forza; de catro tempos e desenvolvía unha velocidade de 8,5 millas/h. Construído en 1924 polo carpinteiro Rogelio Patiño, con porto en Vilagarcía. Mandárao facer Dídido Riobó Bustelo, polo que pagou 300 ptas.

Coa creación o 24 de xullo de 1930 por parte da familia Riobó da Sociedade Mercantil *Illa de Ons S.L.* as cousas foron cambiando xa que se intentou un esforzo inversor con plantacións de árbores, arranxo de vivendas dos colonos, merca de embarcacións, como a traíña con motor de gasolina “*Isla de Ons 2*” (6.000 ptas) etc.



Tripulación no barco “Isla de Ons coa familia Riobó (Dídido, Sofía, xeneral Somoza con esposa e fillas) e familia Omil

¹¹ Acta da sesión municipal do 7 de agosto de 1887. Arquivo M. de Bueu. O 30 de setembro volveron a ir no mesmo barco fretado por Gaspar Massó, pero con un custo de 19 ptas (Acta da sesión do 4 de setembro de 1887).

¹² Outros concelleiros ademais do mencionados eran: Camilo Davila, José López, Manuel Reboiras, Manuel Lafuente, Manuel e Ramón Martínez, Antonio Amoedo e Benito Fazanes

¹³ Viña a Bueu para dar charlas, participar na elaboración do censo, traer un orfeón de 30 rapaces para actuar en “terra” etc.

¹⁴ Dicir que houbo mestres e mestras que fixeron de Ons a súa casa mentres a tiveron como destino: José Juan Piñón Mouriño (1917-1924), José González González (1924-1927), Joaquín Fernández Cambeiro (1927-1933), Elías Regueira Alonso (1937-1939), Estrella Silva González (1945-1950), M^a Victoria Guimaré Tettamancy (1951-1955), Dolores Sabaris Abal (1960-1974), Julio Santos Pena, Santos Pereira...

A pesar de todo, ás veces ían a vela noutras embarcacións da Sociedade, como o 12 de xullo de 1932 cando o Grupo Ultreya comandado por Fernando de las Casas saíu de Bueu para pasar un días en Ons e, como había vento de proa, fixérono a motor remolcando ao balandro que levaba o correo a Ons.

No ano 1938, morto xa Dídio Riobó, os herdeiros venderon o “Isla de Ons” por 5.000 ptas á compañía J. Ribas, domiciliada en Vigo, onde lle cambiaron o nome polo de Juan Ignacio¹⁵. Neste mesmo ano ás xentes de Ons lles apareceron, por parte de organizacións políticas, ‘solucións’ aos seus problemas algúns dos cales pasaban por ser “*necesario establecer comunicación regular con Bueu, porto o máis próximo da costa, que debe correr a conta do Estado ou da Deputación, como un servizo público, independente da utilidade que poida producir*”¹⁶,

Non pasou moito tempo cando o transporte e correo a Ons pasou a mans de Manuel Ríos Rosas¹⁷ e Agustín Pérez González. Manuel e Agustín eran cuñados¹⁸ e repartíronse as funcións segundo as titulacións respectivas. Manuel como tiña o título de patrón para a pesca dende Cabo Silleiro ata Fisterra, despachaba o barco como patrón; fixoo dende que se inicia a documentación do Despacho do barco para o transporte Bueu-Ons, o 22 de xullo de 1938 ata o 8 de novembro de 1942¹⁹. Agustín tiña titulación de 2º mecánico naval polo que exercía de motorista do barco.

O barco, cunha dotación de dúas persoas: patrón e motorista, no primeiro Despacho do barco dese 22 de xullo²⁰ é autorizado “*Para o tráfico na ría e Illa de Ons, por un mes. Debiamos requisar a cada saída ao mar (de porto)*”. A autorización solicítase mensualmente na Capitanía de Porto de Bueu. “*Non pode transportar máis de 19 persoas²¹ a Ons e viceversa debidamente autorizado e con subxección ao estado do mar*”.

A partires do 3 de outubro de 1940, a pesar de seguir como patrón a Manuel Ríos, xa temos figurando como único propietario a Agustín Pérez González²² e a partires do 6 de maio de 1942 entra a traballar coma mariñeiro o fillo de Agustín, tamén “Tinso” ou Agustín Pérez Ríos.

A póliza de seguro coa que estaban cubertos os pasaxeiros e embarcación databa do 18 de setembro²³ de 1938 é na compañía “*La Vasco-Navarra*”.


A parte das persoas tamén transportaban animais: galiñas, porcós, lanar e vacún (normalmente en aparcería). O que se desprende do Despacho é que as cabezas de gando eran deixadas normalmente en Portonovo²⁴ e despois continuaba cos

Notas sobre Patrones, Motoristas y Tripulantes

Nombre del individuo	Trozo para el que le autoriza el Título permiso para manejar el motor u observaciones a que se refiere la nota del Despacho o Dotación	Firma y sello de la Oficina de Marina Civil
Manuel Ríos Rosas	Patrón de pesca de Silleiro a Fisterra	[Sello]
Agustín Pérez Rosal	Es 2º Mecánico Naval	[Sello]

SALIDAS

Despachado para el puerto de (2)	Día	Mes	Año	Carga (1)	NUMERO DE			OBSERVACIONES FIRMA Y SELLO
					Dotación	Pasajeros	Emigrantes	
Para el tráfico en la ría e Illa de Ons, por un mes. Debiamos requisar a cada saída ao mar (de porto)	22	Julio	1938	5/6	2	5	Para este puerto De tránsito Emigrantes	[Sello]



Agustín Pérez González. Cedida por Francisco Álvarez

¹⁵ Estivo ao servizo da Cía ata o 9 de xullo de 1957 que foi despezado. Con anterioridade, 1941, no porto da Poboia do Caramiñal lle fora desmontado o motor.

¹⁶ El pueblo gallego do 1938 xullo 5 pág.8

¹⁷ Manuel Ríos Rosas, estaba casado con Amalia Pérez López, era moi coñecido no mundo da política local. Nas eleccións do Grupo Galeguista de Bueu foi elixido vogal de dito grupo, o 8 de xaneiro de 1933, sendo presidente do mesmo Agustín García Parada.

¹⁸ Agustín estaba casado con Erundina Ríos Rosas, irmá de Manuel.

¹⁹ Coa excepción do 20-24 de marzo de 1939 que o substituíu como patrón José González Pousa.


²⁰ Aínda que o barco é de 1934. Por esas datas fóralle recoñecido o material náutico en Marín (20 de maio de 1934).

²¹ Aínda que ás veces, poucas, pasábase o aforo. Como exemplo témolo polas festas de Sanxenxo, o 2 de setembro de 1939, que saíu dese porto con destino a Ons levando a 30 pasaxeiros.

²² A pesar de que a Agustín Pérez González sitúase como veciño da Praia de Beluso onde o circundado da súa casa linda co camiño da Peliqueira, hai constancia da súa veciñanza na Illa de Ons como cando a Fiscalía Provincial de Tasas lle impón unha sanción que recolle El Pueblo Gallego do 17 de marzo de 1942 na pág.6: “*A Agustín Pérez González, veciño da Illa de Ons (Bueu) por transporte, tenencia e venda ilegal de artigos de primeira necesidade, 1.500 pesetas de multa, perda da mercadería intervida e peche do seu establecemento por tres meses*”. Como curiosidade e descoñecendo as causas, que puidera ser ou non por algo similar ao anteriormente citado, no verán de 1939, concretamente do 26 de xuño ao 5 de agosto dese mesmo ano non se despachou oficialmente barco de pasaxe a Ons.

²³ Case dous meses despois de comezar o transporte. Logo do primeiro ano, a renovación do mesmo facíanse semestralmente. A última póliza contratada sería renovada o 18 de marzo de 1942.

²⁴ Quizais polos riscos que tiña o transporte a maior distancia, como era Bueu.



Gráfica a partir dos Despachos do barco de Manuel Ríos Rosas e Agustín Pérez González

pasaxeiros para Bueu, aínda que algunha vez, as menos, ían con algunha para Bueu ou deste porto para Ons. En Bueu subían polas mesmas escalas que utilizaba a xente no peirao pequeno (onde se encheu posteriormente para facer a “Casa do Mar”) pero ás veces baixábanos na praia da Banda do Río, onde os tiraban ao mar e viña nadando á praia. Tamén dáse a circunstancia que as veces partía de Bueu con pasaxeiros e pasaba por Portonovo a recoller gando para Ons, como o 15 de agosto de 1939 que levaba 5 pasaxeiros para Ons e parou en Portonovo a recoller unha ovella.

Se temos en conta coma referencia as 94 viaxes (ida e volta) que ao longo dese segundo semestre de 1938 realizou o transporte a Ons veremos que o número total de pasaxeiros trasladados en ambos sentidos superaron os 1.185 pasaxeiros. Cantidade relevante e que se queda curta por carecer da certeza dos pasaxeiros transportados en pouco máis dunha ducia de viaxes, polo que non están contabilizados.

Aínda que se facía constar nos Despachos do barco, non contabilizaban coma pasaxeiros o médico (Ignacio Lis), os enfermos (sobre todo se eran nenos) e os autorizados (garda civil, falanxistas ou persoal que ía ou viña de substituír no destacamento de Ons).

Agustín Pérez González continuará co transporte bastantes anos máis, algúns dos cales compartindo espazo con outras compañías. O barco utilizado tiña o nome de “Costero” e fora construído na carpintería do Santo (Ardán-Marín).

Durante algunhas épocas a parte de transportista, asentador en lonxa (xa que mercaba polbos, calamares, peixes... aos insulares) tamén pedía permiso, de poucos días de duración, para dedicarse á pesca.

Agustín acabaría vendendo a súa parte a un dos competidores, Francisco Ferradás Otero ‘Pancho’.

En canto aos horarios do transporte de ría eran axustables a diversas circunstancias como a carga, o tempo, etc. Por poñer un horario, no verán de 1948 era:

Servizo de barco a Ons: Saída de Bueu ás 10 h. Regreso de Ons: 17 h.

Xoves e domingos con Sanxenxo-Bueu: Saída de Sanxenxo ás 8:30 h. Regreso ás 13:30 h.



O Sr. Poch na illa da Toxa¹

Por: Lino J. Pazos Pérez



Francisco Poch i Giró², industrial da salga, veciño de Portonovo, aínda que de clara procedencia catalana, manexaba con soltura os seus negocios no primeiro terzo do século XIX, mantendo sociedade ou compromisos mercantís con xentes tan coñecidas no sector do fomento da pesca como Manuel Goday, con intereses fabrís na salga, e posteriormente na conserva, en Vilanova de Arousa, illa de Arousa e O Grove, ou Miguel Jover i Roura, con negocios do mesmo ramo en Arousa, Bueu e Portonovo, que a súa vez mantiña relacións comerciais cos Goday, pechando o círculo.


En 1840, asociado con Cristóbal Hernández, párroco de San Mauro de Arra, adquire unha finca de 34 ferrados de monte, que linda coa praia de Arra coñecida como de Paxariñas, acordando máis tarde dividila, coa condición de que o Poch instalara na súa parcela unha fábrica de salga; de non ser así, o cura quedaríase coa totalidade da propiedade³.

Os negocios íanlle vento en popa ao Sr. Poch cando decide casar⁴ con Antonia Jover Curtz, filla de Pablo Jover e Francisca Curtz, entretecendo a madeixa familiar que algúns autores chegan a considerar case como endogámica, e que levaría á colonia catalana a afianzarse no sector das inversións industriais.

A familia Jover, como xa dixemos, dedicábase tamén ao antigo arte da salgadura, aínda que mantendo ao tempo algún que outro barco, como o que en 1857 adquiriron en Noia ao patrón Gabriel Ribeiro, “de 36 cuartas de quilla, 40 de eslora y 13 de manga, capaz de cargar 50 quintales”, nomeado *San Gabriel*, que dedicarían á pesca.

Francisco Poch tamén posuía, ao menos, un galeón⁵, o *Monarca*, que vende en 1851 a Manuel Aboal⁶, do arrabalde da Moureira de Pontevedra, adquirindo outro do mesmo aparello denominado *Carmen*, de 10,84 metros de quilla, 13,34 de eslora, 4,17 de manga e 1,67 de puntal, que alcanzaba as 11 toneladas de porte, matriculado en Vilagarcía o 6 de marzo de 1852⁷.

Cando comezou o interese polas propiedades que se encontraban na illa de Loujo (Louxo, La Toja, A Toxa), Poch moveu ficha, e coñecendo o auxe que os balnearios tiñan na súa terra natal e no norte da península, decidiu adquirir unha porción considerable de terreo, posiblemente coa intención de instalar nela, nun primeiro momento,



Documento custodiado no AHPPo. Salvador de Vilabedra. 3240, f. 7

¹ AHPP. 3240. T. 7, f 80.

² José Poch i Giró, posiblemente irmán de Francisco, tiña na década dos anos 30 do século XIX negocios do ramo da salga en O Freixo, Outes, A Coruña (PAZOS, *Fomentadores de salazón, escabeche y conservas en la ría de Pontevedra 1800-1960*).

³ PAZOS, *Fomentadores...*

⁴ Un dos seus fillos, Francisco Poch i Jover, formaría parte en 1879 da comisión que formou a “*Sociedad Económica de Amigos del País de la Ciudad de Santiago*” co fin de buscar unha solución aos estragos que causaban os delfíns nas redes dos pescadores de sardiña e “evitar los inmensos perjuicios que a la Industria Salazonera...”. A comisión, composta por José Antonio Parga e Sanjurjo, Antonio Llamas, Vicente González Juan Goday e o propio Francisco Poch, “recomendaba la realización de batidas con armas de fuego en detrimento de los métodos tradicionales, aunque no descartaba el uso de grandes redes con las que atrapar las manadas” (Felipe Valdés Hansen. *El problema pesquero con los delfines y su persecución en Galicia*, páx. 348 - 326). Tamén pódese ollar, PAZOS, *Anecdotario do Mar de Arousa. Solicitud para matar a tiros ós golfinos na Ría de Arousa*. Vieiros. O Salnés, 2 febreiro de 2002.

⁵ Posiblemente utilizado para a compra de sardiña a flote.

⁶ A saga dos Aboal (apelido que tamén ostentaba o pirata Benito Soto) localízase por eses anos (metade do século XIX) como propietarios de varios barcos e pequenas fábricas de salga e escabeche

⁷ Staffan Mörling. *Las embarcaciones tradicionales de Galicia*, páx. 226.

unha industria do seu ramo (salga), para logo iniciarse no negocio dos baños, dado o lugar escollido.

A finca, nomeada “*Porca Morta*⁸ o por otro nome... (estaba situada) en el manantial de los baños de aguas minerales, en cuyo goce y aprovechamiento a imitación de sus coherederos, y las personas de quien recíprocamente derivan quieta y pacíficamente se hallan”, era propiedade dun numeroso grupo de persoas, unidas por lazos familiares, que se presentan ante o escribán de San Martín de O Grove o 26 de decembro de 1841.

Ante o notario Salvador de Vilavedra⁹, e xunto a Francisco Poch i Giró, sentábanse os propietarios, “Bernardo Ramos, Matilda, su hermana, con su marido, Teodoro Paadín,, hijos de Manuela Moraña y su marido Domingo Antonio Ramos; Cristina Moraña con su consorte Nicolás Caamiña, hija única y natural de Francisca Moraña, hermana de la Manuela, y en las también únicas legítimas de D^a Josefa de Otero y Manuel Moraña, su marido; Ramón Otero y Manuel, su hermano, hijos de José Antonio Benito, hermano de la D^a Josefa y María Benita Pérez, su consorte, cuyos con D. Domingo Antonio Otero son los únicos hijos que han quedado y subcedieron en la fincabilidad de José de Otero y su mujer Josefa de Otero y Gómez, todos vecinos de esta sobredicha parroquia (San Martín de O Grove) y las mujeres casadas con licencia y expreso consentimiento de sus citados maridos”.

A finca¹⁰ en cuestión, “a juncal y esquilmo en la isla de Loujo”, véndena a Poch, “con todas sus entradas, usos, costumbres y servidumbres, por 480 reales de vellón...” que, unha vez cobrados “repartieron entre sí según les pertenecía”, todo iso, en presenza das testemuñas, Francisco Montenegro, Quirico Llauger e Manuel Vázquez, veciños da parroquia de San Martiño do Grove.

Pero pronto xorden problemas sobre a lexítima propiedade, véndose o Sr. Poch obrigado a nomear a Juan María Caamaño, José María Vidal e Ángel García, procuradores de número do xulgado de Cambados, para que o representen e defendan os seus dereitos sobre a citada propiedade, da que di “tiene por justos y legítimos títulos que conserva”.

Pero pronto xorden problemas sobre a lexítima propiedade, véndose o Sr. Poch obrigado a nomear a Juan María Caamaño, José María Vidal e Ángel García, procuradores de número do xulgado de Cambados, para que o representen e defendan os seus dereitos sobre a citada propiedade, da que di “tiene por justos y legítimos títulos que conserva”.

UN REPRESENTANTE DA IGREXA E UN ESCRIBÁN PROCLÁMANSE COPROPIETARIOS DA ILLA

En decembro de 1848, o escribán de Cambados Ambrosio de Seoane, e Francisco Otero, cura párroco de Santa María de Dodro, que se din propietarios da “*Isla de Loujo*”, outorgan todo o seu poder cumprido a “D. Manuel González, Procurador de Causas en este Juzgado” (Cambados) co fin de que os represente, “nombre o se conforme en toda clase de peritos, oiga autos y sentencias... apelando o suplicando a su tiempo de lo que los perjudique... o querellas de fuerza de perturbación de posesión o las contradiga y en particular una pendiente de que tenemos noticia se ha producido a nombre

⁸ “Entre os manuscritos de Lordelo atópase un documento redactado por Francisco Otero Goday no que expón a súa opinión do porque á *Illa da Toxa se lle denominó Louxo*” (*Porca morta: Historia dunha Illa. O Grove 2017 F. F. S. S.*).

Parece ser que o nome de Louxo procede duns peixes planos que se coñecían por ouxos, que desovaban na praia fronte á antiga fonda de La Toja; “que el sitio donde está emplazado el primitivo balneario desde antiguo era conocido con el nombre de <cerrado de porca-morta>, nombre que consta en los documentos de propiedad y que recibió tal denominación de una piedra bañada por el mar que está al sur del cercado y que es conocida entre los marineros con el nombre de <con de porca-morta>, denominación que recibió por que cuando hay media marea la piedra parece un cerdo flotando sobre las aguas” (*Porca morta: Historia dunha Illa. O Grove 2017 F. F. S. S.*).

⁹ Salvador de Vilabedra y Puig (sic).

¹⁰ O 18 de xuño de 1841 iníciase unha larga contenda xurídica entre o concello do Grove e os que alegan ser donos de varias parcelas na Illa, e máis concretamente do punto coñecido como “*Porca Morta*”. En efecto, o por entón alcalde do Grove, José Antonio Blanco con “los más individuos” daquela corporación, de acordo coa Acta do oito de marzo do 41, outorga amplísimo poder ao Procurador de número de Cambados, Antonio Benito Fernández, para que presente denuncia ante o Xulgado de Cambados con intención de “impedir el cierre de los baños de la Isla de Louxo, contigua y perteneciente a la Villa del Grove que estaban haciendo una porción de operarios de orden de Don Francisco Otero, cura de Santa María de Dodro y el escribano Don Ambrosio de Seoane de la villa de Sangeño quienes observando el interés que prometen aquellas aguas minerales descubiertas de poco tiempo a esta parte y que tienen hecho ya varios prodigios, tratan de cerrar el terreno que las ocupa sin que a él tengan el más mínimo derecho” (*Porca morta: Historia dunha Illa. O Grove 2017. F. F. S. S.*).



Tramitado
 Poder otorgado por D. Fran. Poch y Giró
 a Procurador de este Juzgado de Cambados

En la Villa de Cambados a quince días del mes de Abril año de mil ochocientos cuarenta y dos. Ante mí y testigos D. Fran. Poch y Giró vecinos y del Consejo de la Villa de Cambados Dijo D. Juan María Caamaño, D. José María Vidal y D. Ángel García y Cañada Procuradores de número en este Juzgado de primera instancia a cuálquiera de ellos que ha creído necesario para que a nombre del otorgante y representando su persona y acciones como sírvase del expediente que se sigue sobre la propiedad de la Isla de Loujo manifestando el derecho que

Documento custodiado no AHPPo. Domingo Obejero. 3186, f. 32

de D. Ramón Francisco Pineyro, vecino del Carril, contra Francisco de Castro que lo es de la villa del Grove y otros acerca del aprovechamiento de porción de esquilmo en el radio contiguo al establecimiento de Baños y Tomada de la Ría en la Isla de Loujo, de la pertenencia de los que hablan y que como dueños se lo han permitido...¹¹”.

Como testemuñas da sinatura figuran Antonio Cao, de Cambados, Estanislao de Castro, do Grove, e Severo Correa, de Dodro.


HOTEL E NOVO BALNEARIO

O tempo pasa, e en maio de 1901 coñécese pola prensa (*El Eco de Galicia*) que se firmara ante notario a escritura de fundación da *Compañía anónima La Toja*, cun capital social de seis millóns de pesetas, sendo o seu presidente Juan Mesa, e vicepresidente Joaquín Martínez, que levaban como vocais ao Sr. Marqués de Riestra, Bernardo Sagasta, Justo Martínez, Rafael Sáenz, Laureano Salgado e Fernando Rodríguez Porrero, que exercería de xerente da flamante empresa.

Esta sociedade propoñíase “*ejecutar las obras de mejoramiento que puedan realizarse para la temporada próxima, e inmediatamente esperar la de construcción del magnífico hotel y demás obras que habrán de convertir la isla donde existen los maravillosos manantiales en uno de los Balnearios más concurridos de Europa*”.

Habería que esperar ao 26 de febreiro de 1902 para que a *Gaceta de Madrid* publicara a *Real orden* que aprobaba a declaración a instancia de Manuel Botana “*de utilidad pública unas aguas minero-medicinales de su propiedad que emergen en el predio titulado Juncal de Loujo, isla de La Toja, en esa provincia (de Pontevedra) y que hoy hace extensivo D. Eulogio Fonseca*”, si ben recoñecíase que na illa xa existía outra instalación, moito máis modesta que a que proxectaba Fonseca, que podería “*desarrollarse sin perjuicio del que corresponda a los dueños del antiguo balneario de la Toja...*”.

E 122 años despois, A Toxa (La Toja) sigue sendo un referente en canto a balnearios, non soamente en Galicia, senón a nivel nacional, europeo e incluso mundial.



Plano da urbanización da Illa da Toxa (colec. Gallego)

11 AHPPo. Ambrosio de Seoane. 3238, f. 59.

FROIZ



Siempre a su servicio

FISIOTERAPIA · OSTEOPATÍA

SOLPOR

- Especialista en Osteopatía, miofascial por método Pilat, fibrosis diacutánea, fisioterapia oncológica, deportiva, punción seca, vendaje neuro muscular.
- Impartimos clases de Hipopresivos
- Trabajamos en la prevención y tratamiento de lesiones en multitud de patologías: Problemas de espalda, hernias, ciáticas, disfunciones de ATM, problemas digestivos, problemas musculares o articulares en general, rehabilitación de ictus...



Rúa da Praza, 13 / 36980 / O Grove

Telf.: 986733497

Móvil – WhatsApp: 678261741

www.facebook.com/solpor

solporfisioterapia@gmail.com

www.instagram.com/solpor_fisioterapia/?hl=es



TABERNA LAVANDEIRO

Mariscos – Cocina casera
Excelente bodega

Corgo 8

O Grove – Pontevedra

Telf: 986 731 956



RESTAURANTE – ALOXAMENTO

O PIRATA



Bar e Aloxamento O Pirata

Illa de Ons. Reservas: 606447268

Restaurante O Pirata Menduiña

Praia de Menduiña (Cangas): 648698026

Especialidad en:
*Pulpo, marisco, pescado
arroz e caldeiradas.*
**Amplo comedor para
grupos e eventos.**



CASA ZULEMA

Telfs. Bar 986 69 19 91 - Casa 986 69 16 37 - 986 72 30 29
36970 ARRA - PORTONOVO (Pontevedra)



Arra, 8 - 36970 Portonovo (Pontevedra)
Telf. Bar: 986 691 991
Telf. Casa: 986 723 029 - 986 691 617
www.casazulema.com
info@casazulema.com
Situada a 900 m. de la Playa Montalvo



HOTEL GAVIOTA RESTAURANTE

El hotel Gaviota se encuentra en Sanxenxo, en el entorno natural que rodea a la playa de Montalvo, una de las más bellas de la zona, a 200 m. del hotel.
Dispone de habitaciones dobles y exteriores con terraza, cuarto de baño, televisor y calefacción.
Cuenta con piscina, jardín, aparcamiento, cafetería con terraza, salón social con biblioteca, recepción, WI-FI gratis.

Playa de Montalvo, 32 - 36979 SANXENXO (Pontevedra)
T. +34 986 72 39 42 - info@hotelgaviota.es - www.hotelgaviota.es

O BOI E O PAN OU A CAPITALIZACIÓN DO TRABALLO

Por: José Manuel DopazoEntenza

Colaborador externo do Instituto da Lingua Galega
(Universidade de Santiago de Compostela)

... mira, é un carro de toxo!, leva un carro de toxo, non mira[s]?, e esta é a vara de bois, <risas> leva o boi equí, este é o boi, mira, e o carro de toxo...

Coma un neno pequeno, o Señor Fransisco fascinábase por calquera imaxe que o sacase do seu día a día e o reintroducise no mundo da súa infancia. Tiña xa 95 anos, un 3 de xaneiro de 2011. Foi entón que a fotografía dun boi tirando por un carro cargado de toxo o transportou de novo aos elementos máis efémeros do cotián.

... e[s]ta é a vara, que se levaba unha vara, a vara pór bois... e a vara equí leva un pico, chámalle un pico pa pica-lo boi, esí unha punta ghrande... e acá, na punta de riba, sáca[s]lle a cabeza e de[s]pois límala ben, farlle un pouco de punta pa que anden... pa pica-lo boi pa que anden!



Home levando un boi, coa vara na man. Arquivo Mörling

Era traballo de cativas e cativos ir ao monte cogando. O Señor Fransisco naceu no Cucorno o 18 de abril de 1915 e, ante a imaxe dun carro cargado de toxo, a súa mente revolveuse ligando pensamentos, lembranzas, sentimentos... Estábame a transportar até os primeiros anos da década de 1920, cos seus compañeiros de falcatruadas, no monte, cogando. Levábame a unha illa deserta de árbores e ategada de pequenos mamíferos, aves, renxidos de carros e centos de persoas que a pateaban como diminutas formigas no seu labor diario. Para el era a infancia e a adolescencia, para min a porta aberta a un mundo do que descoñecía até a máis usual das palabras.

... o boi é como aghora eu mais tí: fala e ten o seu nome... o boi ten nome e chaman e vén e son a.domésticos, si... e ó labrar.e, ou ó carro van solos... o boi xa cando tiña un par di anos de traballar vai solo... moi domésticos...

O boi era a figura que o ligaba á súa illa. Rexeitaba a maquinaria que veu máis tarde, pois eliminaba todo contacto con eses seres maxestosos que formaban parte da familia. Comían do mesmo millo que botaban e arrendaban xuntos. Durmían baixo o mesmo teito e descansaban ao baldío nas interminábeis mañás da súa nenez. Medraban un a carón do outro.

... unha terra coma a nosa levábanos un mes cun boi porque vai un solo... ten que ir un boi solo porque, ó labrar.e, ten que deixar un sitio pa ir o animal e maila máquina... dábase un regho si e outro non, un regho botába[s]lle millo e outro non, non sabes?, de ter dous.e, levaba[n] millo dous, un non, pa i-la máquina por elí... así é como cavabas...

Despois viñeron as vacas, que foi unha evolución, pois tiraban do arado e daban leite e cría. Con todo, non respondían tan ben como os bois. Carecían do sentido do labor ben feito. Non ían ao rego coa docilidade dos seus parentes bovinos.

... pero nós aghora era unha vaca, no?, e había que chamala... pisábache o millo... e tiña[s] que chamar a vaca pa que non pisara o millo, eu e maila muller.e, pois aghora, ultimamente, tiñamos t[r]inta ferrado[s] de terra... pois or dou[s] solos traballábamos todo!, mi ma, a[r]mabas e xa ibas ti co leghón dehpoi[s] po[r] riba...

As vacas trouxéronse porque corrían máis ca os bois, malia teren menos forza. Así podíanselles enganchar as sementadoras, que eran menos duras que o arado, e reducir o tempo de labor. Un avance na capitalización do traballo agrícola e un retroceso nas relacións sociais e co medio animal. Deste xeito, foron desaparecendo os bois e, con eles, morreu a complicidade entre o animal e o humano.

... claro po[r]que a máquina non che deixa ouvir ben... pero en medio día xa levabas un prado, xa, cavado ca máquina... pois, se non, habías traballar... aghora había sembreras tamén pa sembrar.e... levaba coma un tubo e iba andando e iba soltando o millo, non?, pero nó[s] non-a tiñamos inda... dan mal resultado!,é esí... se fora bo, pero...

Dan mal resultado. Como non o habían dar? Perdíase por completo a conxura co boi. Diluíase cada vez máis o labor común na labranza coas veciñas e veciños. Deixábase de establecer as relacións de amizade e mesmo a colaboración na vida comunitaria para se esfarelaren de todo e romperen os lazos que unían a sociedade nunha soa familia. E nesa sociedade entraban tamén os animais. Os bois. Camaradas no día a día. Esforzábanse cos humanos de maneira case simbiótica para un beneficio común.



Labrando con vacas nas Xabreiras. Arquivo Mörling

... nó[s] tiñamos monte no Sentulo —é unha colleita do tuxo pa unha meda coma on mundo, vinte carro[s] de toxo—, é o que che disía eu, que tiña un carro de toxo pa de[s]pois fase-la labransa... e recollía pa todo: pa labrar, pa sementar, pa arrendar... e a cavar dende marso a alá a maio, san xoán ou santiago, e xa non cullía máis toxo... tiña que culler tudo xunto... fasía unha meda e estraba o[s] quinteiros de toxo... estrábase sempre e as cuabras dos animais tamén pa faserlle a cama e mái[s] pa faser abono pá terra... o de animal é o millor abono que había, tiña moito má[i] r corpo porque sempre fai peso...

A mesma convivencia que se daba cos bois, tamén se levaba a cabo coa terra. O labradío fornecía alimento, o baldío pasto e o monte madeira. O toxo era fundamental na vida da Illa até o último terzo do século XX. O alimento principal era o millo. Empregábase para o sustento de todas as almas da casa, incluídos bois, vacas, porcós, xenas e galiñas. E con el facíase o pan, que era a base da alimentación humana.

... de toxo era a leña pa coser, xa che digho, pa o forno...leña ghrande, a mái[s] ghrande era pa coser no forno, porque tiña que quentar ben o forno pa coserche ben o pan... porque botaba[s] moito pan, botabas trinta e tantos quilos ou corenta no forno e fasíase tres ou catro pans de dúas

paladas, non sabe[s]?, ca pa do forno metías unha e dehhpois metíala enriba doutra, a dúas paladas, van á altura...

O pan supuña un traballo laborioso. Artesanal. Minucioso e reiterativo como as filigranas dos códices medievais. Custoso como o bordado dun mantón de Manila. Unha receita que ía alén da propia receita. Saber herdado, calado, implícito. Feminino, por suposto. A cantidade exacta. A temperatura precisa. O momento idóneo. E os pequenos detalles. Un bolo na porta mentres se preparan as bolas grandes, mentres se deixa baixar a temperatura. A cultura de compartir coas crianzas, cos vellos e coas veciñas...

...de[s]pois bolos á porta, un que lle chaman o chusco, á porta, un dunha palada, sabe[s]?, aquel sacábalo xa... pero de[s]poi[s] sacábalo e tiñamos que tapar ben o forno, prensado con bosta do boi, coma semento, era natural.e!, se non, entráballe o aire... tíñalo que tapar coma se fora un llano dunha casa...

Facíase o pan para os oito días. Nalgunhas casas eran quince. O forno tiña que ser amplo como para non ter que gastar máis leña, sobre todo no inverno, que se precisaba para manter quente a casa. O primeiro era un boliño pequeno, o *chusco*, que se cocía xa na porta mentres se preparaban e se ían introducindo as bolas grandes. Era o caramelo máis gustoso para as pequenas e pequenos da casa. E o forno tapábase coa bosta do boi. De novo o boi artellando a vida diaria. Facendo parte do labor mesmo dentro da casa. Máis un da comunidade.



Interior dun forno no Centulo en 2013. Arquivo Dopazo

...pero mínimo t[r]inta quilos de fariña cosíase sempre... onde hai xente, tiña que ser así... case cosía a vinte quilos ou a des, pero esta casa, a de Melide, de t[r]inta pa riba tranqüilo...

Cocíanse trinta quilos de pan de millo, cun de trigo ou centeo mesturado facendo fermento. O trigo era o que ligaba a masa coma os elos de calquera sociedade madura. E o fermento facía medrar. Unha fermosa metáfora que se escribe soa. E ese trigo, tan importante para a unión da masa, deixouse de producir na Illa porque non saía rendíbel. Externalizouse. Os ollos do Señor Fransisco abáixanse, *verdes como el trigo verde*, que diría Rafael de León. E fano agromar de novo, aquel trigo verde, a través das súas palabras..

... eu acordo ir ao trigho na Illa, pero ahora perdeuse... o senteo si, o senteo botouse sempre, porque era a mistura do pan... dese pan que che digho que se fasía... tiña que botar polo menos un quilo de senteo, non sabes?, un quilo de foriña que se moía alí, á mó, co cadamullo, sabes?, iso era pa meterlle pá levadura po[r]que, se non, o pan non sabía, non ten ligha, de[s]faise, e tiña que levar o fermento que lle chaman, que xa quedaba dunha amasadura pa outra...

O centeo denomínase pan en boa parte da Galiza interior. Foi a mantenza da nosa sociedade durante séculos. Igual que o trigo e o millo na costa. Sabían ben os falanxistas durante Guerra Civil e a ditadura. Por iso, cando a xente desta illa ía buscar millo a Bueu, requisábanlle todo o que mercasen.

... elí vivíase ben, había que traballar, era a vida exclava... pero tamén había quen pasou moita falta, eh... home, daquela tamén houbo miseria alí, porque como non tiñan terra, tiñan que pasar

fame... e houbo un ano que inda se ghanaba[n] cartos e íbase comprar millo e n' o había, que foi cando foi o tema da requisa... e estaban eses carabinieri que non che deixaban pasar.e... porque ibas arriba á aldea e comprabas millo, pero ó topa-lo camión, sacábancho... sacábancho!, e moitos, claro, iban e n' o había e tiñan que pasar fame... aghora, o que tiña pan, era a vida escrava, pero vivíar ben...

Vivíase ben. E non como unha idealización de tempos pasados. O Señor Fransisco sabía de verdade o que era pasalas estreitas. Estivera destinado na fronte de Madrid e na de Zaragoza, baixando o Ebro até a chegada a Barcelona. Viviu da terra e do mar na Illa de Ons, polo que coñecía o que era unha vida escrava. Mirou a morte aos ollos en numerosas ocasións. E aínda así sorríulle sen medo. A solución era a axuda mutua. Dar cando alguén necesita e recibir se non se ten abondo. Traballo comunitario para reducir esforzos e non agardar nada a cambio.

... viviamos acá, na punta do Sentulo en todo, ó norte... e teñen vido, que tiñamos unha mó boa... aí teñen vir moído a corenta quilos de millo, si... cuarenta quilos teñen vido cos sacos ó lombo... ó final, cando había mal tempo, había que moer pa faser unha bola...

Había que moer para comer. O pan como eixo central da vida. O millo e a fariña como columna vertebral da sociedade traballadora. E os muíños manuais, as *mós*, xirando en comunidade, reducindo esforzos, compartindo recursos. Botábase man destes aparellos en última instancia, pois era máis doado moer nun muíño de auga. Ademais o resultado non era o mellor, pois saía a fariña moi gorda, que apenas valía para comer.

... había mós, non sei se sabehh como é unha mó, coma a que ten éser muíño[s]... de[s]poi[s] tiñan un portigho arriba cun cadamullo ou dous cadamullos e un home a tirar dun lado e outro doutro... esí antre dous e ten movido hasta tres na mesma mó... de[s]poir levaba coma unha ancarella que move o po[s]tigho ese... a mó iba empatada eí e andaba asima, rodaba ensima do portigho ese... e tiña pa baixala, porque levaba abaixo unha teca pa baixala e erghela, coma unha palanca, pa cando iba, se cadra, moi viva a fariña, baixába[s]lle... e cando peghaba na pedra, subía... metía[s]lle unha fura por baixo á palanca e subía a mó pa riba...



Casa do Señor Fransisco. 1970ca. Arquivo Fernando Alonso

Compartir é vivir. E o importante é vivir, non sobrevivir. Sobrevivir ten unhas implicaturas demasiado fortes como para que o débil corpo humano as poida soportar prolongadamente. Vivir é ter un manto dondo sobre o que poder caír en caso de necesidade. Facemos parte desa rede de seguridade e é a propia rede a que nos ampara. En como vivir está a chave do éxito como sociedade. Non podemos abandonar os coidados da xente que temos próxima e tampouco dos animais que forman parte desta nosa familia.

... se iba mái[s] ghordo, para comer non valía... onde se moía moito é pós animais... pós animais anque fora trillada era ighual, pero pa comer non, que era moi viva... levaba trinta e tantos quilos a moer pa comer.e... e de[s]poir levaba, se cadra, vinte pós animáleh... comían tanto os animáleh coma nós... e nós tiñamos catro bois... catro!!, á primeira... era unha vida...

Por suposto que era unha vida escrava. Unha existencia dura e de muito traballo. Mais a caso non o é tamén a que temos hoxe? Dedicamos unha cantidade de horas excesiva a un oficio do que non sacamos máis rendemento que o económico. E despois reverter eses cartos, precarios, en mercar cousas que non enchen o baleiro que nos deixa o sedentarismo e a vida apartada da comunidade máis próxima. Esta é unha existencia máis dura, malia estar libre de tanto esforzo físico. O Señor Fransisco tiña claro. Calquera persoa que vivise a época dourada desta illa tamén o ratifica. Antes a xente era como unha familia. A Illa de Ons era toda unha familia. E esa é a clave da vida.

... porque, claro, xente na Illa había moita... na Illa cheghámo[s]lle a ser a catro e a sincosentos... aghora no[n] hai ninkén... a xente morreu e outra marchano moito pás Américas... e casa[s] éramos setenta e tantas ou ochenta casas... contando a escola, ben ochenta habería...

Eu limiteime a ser mero comentador destas poucas palabras recollidas hai máis de dez anos. A idea non é miña. Non é nova tampouco. Cómprenos frear o tempo, ralentízalo e debullar cada momento. Estrullalo coma un acio maduro. E beber do coñecemento herdado. Facelo noso. Levedalo co fermento do saber novo. Avanzar sen pisar nin esquecer o pretérito. Somos porque outra xente foi antes ca nós. Armaron o tramado da sociedade pola que transitamos. Todo a base de reflexión. De proba e erro. Por suposto que non era unha vida doada nin perfecta. Mais foi a que nos trouxo até aquí.

Apaguei a gravadora despois de facer provisión de historias de vida e relatos do cotián. O Señor Fransisco, antes de xantar o cocido que Siña Benedita facía a lume lento na cociña de ferro, aproveitaba para partir leña e arrombar a horta próxima á casa. Eu prestáballe a miña axuda no que necesitase, pois aprendera del que o máis importante era compartir o tempo, o saber e o esforzo. Con todo, rexeitaba esa cooperación, pois dicía que para el non supuña un traballo. Máis ben era a súa maneira de lle dicir á morte que aínda estaba aí. Convertérase nun xeito persoal de afrontar o individualismo presente. Así, legaba o común a esas poucas horas compartidas no sofá do comedor vendo fotografías da súa illa arelada.



O Señor Fransisco e Siña Benedita en 2013. Arquivo Dopazo

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



“AVES DA COSTA” REVISITADA, TRINTA ANOS DESPOIS (I)

Por: Cosme Damián Romay Cousido

Introdución


Este é o primeiro artigo de “autorrecensión” da obra “Aves da Costa”, publicada pola Xunta de Galicia no ano 1995. Unha vez que a súa elaboración comezou en 1994, este ano fanse tres décadas do traballo; neste lapso acadei novos coñecementos sobre ornitoloxía que me permiten botar a vista atrás e detectar tanto inexactitudes como acertos neste libro, que paso a sintetizar nas seguintes páxinas.

Concepción da obra

Cursei os meus estudos primarios (daquela E.X.B.) no colexio de Conmeniño, no Grove. Nesa etapa, afeccioneime de sobremaneira á observación das aves, grazas á influencia do meu mestre José Rodríguez Noia. A bibliografía ornitolóxica da que dispoñía era escasa, e máis aínda a referida a terras galegas. Destacaban, entre elas, a “Guía das aves de Galicia” de X. M. Penas Patiño, C. Pedreira e C. Silvar (REF. 1); así como as obras de X. de Viveiro, E. Fernández de la Cigoña e José Curt (REF. 2 a 8). Os censos de aves acuáticas invernantes impresos pola Xunta éranme útiles xa que aparecían mencións específicas ao Grove, ámbito no que a obra “A enseada Umia-Grove” do Colectivo de Ensinantes do Salnés foi de obrigada consulta. Ante a ausencia dunha guía ilustrada de aves da contorna do Grove, foi tomando forma na miña mente adolescente o proxecto de facer eu mesmo, cos medios dispoñibles, un libro sobre este tema.

Un traballo escolar que foi máis alá

Animado pola miña familia, un 4 de xullo de 1994 elaborei a primeira lámina A4 (con dous debuxos de cadansúa especie de bilurico, con lapis de cor). Coa mente posta en facer real o meu proxecto e presentalo ao profesorado en Conmeniño, dediquei todo aquel verán, e parte do outono e do inverno, a debuxar máis dun cento de especies e a escribir a man os textos. O meu pai Francisco Javier Romay fixo posible a maquetación da obra, fotocopiando os textos tras a lámina correspondente e encadernando o volume. Tituleino “Aves do noso entorno”. Antes de mostrarllo aos mestres do colexio, o concello do Grove anunciou un concurso de traballos para pór en valor a natureza meca, enfocado para estudantes. Aínda que non se axustaba ás bases do concurso, presentei “Aves do noso entorno”, recibindo unha mención especial. Pero non quedaría aí a cousa...



▲ Fig. 1. Capa da obra “Aves da Costa”

Un empurrón desde o Concello

Grazas ao daquela concellal do Concello do Grove Xoán Anxo Caneda, a obra chegou ás mans da Xunta de Galicia. Foi a consellería de Agricultura, Gandería e Montes a que fixo posible, tras un traballo de revisión e remaquetación, publicar a primeira edición impresa do libro en decembro dese 1995, co novo título “Aves da Costa” e dentro da súa Colección Natureza (Fig. 1). Os primeiros meses de 1996 foron movidos: presentacións, entrevistas e visitas a amigos e familiares co libro na man. E, por suposto, volví a Conmeniño, cun exemplar ben merecido para o meu antigo mestre José Rodríguez Noia.

Trinta anos despois

A tiraxe do libro non chegou a mil exemplares, e esgotouse en pouco tempo de librarías. Tres décadas despois aínda se pode conseguir de segunda man, e por suposto en bibliotecas tanto do Grove como doutras localidades. Cando abro o meu libro agora, vexo o resultado desa ilusión adolescente de crear. Así e todo, penso que é bo revisar o xa escrito con ánimo de mellorar.

Códigos empregados na análise

Os puntos fortes da obra (escollas ou contidos acertados, positivos) son designados co símbolo “↑”; os puntos débiles (erróneos ou discutibles, negativos) aparecen co símbolo “↓”; e aqueles neutros ou con dúbidas de se son negativos ou positivos figuran co símbolo “↕”.

Aspecto xeral e estrutura da obra

Aínda que o formato orixinal era algo maior (similar a un A4), a publicación final estruturouse nun volume con tamaño de páxina de 24,0 x 16,8 cm (algo menor que un B5), o que facilita o seu manexo (↑). Isto, unido ás tapas brandas, con lapela, e ao modesto volume de páxinas (171), contribúen a que poida encadrarse dentro das guías de natureza de tamaño medio (↑). Así e todo, é unha guía algo incómoda por tamaño para levar ao campo (referencia a este feito no Limiar), pero ben manexable en gabinete (↕). A publicación é a toda cor, con boa calidade de impresión, cun papel de boa gramaxe (↑). *Aves da Costa* divídese en dez apartados: 1. *Presentación* (páxina 5); 2. *Introdución* (p. 7); 3. *Limiar* (p. 9); 4. *Estructura* (dunha ave; p. 10); 5. *Descricións e debuxos* (pp. 11 a 155); 6. *Achados: aves raras ou excepcionais na avifauna galega* (pp. 157 a 160); 7. *Outras aves presentes* (pp. 161-164); 8. *Comedeiro e nidais* (p. 165); 9: *Bibliografía* (p. 167-169); e 10: *Agradecementos* (p. 171). Trinta anos despois da publicación do libro, realízanse catro críticas a esta estrutura da obra: A) Advírtese a ausencia dun Índice, que podería axudar á consulta (↓); B) O *Limiar* e o apartado 4 (*Estructura*) poderían fusionarse dentro dun capítulo titulado Metodoloxía (↓); C) Os apartados 6 e 7 poderían fusionarse, ou mesmo ser incluídos no corpus principal da obra (dentro do apartado 5) (↓); e D) O apartado 8 debería reformularse nun capítulo máis amplo sobre “Como axudar ás nosas aves” ou similar (↓). Así e todo, para un rapaz de 14 anos, esta concepción do traballo é notablemente madura e a valorar positivamente (↑).

Contido da obra

Realízase unha análise do *corpus* de *Aves da Costa* en dous bloques: un relativo á selección de especies e ilustracións das mesmas, e outro -máis amplo- sobre os textos e cambios na nomenclatura. Nesta entrega de *Aunios* abórdase o primeiro bloque:

▪ **BLOQUE 1: Selección de especies e debuxos**
En *Aves da Costa* realizouse unha selección de 155 especies de aves, compostas por “147 especies de aves visitantes máis ou menos significativas da

localidade, (...) 6 máis escasas (1-3 observacións) e ó final dous achados de aves excepcionais” (Romay, 1995). A selección de especies é en xeral correcta, se ben con algunhas omisións e outras especies perfectamente prescindibles por irrelevantes no contexto xeográfico da obra (↕). Por outra banda, as ilustracións deberían representar con calidade pictórica suficiente a especie na plumaxe ou plumaxes máis frecuentes na zona de estudo, nunha postura natural e habitual, con algún detalle extra útil para a identificación (outras plumaxes, siluetas, aspecto en voo). As ilustracións de niños ou poliños son opcionais, e tórnanse innecesarias para especies non nidificantes. Por norma, asúmese que todas as escollas e ilustracións da obra son correctas e responden ao seguinte código: Escolla: ↑. Calidade: ↑. Postura: ↑. Detalle extra: ↑. Selecciónanse a seguir as especies para as que sexa necesaria algunha corrección, tanto a nivel da conveniencia da súa selección para a obra e/ou sobre as ilustracións que a acompañan. En **grosa** figuran as páxinas do libro con correccións:

- **12 e 13** (inferior): somorgullo pequeno (*Tachybaptus ruficollis* – *Podiceps ruficollis*). Detalle extra: ↕, engadir plumaxe invernal.
- **14 e 15** (superior): pardela furabuchos (*Puffinus puffinus*). Calidade: ↕, rasgos diagnósticos non definidos; técnica mellorable. Detalle extra: ↕, falta debuxo da, daquela, subespecie balear *Puffinus (puffinus) mauretanicus*, habitual no litoral galego, ao mesmo nivel que a ilustración principal. Postura: ↓, semella voar alto: é incorrecto -voa a rentes da auga-. **14 e 15** (inf.): paíño do mal tempo ou da graxa (*Hydrobates pelagicus*). Postura: ↓, non se ve así pousado; mellor debuxalo en grande voando, e engadir debuxo pequeno da ave nadando.
- **16 e 17** (sup.): mascato (*Sula bassana*). Detalle extra: ↓, faltaría ilustración dun xuvenil e dun inmaturo, plumaxes habituais en Galicia, idealmente en voo. **16 e 17** (inf.): corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*). Detalle extra: ↕, faltaría engadir debuxo dunha ave xuvenil ou inmatura, plumaxes habituais da especie en Galicia, e falta ilustración dunha ave pousada coas ás abertas, secándoas (rasgo diagnóstico).
- **18 e 19** (sup.): garza real ou gris (*Ardea cinerea*). Detalle extra: ↕, falta debuxo dunha ave xuvenil ou inmatura. **18 e 19** (inf. esquerda): garza pequena (*Ixobrychus minutus*). Escolla: ↓, pode ser omitida, ou ser movida para o apartado “Outras aves”. Detalle

- extra: ↓, faltaría debuxo dun macho. **18 e 19** (inf. dereita): vutarda ou garzoto (*Bubulcus ibis*). Escolla: ↓, pode ser omitida, ou ser movida para o apartado “Outras aves”.
- **22 e 23** (sup.): gansa branca (*Tadorna tadorna* -corrixir: *Tadorna tadorna*-). Escolla: ↓, pode ser omitida, ou ser movida para o apartado “Outras aves”. Detalle extra: ↓, faltaría debuxo en voo, p. ex. dun xuvenil. **22 e 23** (central): pato cincento (*Anas strepera*). Detalle extra: ↑, a ilustración en voo é realmente dun macho, idealmente debería ser dunha femia. **22 e 23** (inf.): pato rabilongo (*Anas acuta*). Detalle extra: ↓, engadir debuxo de femia en voo.
 - **26 e 27** (sup.): cerceta real (*Anas crecca*). Calidade: ↑, ilustración da femia mellorable. Detalle extra: ↓, faltaría debuxo do macho e da femia en voo. **26 e 27** (inf.): cerceta do estío... (*Anas querquedula*). Calidade: ↑, exceso de tons negros. Detalle extra: ↓, faltaría ilustración dunha femia, idealmente en voo.
 - **28 e 29** (sup.): pato asubión (*Anas penelope*). Calidade: ↑, ilustracións demasiado pálidas. Detalle extra: ↓, faltaría debuxos do macho e da femia en voo. **28 e 29** (inf.): pato cullerete (*Anas clypeata*). Detalle extra: ↑, engadir ilustración da femia, idealmente en voo.
 - **30 e 31** (sup.): mergo cristado (*Mergus serrator*). Postura: ↑, non se adoita ver pousada, deberían estar os dous sexos nadando. Detalle extra: ↑, engadir ilustración da femia en voo. Actualmente a especie é moi escasa na costa galega. **30 e 31** (inf.): parrulo pentumeiro común ou mourelo (*Melanitta nigra* -erro: *Melanitta nigra*-). Calidade: ↓, cores negras (non marróns) na femia; macho en voo pouco logrado. Postura: ↓, non se adoita ver pousada; mellor ave nadando. Detalle extra: ↑, engadir tamén ilustración da femia en voo.



▲ Fig. 2. Ilustración da avoceta en *Aves da Costa*.

- **32 e 33** (sup.): rapina cincenta (*Circus pygargus*). Escolla: ↓, pode ser omitida, unha vez que as aves vistas no período 1992-1994 no Grove e asignadas a femias desta especie (asumindo erroneamente que criaban 3 parellas) corresponderían realmente a femias de *Circus aeruginosus*. **32 e 33** (inf.): rapina arpella ou das xunqueiras (*Circus aeruginosus* -correxir: *Circus aeruginosus*-). Detalles extra: ↑, engadir tamén ilustración da femia en voo.
- **34 e 35** (inf.): gabián (*Accipiter nisus*). Detalles extra: ↓, engadir debuxo do macho en voo.
- **36 e 37**: lagarteiro ou peneireiro (*Falco tinnunculus*). Calidade: ↓, ilustración da femia mellorable (moi escura e barrado inexacto).
- **42 e 43** (sup.): perdiz rubia ou vermella (*Alectoris rufa*). Escolla: ↑, como especie introducida, podería ser movida para o apartado “Outras aves”. Detalle extra: ↓, engadir debuxo en voo. **42 e 43** (inf. esquerda): rascón de terra (*Crex crex*). Escolla: ↓, pode ser omitida, ou ir ao apartado “Outras aves”. Citas no Grove e arredores só con base a testemuños de cazadores. Postura: ↓, non adoita verse nese ambiente acuático, o debuxo sería mellor dunha ave levantando voo. **42 e 43** (inf. dereita): paspallás (*Coturnix coturnix*). Detalle /s extra: ↓, engadir debuxo do macho en voo.
- **44 e 45** (inf.): galiñola común (*Gallinula chloropus*). Detalle extra: ↓, o demo negro (*Fulica atra*), hoxe galo de auga negro, merecería unha ficha de seu.
- **46 e 47** (sup.): avoceta (*Recurvirostra avossetta* -corrixir: *Recurvirostra avossetta*-). Escolla: ↑, como especie irregular na zona, podería ser movida para o apartado “Outras aves”. (Fig. 2). **46 e 47** (inf.): gavita ou gabita (*Haematopus ostralegus*). Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo.
- **52 e 53** (sup.): pillara cincenta (*Pluvialis squatarola*). Calidade: ↓, falta na ilustración en voo a banda alar branca. Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo dunha ave en plumaxe nupcial. **52 e 53** (inf.): pillara dourada grande (*Pluvialis apricaria*). Calidade: ↓, falta na ilustración en voo a banda alar branca. Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo dunha ave en plumaxe nupcial.
- **54 e 55** (sup.): avefría... (*Vanellus vanellus*). Postura: ↓, en Galicia non adoita pousar en postes. Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo. **54 e 55** (inf. esquerda): pilriño patimouro (*Calidris minutus* -corrixir: *Calidris minuta*-).

- Detalle extra: ↓, engadir debuxo en voo con plumaxe de inverno. **54 e 55** (inf. dereita): pilro cincinto (*Calidris marítima* -corrixir: *Calidris marítima*-). Calidade: ↑, exceso de tons negros.
- **56 e 57** (sup.): píldora raiada ou virarrochas (*Arenaria interpres*). Calidade: ↑, as patas deberían ser claramente laranxas. O debuxo en voo é demasiado esquemático. Detalle extra: ↑, engadir ilustración en voo. **56 e 57** (inf.): pilro curlíbico ou común (*Calidris alpina*). Escolla: ↓, poderían facerse fichas individuais para o *C. alpina*, *C. alba* e *C. camutus*. Detalle extra: ↑, engadir debuxos en voo con plumaxe nupcial para as tres especies ilustradas.
 - **60 e 61** (sup.): mazarico curlí ou real (*Numenius arquata*): no texto menciónase ao “*phaepos*”, que é realmente o *Numenius phaeopus*, que merecería unha ficha de seu. **60 e 61** (inf.): mazarico rabipinto ou agulla rabipinta (*Limosa lapponica*). Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo dunha ave en plumaxe nupcial e outra en plumaxe invernal.
 - **62 e 63** (sup.): agulla rabinegra ou mazarico do inverno (*Limosa limosa*). Detalle extra: ↑, engadir tamén ilustración en voo dunha ave en plumaxe nupcial e outra en plumaxe xuvenil. **62 e 63** (inf.): bilurico patirrubio (*Tringa erythropus*). Detalle extra: ↓, engadir ilustración en voo dunha ave en plumaxe nupcial e outra en plumaxe xuvenil.
 - **62 e 63** (sup.): bilurico común ou aliluxado (*Tringa totanus*). Detalle extra: ↓, o niño é innecesario (non é nidificante no litoral galego); substituír por unha ave en voo. **62 e 63** (inf.): bilurico pativerde ou claro (*Tringa nebularia*). Calidade: ↑, cores mellorables. Detalle extra: ↓, falta debuxo en voo.
 - **66 e 67** (sup.): liorteiro (*Philomachus pugnax*). Detalle extra: ↑, falta debuxo en voo dun macho en plumaxe nupcial. **66 e 67** (inf.): falaropo cincinto (*Phalaropus fulicarius*). Postura: ↓, non se ve así pousado; mellor debuxalo en grande voando, e engadir debuxo pequeno da ave nadando. Detalle extra: ↑, falta debuxo en voo dunha ave en plumaxe nupcial.
 - **68 e 69** (sup.): pádaros... (*Stercorarius* sp.). Escolla: ↓, poderían facerse fichas individuais para o *S. parasiticus* e para o *S. skua*. As outras dúas especies citadas no texto (*S. longicaudus* e *S. pomarinus*) poderían incluírse en “Outras aves”. Detalle extra: ↑, engadir debuxos en voo de aves xuvenís. **68 e 69** (inf.): gaivota pequena ou anana (*Larus minutus*). Escolla: ↓, pode ser movida para o apartado “Outras aves”. Calidade: ↓, cores do bico, cabeza e patas incorrectas. A ave en voo vese mal. Detalle extra: ↓, falta debuxo en voo dunha ave adulta.
 - **70 e 71**: gaivota choroa común (*Larus ridibundus*). Calidade: ↑, o debuxo inferior, dunha ave inmadura, é mellorable, por estrutura (demasiado robusta) e cores (non logrados).
 - **72 e 73** (sup.): gaivota escura (*Larus fuscus* sub. *graellsii*). Detalle extra: ↑, falta debuxo en voo dunha ave xuvenil e doutra inmadura. **72 e 73** (inf.): gaivota clara ou común (*Larus argentatus* – *Larus cachinnans*). Calidade: ↑, non procede indicar macho e femia nes debuxos. Detalle extra: ↑, faltan ilustracións en voo dunha ave xuvenil e doutra inmadura.
 - **74 e 75** (sup.): gaivota papoia (*Larus canus*). Escolla: ↓, pode ser movida para o apartado “Outras aves”. Detalle extra: ↑, falta ilustración pousada dunha ave de primeiro inverno. **74 e 75** (inf.): gaivota tridáctila ou patinegra (*Larus tridactyla* – *Rissa tridactyla*; corrixir: *Rissa tridactyla*). Escolla: ↓, pode ser movida para o apartado “Outras aves”; o gaivotón (*Larus marinus*), mencionado no texto e ilustrado, podería ter ficha de seu, ilustrando tamén unha ave xuvenil e outra inmadura, pousada.
 - **76 e 77** (sup.): carrán cristado (*Sterna sandvicensis*). Calidade: ↑, cor de ás, cabeza e bico da ave en plumaxe “ad. est.” mellorables.
 - **78 e 79** (sup.): carrán carrán ou charrán (*Sterna hirundo*). Detalle extra: ↑, falta debuxo de ave pousada, idealmente un xuvenil. **78 e 79** (inf.): arao romeiro... (*Alca torda*). Postura: ↓, mellor ave nadando; non se ven pousados nas nosas costas, agás aves petroleadas. Detalle extra: ↑, falta debuxo en voo de ave en plumaxe nupcial.
 - **82 e 83** (sup.): rula común (*Streptopelia turtur*). Detalle extra: ↑, falta debuxo en voo.
 - **84 e 85**: cuco (*Cuculus canorus*). Detalle extra: ↑, falta debuxo dunha femia.
 - **86 e 87** (sup.): curuxa común (*Tyto alba*). Escolla: ↓, a *T. a. guttata* non estaría presente en Galicia. Calidade: ↓, debuxos moi pálidos.
 - **88 e 89** (sup.): moucho común (*Athene noctua*). Detalle extra: ↓, falta debuxo en voo.
 - **90 e 91** (sup.): picapeixe (*Athene noctua*). Detalle extra: ↓, falta debuxo en voo. **88 e 89** (inf.): avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*): ↓, falta ilustración en voo.
 - **94 e 95** (sup.): peto verdeal... (*Picus viridis*). Calidade: ↓, aparece unha ave da (daquela) subespecie nominal, ausente en Galicia.



▲ Fig. 3. Ilustración do chasco rabipinto en *Aves da Costa*.

- 96 e 97 (inf.): laverca (*Alauda arvensis*). Calidade: ↑, tons moi escuros, especialmente no bico. Silueta non correcta de todo.
- 98 e 99 (inf.): andoriña dos penedos (*Ptyonoprogne rupestris*). Escolla: ↓, debería omitirse, unha vez que as aves observadas no Grove (na Siradella) eran realmente andoriñas das barreiras (*Riparia riparia*).
- 104 e 105 (inf.): pica patinegra costeira (*Anthus spinoletta*). Escolla: ↓, esta especie é omitible (ademais hai un erro nos debuxos).
- 106 e 107 (inf.): lavandeira branca ou escribidora (*Motacilla alba*). Detalle extra: ↓, falta ilustración dunha ave xuvenil.
- 108 e 109 (sup.): lavandeira verdeal (*Motacilla flava* subespecie *ibericus* -corrixir: *iberiae*). Calidade: ↑, cores erróneas na femia. Detalle extra: ↓, falta debuxo dunha ave xuvenil.
- 114 e 115 (inf.): pedreiro cincento ou común (*Oenanthe oenanthe*). Detalle extra: ↑, falta debuxo dunha ave xuvenil.
- 116 e 117 (sup.): chasco común ou chaschás (*Saxicola torquata*). Detalle extra: ↓, falta debuxo dunha femia e dunha ave xuvenil. 116 e 117 (inf.): chasco rabipinto (*Saxicola rubetra*). Escolla: ↓, pode omitirse esta especie, que, con todo, non nidifica no Grove: houbo unha confusión tras verse unha ave tipo xuvenil en agosto, que se atribuíu a cría local (Fig. 3).
- 124 e 125 (inf.): papuxa de cabeza negra (*Sylvia melanocephala*). Detalle extra: ↓, falta debuxo dunha femia.
- 126 e 127 (inf.): estrelina riscada ou reiciño das fragas (*Regulus ignicapillus*). Detalle extra: ↓, falta debuxo dun xuvenil.
- 138, 139 e 140: estorniño negro... (*Sturnus unicolor*). Escolla: ↑, podería facerse unha ficha independente para *Sturnus vulgaris* (mencionado no texto). A imaxe do *Sturnus unicolor* en inverno (Inv.) ten manchas brancas demasiado grandes; os debuxos pequenos son mellorables. Os mapas son omitibles.
- 144 e 145 (sup.): pimpín común (*Fringilla coelebs*). Detalle extra: ↓, faltaría debuxo dunha femia.
- 154 e 155 (inf.): escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*). Detalle extra: ↓, faltaría debuxo dunha femia.
- **APARTADO “OUTRAS AVES PRESENTES”:** faltan os nomes científicos das aves deste apartado (deberíanse poñer) (↓):
 - 163 (centro): **miñado queimado ou negro:** Calidade: ↑, debuxo mellorable.
 - 163 (inf.): **azor común:** Calidade: ↑, debuxo mellorable. Detalle extra: ↓, faltaría debuxo dun xuvenil en voo.
 - 164 (sup.): **corvo mariño cristado:** Calidade: ↓, debuxo de baixa calidade. Detalle extra: ↓, faltaría ilustración dun xuvenil, idealmente coas ás abertas.
 - 164 (centro): **parrulo rabilongo ou havelda:** Calidade: ↓, debuxo de baixa calidade. Detalle extra: ↓, faltaría debuxo dunha femia e dun xuvenil.
 - 164 (inf.): **parrulo chupón:** Calidade: ↓, debuxo de baixa calidade.
- **APARTADO NIDAI S E COMEDEIROS:** as ilustracións están mal impresas, e lense mal os textos manuscritos asociados (↓). Sería bo un esquema de ensamblaxe das pezas.

O BLOQUE 2, sobre **Textos e cambios na nomenclatura**, será abordado na seguinte entrega de *Aunios*, onde tamén se elaborará unha **Discusión xeral da obra** e unha **Valoración de *Aves da costa*, 30 anos despois**.

Referencia:

Romay, C. D. 1995. *Aves da costa*. Colección Natureza, 3. Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

O fardel da memoria de Conde Corbal

Por: Antón Mascato

Celebramos no ano 2023 o centenario do nacemento do artista pontevedrés Xosé Conde Corbal, quen no mes de abril dese ano faría cen anos de idade, de estar vivo, os mesmos que viña de facer a súa viúva Margarita Escuredo Lago, ela si activa e feliz de saber que unha parte da sociedade civil e institucional lembrou honrar a memoria artística e cidadá do seu compañeiro de vida.

Entre as actividades realizadas destacaron a iniciativa da Deputación de Pontevedra e do seu Departamento de Memoria Histórica (grazas María Ortega e Montse Fajardo) para reflexionar arredor das relacións entre Arte e Memoria a propósito da edición dunha obra que me atrevo a cualificar como extraordinaria, sen esaxeros, *O fardel da Memoria de Conde Corbal* da que imos falar neste traballo de *Aunios*.

Naceu, Xosé Conde Corbal, en abril de 1923, na rúa pontevedresa do Progreso, que lle será dedicada dous anos máis tarde do seu falecemento á memoria de seu avó Benito Corbal Estévez (Bora, Mourente, 1853-Pontevedra, 1926), político do Partido Liberal e empresario promotor de obras públicas e privadas, velái a Ponte da Barca, a Praza de Barcelos e tantas outras...


No mesmo predio de seu nacemento, acaroado ao cuartel da Garda Civil, vivían as familias Conde Corbal, no primeiro andar, e Fernández-Arruti, no segundo, das que eran cabeceiras seu pai e nai, José Conde Pérez e Trinidad Corbal Souto e quen será unha importante figura na República e no exilio, Bibiano Fernández Osorio-Tafall (Pontevedra, 1902-Cidade de México, 1990) e Josefina Arruti Viaño (Pontevedra, 1906-2003), a súa muller.

Osorio-Tafall acadou cargos de alta responsabilidade política como a alcaldía da cidade, a presidencia da Deputación de Pontevedra, deputado nas Cortes Xerais do Estado, presidente da Asemblea de Municipios para a redacción e aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia; tamén será subsecretario de Gobernación, Comisario xeral dos Exércitos... Xa exiliado en México, foi catedrático da Universidade Nacional Autónoma, director da FAO e subsecretario da ONU.


A veciñanza familiar con Bibiano Fernández Osorio-Tafall, facilita que Corbal acuda con asiduidade ao estudio e laboratorio de bioloxía que este tiña na rúa da Michelena, onde aprende a técnica do debuxo científico do que chegará a ser un especialista. Andando o tempo desenvolve unha importante obra vencellada á fauna, flora, ciencias naturais e bioloxía...

A influencia de Osorio-Tafall vai máis alá da creación artística e científica, é o responsable directo da escolla de Corbal, cando xa estaba no exilio o seu mentor, por facer a carreira de Ciencias Químicas na Universidade de Santiago, que comeza en 1940. Sendo máis intensa a vontade de ser artista, renuncia aos seus estudos universitarios, despois de probar na Facultade de Dereito, e facer finalmente Maxisterio, que nunca exercerá, mais do que tira proveito optando por crear arte con finalidades pedagóxicas nomeadamente na súa obra gráfica. Nela preocúpase por devolverlle á sociedade á que pertence a riqueza e variedade do seu mundo: aves, peixes, gando, réptiles; árbores, flores, arbustos, follas; capelas, igrexas, catedrais, torres, pazos, vivendas, rúas, fontes, hórreos, cruceiros; labores agrarios de mulleres e homes e lances mariñeiros, traballos da conserva, barcos, dornas, gamelas, portos, fábricas; retratos, escenas eróticas; carteis, planos e cartografía turísticas; páxinas literarias, esperpentos de Valle Inclán... e este O fardel da guerra no que se adianta en trinta anos aos traballos de denuncia das atrocidades franquistas e á recuperación da Memoria histórica.

Casado con Margarita Escuredo con quen chega a ter once fillas e fillos, frecuenta a vila do Grove, onde reside o seu sogro Eugenio Escuredo Lastra, dono da fábrica de Cerámica Artística Gallega en Cesures, na que colaboran Maside,



Xosé Conde Corbal, en 1975.
Arquivo Antón Mascato



O fardel da memoria

Castelao, Asorey. No Grove, Eugenio Escuredo é o fundador da fábrica de conservas “Yago” no Porto de Meloxo. Nesta vila prepara o Corbal as súas primeiras exposicións que realiza a comezos de 1960. Pintará tamén no Grove, a finais da década de 1970 e nos primeiros anos de 1980 a serie O fardel da Guerra, un total de 88 imaxes de forte pegada expresionista que realiza aínda estremecido polo horror da súa infancia e intuindo que non van traerlle máis que desprezos de certa burguesía pontevedresa que nunca lle perdoará o que consideraba unha traizón aos da súa “clase”.

ABARATAR A ARTE, DEMOCRATIZALA, SOCIALIZALA.

Xosé Conde Corbal intúe que a arte tiña xente interesada que non podía pagar os elevados prezos dunha obra única, dun orixinal, polo que era necesario abaratala, democratizala, ou socializala, que as tres definicións lle son ben acaídas, para facer posible a súa adquisición por parte de xentes humildes, sen capacidade para investir en cadros orixinais. Ponse así a investigar en técnicas de reprodución, de copiado dos orixinais, e chega, logo de moitas experimentacións, a unha creación orixinal á que se vai dedicar con esmero: a impresión en máquina de offset, partindo dun orixinal que crea non sobre os tradicionais lenzos, táboas, cartolinas ou papeis, senón sobre un acetato, un plástico transparente, mesturando tinta acrílica de cor negra e látex, e no que perfila, pinta ou racha... segundo conveña ao resultado estético que pretende.


O feito de non usar as películas negativa e positiva, coa novidosa técnica á que chegou Conde Corbal, é unha interesantísima descuberta do artista que lle posibilitou non só un importante aforro de custes, da orde do 40 % do total do proceso de impresión, senón que lle permitiu controlar todo o procedemento artístico ata a fase de copiado de orixinais, afeito como estaba -máis ben canso- a ver nas reproducións das súas obras, tramados, desenfoces, saturacións de punto, lavados, queimados e outros defectos derivados do deficiente proceso fotomecánico das cámaras industriais de obtención de fotolitos.

O FARDEL DA GUERRA.

Ata aquí unha introdución á obra gráfica de Conde Corbal; vimos o seu guieiro, as súas técnicas, preocupacións, actividades... mais este é un relato que pretende introducir o extraordinario cartafol editado co título *O fardel da guerra* no ano 1987, con 88 láminas, máis unha de portadaña numeradas e asinadas polo autor, outra para o índice e a terceira para un texto introdutorio no que di:

“Hai anos que este fardel de gravados viaxa comigo. Contén unha visión da Guerra en Galicia, e do rastro de loito e terror que a acompañou. Na porta desta serie puxen a figura de Ramón María del Valle Inclán que foi quen me había guía-la man na comprensión e na emoción daqueles anos”.

O álbum de 1987 case non circulou. Editados polo autor uns centos de exemplares non tivo xente que o adquirise, nin sequera nas dúas exposicións que se prepararon naquel ano, no Museo de Pontevedra (en marzo) e no Museo do Pobo Galego (en abril). Nin moitas visitas, nin recensións de prensa, nin críticas... O silencio como resposta, a indiferenza do público e as manifestacións bruscas de desprezo polas persoas que se sentiron afectadas ao vérense deformadas no espello do seu propio esperpento. Un boicot dirixido por determinado ex galeguista e falanxista pontevedrés, con cargos municipais.



Algareos dos falanxistas



Era aquela unha obra en formato grande (25 x 34 cm.), impresa sobre cartolina de 125 gramos a unha tinta, no interior, e co cartafol tamén en cartolina gráfica impresa a dúas tintas. A frustración de Conde Corbal foi intensa ao comprobar que aquel traballo inxente non acadaba o suceso que tanto ansiaba o artista. Por riba daquela decepción estivo o feito de dedicarlle os recursos económicos derivados da venda da vivenda familiar, a súa metade na partilla da herdanza compartida co seu irmán o médico Manuel Conde, na rúa Benito Corbal, a este proxecto ruinoso, o que ao cabo rematou sendo máis doloroso xa que ocasionou unha elevada perda no económico.


Por iso era tan importante celebrarmos, neste 2023, o Centenario de Conde Corbal coa publicación deste traballo *O fardel da Memoria de Conde Corbal* que quixemos contextualizar, acompañar, con textos de moi diferentes autorías, na que hai xente de historia, da literatura, a investigación, o ensaio, da música, a poesía, o xornalismo, o ensino, o activismo cultural, a filoloxía e no que tamén inserimos textos de Carol S. Maier, de Antón Castro, de Carlos Casares e de Gustavo Luca, que nos pareceron ben acaídos mesmo como homenaxe a quen entendeu o valor da súa obra. Beizón pois a ela e a eles, e a Dionisio Pereira, Ana Cabana, Patricia Arias Chachero, Xoán Carlos Garrido, Lupe Martínez, Aloia Ínsua, Carlos Méixome, Alberto Avendaño, Xosé Ramón Paz Antón, María Victoria Martins, Xosé Enrique Acuña, Susana Sanches Aríns, Uxía Senlle, Montse Fajardo, Xosé Álvarez Castro, Cruz López, María Obelleiro, Lola Varela Salgado e Héitor Picallo, ás que acompaño nesta crónica esclarecedora do “rastros de loito e terror” coa que complementamos a información das imaxes e homenaxeamos a Xosé Conde Corbal. Cunha ampla presenza de mulleres en temas como o da Memoria que ás veces semella ser un “asunto de homes”.

Nesta crónica do terror, o artista pontevedrés, non esqueceu ningún dos episodios que presenciou e padeceu de preto, dende o acoso á súa vivenda para “incomodar” á familia Fernández Arruti, ás diferentes circunstancias nas que se desenvolveron os sucesos dende a sublevación militar de 1936, porque en Galicia efectivamente non houbo guerra no que se refire aos campos de batalla, só represión desapiadada, mais houbo moita xente galega que foi vítima desa guerra iniciada en xullo dese ano. Velaí o rexistro trágico de Pepe Conde, expresado no ronsel das personaxes e violencias que estarreceron a calma e o progreso.


Foi a vinganza das ideas de fraternidade, laicismo, educación pública e luz nas tebras, foron as pantasmas que volveron para quedar cando menos corenta anos máis. Aquí está a militarada toda, co bando de guerra e os desfiles en farda caqui, as forzas para policiais da Garda Cívica e a Falanxe, as persecucións, detencións, encarceramentos, os crimes, “paseos” e fusilamentos, os fuxidos e as que lle deron apoio, a guerrilla, os sucesos bélicos, a dor familiar, as viúvas e a orfandade, os feridos e hospitais, a represión do maxisterio, os campos de concentración, os xuízos sumarísimos, a caridade eclesiástica e a súa complicidade co terror, a primeira liña de fogo e a retagarda, as persoas que se beneficiaron economicamente e as responsables por aclamación ao fascismo alzado en armas, o uso dos símbolos como as bandeiras, cantos, himnos e danzas, as mobilizacións de quen estaba a favor, as colas que non saían no NODO, os amores militares e o rancho, os cregos e monxas adoutrinadores na nova fe, e Franco, sempre o “xeneralísimo”, claro que si. Nada esqueceu Xosé Conde Corbal nesta crónica súa da Memoria pintada en negro expresionista, dende a dor, dende a consciencia do desastre, tomando o esperpento como espello no que mirar.



Na procura dos roxos



Recollidos polos seus



Collérono ó cruza-la raia

OS CEOS DAS RIAS BAIXAS

Por: César M. González Crespán. Ricardo Moreno Valdepérez.

Asociación Astronómica de Vigo (Astrovigo).

A Asociación Astronómica de Vigo leva uns anos asociada a *Cel Fosc*, Asociación contra a Contaminación Lumínica.

Observar a luz das estrelas nas Rías Baixas é cada vez máis difícil. Existe unha “Declaración Institucional do Parlamento de Galicia en defensa do ceo nocturno”, na que o Parlamento de Galicia asume na súa totalidade a Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas (Declaración da Palma, 2007), e recolle expresamente algunhas das súas ideas fundamentais, en particular os seguintes puntos:

1. O dereito a un ceo nocturno non contaminado que permita gozar contemplando o firmamento debe ser considerado un dereito inalienable da Humanidade, equiparable a outros dereitos ambientais, sociais e culturais.
2. É fundamental controlar a contaminación lumínica en todo o territorio galego dado o impacto que xera en moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Debe promoverse e esixirse o uso racional da iluminación artificial para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a intrusión nociva da luz no ser humano e no medio natural.

A cidade, e a Ría de Vigo, destacan entre toda a excesiva contaminación lumínica provocada pola iluminación en xeral, e pola iluminación de Nadal en particular, rivalizando con outras cidades das Rías Baixas. Para atopar zonas libres de contaminación lumínica hai que adentrarnos no mar, lonxe da costa, onde a escuridade só se ve alterada polos faros de navegación e as luces dos barcos nas rutas oceánicas, ou nas zonas do interior, lonxe das luces.

A luz do día vai precedida, de madrugada, pola luminosidade dos tres crepúsculos matinais; o astronómico, dunha claridade pálida, na que se poden ver estrelas ata a sexta magnitude a simple vista; o do navegante, un pouco máis claro, na que se ven as estrelas náuticas de primeira e segunda magnitude, e as principais constelacións son fáciles de recoñecer; e o civil, aínda máis claro, no que se ven as estrelas de primeira magnitude e os planetas que poderían estar sobre o horizonte; e vai seguida, ao anoitecer, dos tres crepúsculos vespertinos, o civil, máis claro, o do navegante, un pouco menos claro, e polo tanto máis escuro, e o astronómico, aínda menos claro e máis escuro; todos eles, iguais, con estrelas de brillos semellantes ós do amencer, visibles sobre o horizonte. Estes crepúsculos, dende as cidades, hoxe en día son cada vez menos visibles, e ven apagado o seu brillo pola brillante luz artificial dos leds.



Rías Baixas pola noite vistas desde o satélite (2014). Norte á esquerda, Sur á dereita. www.citiesatnight.org



Luces na Ría de Vigo. Por encima dos montes se aprecia o resplandor de Marín e Ría de Pontevedra

Isto é o que acontece, a desaparición das luminosidades e brillos naturais, coa conseguinte simplificación da secuencia dos acontecementos astronómicos. A luz do día, que emana do sol, segue a prevalecer polo seu inmenso poder. A luz pola noite é débil, e esvaécese pola forza das luces artificiais. Millóns de anos nos que a luz do día viña seguida pola luz da noite, secuencia natural cun sentido natural, que non debe perderse. As aves nocturnas, mouchos e curuxas, as vagalumes, a precisan, pero tamén os mexillóns das rías, cuxa vitalidade depende tanto da luz do día como da escuridade da noite. As aves migratorias se desorientan cas luces artificiais.

A contaminación luminosa provoca un prexuízo á vida natural e á saúde humana, un malgaste no consumo eléctrico, con emisión de contaminantes para xeración de enerxía, nun tempo no que se trata de conter o efecto da actividade humana na biosfera e a dependencia dos combustibles fósiles (gran parte da electricidade xérase en centrais con este tipo de combustible) ou que xeran residuos nocivos, ou que alteran de forma irreversible o entorno. Inda se comeza a ser consciente. O goberno central aprobou en 2022 medidas de aforro enerxético que afectan a algúns tipos de alumado de exteriores. O alumado de escaparates, e dos edificios públicos que estean desocupados, deben permanecer apagados a partir das 22 h. E xa se están a desenvolver proxectos para substituír luminarias que dirixan a luz cara ao chan, que é realmente o que interesa, en lugar de cara ao ceo. Aínda que sempre haberá puntos nos que se ilumine ata o ceo, débense implantar sistemas de luz que causen o menor impacto posible (o compoñente azul dos LED brancos é o máis prexudicial e o que produce máis contaminación, a diferenza das amarelas de vapor de sodio).


Dende a Asociación Astronómica de Vigo, que adoitamos acompañar a diversos colectivos na observación da lúa, planetas, estrelas e outras luces pálidas que se poden ver no ceo nocturno, facemos un chamamento á reflexión sobre este tema, ao non ver necesario emitir de balde megavatios de potencia lumínica perdida cara ao espazo, cando a iluminación urbana, tendo os seus efectos positivos, tamén ten efectos negativos, e que hai que paliar, ou polo menos ter en conta.

Porén, mirando o mapa da contaminación, e partindo da nosa propia experiencia, a observación astronómica pódese facer en lugares algo afastados das cidades, onde se garante que non incida luz directa. No debuxo adxunto, debemos evitar as zonas branca, vermella e amarela. Un bo lugar para a observación é no emprazamento do Observatorio Astronómico de Forcarei, na Terra de Montes, aínda que puntos como o Monte Cepudo ou Vixiador (Vigo), as Illas Cíes, que contan co certificado de calidade do ceo Starlight, Illa de Ons, ou zonas como Cabo Udra, tamén se poden contabilizar para a difusión. Mesmo se realizaron no Castro de Vigo, na praia de Samil ou en Bueu, coa colaboración dos Concellos para apagar as luces máis próximas. Aínda que non son o ceo perfecto, son lugares adecuados para a observación e divulgación.

Astrovigo realiza unha observación do ceo nocturno, case todos os anos, en agosto, organizada polo Museo Massó de Bueu, ultimamente en Cabo Udra.



Porto de Vigo. Son necesarias tantas luces?



Fonte: Avex-Asso.org, recortada para mostrar as Rías Baixas (<https://avex-asso.org/dossiers/pl/europe-2016/carto.htm>)

O POETA ANTÓN TOVAR E O MAR DA LANZADA

Por: Patricia Arias Chachero

Antón Tovar (Rairiz de Veiga, 1921- Ourense, 2004), o poeta do desacougo e un dos maiores –e mellores- representantes do que se ten dado en chamar a Promoción de Enlace na poesía galega de posguerra, frecuentou durante anos o mar da Lanzada. Froito destas estancias, en 1964, publicou o seu terceiro poemario en castelán, titulado precisamente *La Lanzada. Versos hacia el mar*¹. En *Conversas con un vello revoltado* (Galaxia, 2005), a longa entrevista que lle concedeu ao xornalista Xosé Manuel Del Caño, confésalle:


Este libro editeino tamén pola miña conta. Claro, poucos exemplares. Os da imprenta metéron a pata nun poema longo. A primeira edición ten moitas erratas. En resumo *La Lanzada* é un libro sobre a praia e o mar. Cara ó final do volume aparecen catro poesías en galego, traducidas ao castelán.

O libro foi escrito en varios veráns nos que eu ía á Lanzada. Parabamos dous nun bar, o Garabal de Santiago e mais eu. Viñan pola mañá nun autobús os do Grove, marchaban ás dúas, e xa quedaba totalmente libre a praia.

No prólogo que abre a primeira edición deste poemario explica que as composicións foron escritas ao longo de bastantes anos e que foi “chapodado” o conxunto, excluindo del “poemas o párrafos que sólo a mi intimidad solitaria concernían”. Efectivamente, o traballo resultante contén composicións moi anteriores ao 64. Son poemas que se remontan, cando menos, a 1958 pois no verán dese ano data “Un recuerdo de D. Florentino López Cuevillas”. Texto que non encaixa demasiado ben no conxunto pero que inclúe coa conciencia de estar rendendo xusta homenaxe ao amigo ourensán que, moi probablemente, acababa de falecer cando se rematou o poema. Cómpre ter presente que Cuevillas morreu no mes de xullo do 58 e que o esteo da Xeración Nós e o poeta que aquí nos ocupa foron, ademais de grandes amigos, compañeiros de traballo na Facenda ourensá.

No prólogo de *La Lanzada* explica tamén a quen vai dirixido:

Quiero que mi pequeño libro sea para todos: para el tullido que pide limosna a los turistas apoyado contra la soledad desolada de una roca, para los pescadores que arriesgan sus vidas en la mar turbulenta, para los canteros que se afanan en los pinares bajo el sol y la lluvia. Primero para éstos. Después, para los veraneantes, para todos mis amigos de La Lanzada. Empezando por el buen Gustavo, mi amigo Gustavo García, en cuyo Bar se venderá. Y terminando incluso, por cualquier piratón que pueda aparecer por la playa. ¿Por qué no? Al fin y al cabo, es una raza a extinguir y hay que tener piedad también con ella.



¹ *La Lanzada. Versos hacia el mar*, Ourense, La editora comercial, 1964. As citas deste artigo están tomadas do volume *Poesía en castellano (1955-1973)* publicado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Ourense en 1987.


Explícanos Antón Mascato que Gustavo García foi, durante anos, o propietario do establecemento que inda hoxe está nunha das puntas da Lanzada, na máis próxima ao Grove. Parece probable que Antón Tovar vivise alí mesmo pois ofrecía a posibilidade de pousada.

O poeta refúxiase no Grove tras superar unha dura enfermidade que o obrigara a ingresar nun sanatorio de saúde mental. A praia, o mar e o descanso que ambos representan, convértense no símbolo lírico da curación. Cando Del Caño lle pregunta polo significado da lugar, o poeta responde sen dubidar que a longa praia representa para el “a soidade, a forza e o misterio do mar” e engade “aquilo impresionábame”. Explica a continuación o contido de parte dos poemas do libro:

O primeiro poema é “Su rumor”. Falo do murmurio do mar [...]. “Desde el monte” lembra as longas camiñadas que facía por alí. Estou nun monte, por riba da Lanzada, mirando a paisaxe. Reparo en todo o que se ve. “Los nombres de las islas” fala de Ons, Oncela, Cíes, “Sálvora y su espinazo/ erguido de ballena”. “Paseo” conta como percorría o longo areal [...]. Noutro poema describo como “Duermo con el rumor del mar/ abierto en mi ventana./ Por ella viene el mar,/ la estrella, el pez, las algas./ Tengo el sueño poblado/ de submarinas plazas,/ de calles sumergidas. “Atalaya” explica xa nos primeiros versos que estou sentado nun penedo, no cume dun monte, mirando a paisaxe. En “Puede ser”, que dá comezo á segunda parte, falo de Deus. “Luna en el mar” lembra unhas rapaciñas que viñan de Santiago, tocaban a guitarra e chamábanme a min daquela “señor”. En “Es una nube” falo do mar, no que eu desexaría encontrar a Deus. Imposible. É unha nube. “Mar de nada” reflicte a procura de respostas no mar, que non atopo”.

“Mar de nada”, a composición mencionada, remata así:

Yo –perdonadme- yo,
 como la mar, también
 acepto mis mareas.
 Un día el mar es un amigo,
 otro día una madre
 callada y solitaria y triste,
 otro día, el pañuelo de Dios,
 y al final, otro día,
 el mar es sólo agua.



La Lanzada. Versos hacia el mar reúne un total de 31 poemas agrupados en diferentes apartados. A través deles o autor procura debuxar unha sorte de mosaico sobre a realidade do lugar. A paisaxe, o mar, o ceo, o aire e a xeografía están moi presentes. Tamén os veraneantes e as actividades que lles son propias, a música da guitarra, os paseos, o descanso nocturno, os baños... As gaivotas, as cunchas, a ermida da Lanzada e mesmo os bois que, nun dos poemas, chegan á praia para realizar tarefas diversas. Todo peneirado pola interpretación lírica do home anguriado, do poeta torturado.

En “Los nombres de las islas”, concreta a xeografía da que fala. Non é a única vez que o fai. A composición remata así:

Ir seguindo a lo lejos,
entre paredes hondas
donde mi angustia sueña
el ritmo de las olas.
Las Cíes, Ons...
pinares de la Toja,
Sálvora y San Vicente,
la ermita, la Barrosa...

La Lanzada, un libro hoxe de non moi doada consulta pois non existen moitas reedicións, inclúe ademais poemas escritos tanto en galego como en castelán. Son “Ollos”, “Soio o sol” e “O pan”. O propio poeta será quen, de novo, nos explique o seu contido:


“Ollos” está dedicado a unha moza escocesa que apareceu por alí.”Na sexta parte hai un soneto sobre a morte e dúas décimas. O poemario remata cunha poesía a unha caracola que leva para Ourense cando marcha da Lanzada.

En *Diario íntimo dun vello revoltado* (Galaxia, 2001), na entrada correspondente ao 17 de xaneiro de 1996, Tovar asocia A Lanzada á súa patria natal, A Limia. Di así:

Kant impresionábase moito diante do ceo cheo de estrelas e tamén se impresionaba diante do espectáculo vago, digo eu, da lei moral. Eu teño contemplado as estrelas na Limia e na Lanzada, silenciosas, caladas, noxentas ó cabo. Teño escritos poemas sobre este tema.

En 1968, catro anos despois da aparición do libro, Tovar coñece á monfortina Tucha Mirayo. Ela converterase decontado non só na súa compañeira senón tamén na súa musa. Tucha representa o descanso, vólvese refuxio amoroso. Casan ao pouco e instálanse uns días na Lanzada en viaxe de noivos. A praia, o mar, a terra, transfórmanse entón en cómplices da felicidade da parella. A Lanzada xa non é só o lugar da tranquilidade e da curación, tórnase o espazo fermoso que acolle e comparte a felicidade dos amantes.

En 1971 Antón Tovar dedícalle a Tucha *O vento no teu colo* (*Poemas a Tucha*) inédito ata 1974, en que Xesús Alonso Montero, amigo íntimo do poeta e un dos seus máximos valedores, o inclúa na *Poesía galega completa* que preparou para a madrileña editorial Akal. Neste singular volume, non alleo á poesía erótica, atopamos a composición “Mar da Lanzada”. Di así:




2 Antón Tovar, *Poesía en galego I (1962.1975)*. Santiago de Compostela, P.E.N. Clube de Galicia, 2005, (p. 293).

Mar lonxano da Lanzada,
 longos anos hai que falto da túa longa praia.
 Mar da Lanzada, meu mar.
 Pasóu o tempo e non volvín
 pasóu ó gallope unha gran dor
 i o meu cerebro caíu nas vagas outas e profundas
 da desesperanza.
 Mais hoxe xa vou san á carón da miña Tucha.
 Mar da Lanzada, meu mar,
 qué lonxe vas de mín
 nista tarde de outono á que lambe o sol.
 Ti estarás a bruar
 de eiquí pra aló,
 agallopando, erguéndote, fundíndote,
 verde tigre con milleiros de uñas,
 acido de escumas,
 águia solitaria,
 chaira longa,
 bosque inquedo.

Segundo o profesor Delfín Caseiro, coordinador de *Antón Tovar. Antoloxía poética* (Xerais, 2023) e autor de “Biografía da autenticidade atormentada e do conformismo” estudo incluído na recente escolma, *O vento no teu colo* é un “poemario amoroso, de reconciliación coa vida, quizais os versos máis luminosos da súa produción, expresados nos sentimentos cara á muller amada, Tucha, Antonia Mirayo Pérez, confidente e amparo do poeta entre 1968 e 2000, ano do seu pasamento”.

Antes de pechar este artigo necesariamente breve quixeramos deixar constancia de que no Grove coñece Antón Tovar a Manuel Lueiro Rey. Segundo parece foi Tovar quen o axudou a traducir ao galego “Agonía da lembranza (a Antonio Machado 1.966)” que, polo que parece, é o primeiro escrito na nosa lingua de Lueiro Rei. A tradución ao galego fíxose a petición de Alonso Montero que llo escoitara recitar, en castelán, nunha homenaxe a Machado, celebrada en Santiago o 24 de marzo de 1966. O poeta, o artífice de que este redacte en galego e o axudante de tradución; isto é, Lueiro, Tovar e Alonso eran, xa daquela, convencidos comunistas. O poema de Lueiro publicaríase en *Antonio Machado na nosa voz*, volume colectivo impreso polo Círculo de las Artes de Lugo en 1966³.

³ Para máis información sobre este tema pode consultarse *Manuel Lueiro Rey (1916-1990). A liberdade ferida*, Xerais, 2013, pp. 82-83.





O MUNICIPALISTA XOSÉ FARIÑA JAMARDO TAMÉN FONDEOU EN ONS

Por: Francisco Calo Lourido

A revista *Aunios* acordou, desde o número 23 (2018), dedicar unhas páxinas a lembrar e «homenaxear a todos aqueles persoeiros que escribiron, investigaron, loitaron,..., por Ons». O seu director, Celestino Pardellas, encomendoume facer unhas breves notas sobre Fariña Jamardo, autor do que adoito botar man, xunto coa *Gran Enciclopedia Galega*, cando inicio un traballo de campo



Xosé Fariña Jamardo.
<https://badalnovas.com>

sobre unha localidade da terra, partindo así duns datos xeográfico-administrativos firmes sobre o territorio a estudar. Ollando nun andel da miña biblioteca os 10 tomos de *Os Concellos Galegos (Parte Especial)* e ao seu carón o utilísimo *A parroquia rural en Galicia*, onde, seguindo os aires da época, enlaza as freguesías cos castros e reivindica para elas unha

personalidade xurídica do tipo da portuguesa, considere que as escasas, pero fermosas, páxinas que dedicou á nosa Illa, que el contemplaba desde Cabicastro e a súa morada na veciña praia de Canelas, facían merecente que a súa lembranza fose perpetuada en *Aunios*.

En 1919, veu a luz nunha familia labrega de Caldas de Reis. Despois de rematada a Guerra Civil exerceu un tempo de mestre en Asturias, rematou a carreira de dereito e opositou con éxito á praza de secretario de Administración Local. Iniciou así un percorrido por diferentes concellos, comezando por Carbia (hoxe pertencente a Vila de Cruces, Pontevedra), á que seguiu unha moi frutífera etapa no Carballiño. Fixo logo unha paréntese profesional, pasando a traballar no mundo privado, concretamente na empresa Barreiro Diesel con sede en Madrid. Cando esta foi absorbida por Chrysler España, solicitou o reingreso no funcionariado, séndolle adxudicada a praza de secretario no concello de Cáceres; mais pediu a excedencia e non chegou a se desprazar a Estremadura, permanecendo en Madrid e conseguindo o traslado a Corral de Almaguer, o que lle permitiu dar clases e ser xefe de estudos no Instituto de Estudios de Administración Local con sede na capital. Exerceu a continuación no concello de Xetafe

e, un tempo despois, pasou a desempeñar a secretaría da Deputación Provincial de Pontevedra. Cando comezou a funcionar o Parlamento de Galicia foi nomeado Primeiro Oficial Maior do mesmo.

Tanto no concello do Carballiño como no de Xetafe, amais do específico traballo administrativo, desempeñou unha intensa labor social e cultural. No Carballiño creou un *Boletín de Información do Concello*, do que era redactor único, argallou un concurso de “Tasca e Literatura”, escribiu unha *Guía do Carballiño* e novelas baseadas nel e reeditadas en edición facsímile polo concello, como *A liña Carballiño-Ribadavia. 30 minutos* e *A feira do Carballiño*; tamén colaborou en prensa e escribiu nos programas das festas, habitualmente infravalorados, mais aos que Felipe Senén, coñecido carballiñés e compañeiro meu de estudos universitarios, chamou, con moito acerto, nunha bio-bibliografía de Fariña, “xoias da vida e da literatura local”. Naquela estadia, tratou Fariña, entre moitas outras xentes da cultura, con Blanco Amor, Celso Emilio e Otero Pedrayo, quen mesmo lle escribiu o prólogo para a obra *Carballiño, poemas de xeito vello para unha vila nova. A lembranza que deixou nesta poboación* fixo que, amais das ditas publicacións facsimilares, lle dedicasen o seu nome a unha rúa, o que tamén atopamos noutras vilas de Galicia, caso de Portonovo, de onde foi veciño. Tamén en Xetafe impulsou e dirixiu outro boletín de información municipal ao que deu o nome da vila, *Getafe*, e no que atopamos artigos históricos do propio Fariña, publicando a maiores dous estudos: *La población de Getafe* e *El Getafe del siglo XVIII*; por todo elo foi recompensado co nomeamento de cronista oficial e fillo adoptivo. Nesa altura sacou tempo para se facer doutor en dereito cunha tese sobre a parroquia rural que, ampliada, sería publicada, tería unha reedición e unha terceira, previa tradución á nosa lingua, en Galicia (Fariña, 1996).


Toda a vida despregou unha grande actividade (profesional, investigadora e creadora, con obras de narrativa e de poesía en galego e en castelán) e, no centenario do seu nacemento, celebrouse unha homenaxe promovida pola Irmandade Xurídica Galega na súa vila natal, aproveitando para lle erguer un monólito no seu honor. Amais de ser presidente do Colexio Nacional de Secretarios, Interventores e Depositarios de España, foi tamén correspondente da Real Academia de Historia pola provincia de Pontevedra e, entre moitos outros premios, recibiu o Otero Pedraio en 1982 e o Losada Diéguez en 1987.

HOMENAXE A: José Fariña Jamardo

En febreiro de 1969 publicouse en Madrid, onde tería a súa sede, o primeiro número da revista Chan, subtitulada *La revista de los Gallegos*. Saíron un total de 38 números ata o seu remate en 1971. Con motivo de escribir esta homenaxe, procurei as dúas decenas que conservei na miña biblioteca e gocei relendo, despois de tantos anos, un lote de moi interesantes colaboracións. Estando Fariña en Madrid, onde permanecería exercendo ata a súa incorporación á Deputación de Pontevedra, en agosto de 1981, publicou nesa revista Chan un moi breve artigo, ben iluminado con fotos propias e de Kensea, titulado *La Isla de Ons propiedad del Estado*. Parte de cando a illa era propiedade da familia Riobó, á que os veciños pagaban polas casas e terras, «a la que siguieron pagando la renta» despois de que, en 1937, a viúva de Didio Riobó a vendese, segundo Fariña, ao Ramo de Guerra, o que hoxe sería o Ministerio de Defensa. Os veciños pasaron así de ser colonos dun propietario privado a selo do Estado, ao que supón que pagarán a renda «sin esperanzas próximas de convertirse en propietarios de las casas en que viven y de las tierras que trabajan». Remata o artigo enumerando as obras que o Instituto Nacional de Colonización efectuou na Illa desde 1964. Cunha concisión propia da súa profesión, ocúpase da administración e da poboación, desde o Nomenclator de 1900 ata as datas do artigo nas que sinala a «tendencia a abandonar la isla para establecerse en Bueu». Indica como causas dese despoboamento o paso da dorna aos barcos con motor, sen ter un porto de abrigo para eles, a falla de lonxa onde vender as capturas e as carencias vitais para levar unha vida acorde cos tempos. Continúa dando unhas pinceladas sobre a xente e a vida na illa e remata, en ton humorístico, recoñecendo que O Rabelo, na viaxe de volta da Illa, o convenceu para que comese un percebe cru. É este un fermoso artigo no que se combinan os datos máis áridos propios da administración cos etnográficos e ata anecdóticos.

Unha das singularidades da Illa de Ons é a súa pertenza: quen é ou quen son os propietarios. Vimos de ver no artigo anterior que da illa como tal é o Estado, mais a tensión e o litixio continúa con respecto a casas e fincas. Esta cuestión da propiedade xerou bastante tinta desde Portela Pazos ata hoxe e, no falar mariñeiro, a rede pescando. Foi, precisamente, o director de *Aunios* quen continuou dándolle voltas en diferentes números da revista (Pardellas, 2003, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2023), sumándose a isto Pereira, quen di que «Acerca da propiedade da illa de Ons... falta por pescudar case que todo», aportando el o foro da Illa, localizado no Arquivo Diocesano de Santiago e engadindo que o seu traballo «só é, como indica o título, unha aproximación de urxencia» a este tema (Pereira, 2007). Barreiro Rosales engade

dous novos documentos, un deles un sub-aforamento das terras da Illa aos colonos e outro posterior, no que a relación propietario-colonos pasa a ser directa, traballando as terras os colonos en réxime de parcería (Barreiro, 2018).




Dedicou Fariña (1988 e 2000) uns artigos a estudar a adscrición municipal de Ons. Todo está dito no primeiro deles, repetíndose os pasos principais ata na súa extensa obra global (Fariña, 1993). Para evitar innecesarias iteracións, sintetizamos, xa que logo, polo primeiro. A raíña rexente María Cristina aprobou, en 1837, unha “nova planta” dos concellos. Nela quedaron sen adscribir a ningún as illas Cíes e as de Ons. O concello de Sanxenxo pretendeu incorporar estas últimas, para o que argumentou que as familias que habitaban Ons, «adicándose ó cultivo da terra, vivían sen goberno ou réxime de autoridade algunha no civil e no espiritoal», que a terra máis próxima a Ons era o concello de Sanxenxo, que se desprazaban alí para «ventilar os seus dereitos e cuestións, tanto civís como criminais...», etc. Logo das pertinentes actuacións, as illas de Ons pasaron a ser deste concello a partir do 31 de xullo de 1837.

En 1842 asínase en Beluso unha instancia de desconformidade, argumentando que os que moran en Ons son labregos do concello de Bueu que, nos días que o traballo en terra firme lles deixa libre, van cultivar terreos da Illa que lles arrenda o Marqués de Valladares. De ningún deles se pode dicir que é veciño das Illas, senón das parroquias de Meira, Cangas, Bueu e Marín. Alegan

HOMENAXE A: José Fariña Jamardo

moitas outras cousas, dubidan que haxa máis distancia a elas desde Bueu que desde Sanxenxo, falan das viaxes en galeóns contratados, etc. Pídenselles máis informes, mais Ons segue a formar parte de Sanxenxo ata que o Marqués de Valladares solicita que pase a ser de Bueu, desde onde se engade «unha lista cos nomes e apelidos dos veciños, -49 en total, dos que 47 son da parroquia de Beluso, un da de Meira e outro da de Cela» e que «a pesares de se empregar na labranza das Illas... veñen de contino [sic] ás casas matrices», que seguen a ter abertas. En novembro de 1844, Ons pasa a ser, ata hoxe, adscrita a Bueu. Repítese varias veces nos documentos que todas estas xentes vivían da labranza, dados nos que eu me baseei para escribir que os veciños de Ons, «hai cento e pico de anos, eran exclusivamente labregos» (Calo, 2013: 62).



PONTEVEDRA. Nº 4, 1988. Revista de Estudios Provinciales. Deputación de Pontevedra. "A adscrición municipal da Illa de Ons". Páxs. 133-142.

p. 404). Na introdución á Parte Especial (tomo I, p. 9) dixo que decidiu englobar todos os datos a manexar, tomados nas mesmas datas, “dentro dun cadro conxunto, ordeado [sic], simplificado e semellante, que permita a comparanza axeitada entre concellos”. Cada concello ocupa un capítulo e está dividido en 20 apartados iguais Coido que foi un verdadeiro acerto facelo así, pois facilita moito o traballo aos investigadores. Ao tratar sobre o concello de Bueu, amais de falar da súa segregación e agregación a Cangas das parroquias de Aldán e Hío, no ano 1873, sintetiza o artigo de 1988 e remata dicindo que a inclusión de Ons no concello de Bueu incrementou o territorio deste «en 4,9 km², e se ben agora figura como parroquia co nome de Ons, San Xoaquín, non o é baixo o punto de vista eclesiástico...». Dinos tamén que a poboación da Illa, en 1986, era de 18 habitantes, tendo así unha densidade de 3,7 por km² (Fariña, 1993: 209-210).

Vimos de ver que os traballos xurisdiccionais e administrativos sobre Ons fan de Fariña Jamardo un

autor imprescindible para o coñecemento destas illas que protexen a ría de Pontevedra.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO ROSALES, Belarmino (2018): “Ons: do seforo á autarquía”. *Aunios*, 23, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 8-13.
- CALO LOURIDO, Francisco (2013): “O estraño das illas é que haxa pescadores”. *Aunios*, 18, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 60-62.
- FARIÑA JAMARDO, Xosé (1970): “La Isla de Ons propiedad del Estado”. *Chan. La Revista de los Gallegos*, nº 22. Madrid, pp. 24-25.
- ID. (1988): “A adscrición municipal da Illa de Ons”. *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, nº 4. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra., pp. 133-142.
- ID. (1993): *Os concellos galegos. Parte Especial. Tomo II (Begonte-Carnota)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, pp. 205-220.
- ID. (1996): *A parroquia rural en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- ID. (2000): “La incorporación municipal de las islas de Ons a Bueu”. In *Historias de las Rías (II)*. Faro de Vigo, Vigo, pp. 841-856.
- felipesenen.gal/index.asp?registro=295
- PARDELLAS DE BLAS, Celestino (2003): “A propiedade da Illa de Ons. «O cabido catedralicio», «Carta de Hipólito de Sa Bravo»”. *Aunios*, 7, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 41-45.
- ID. (2009): “Ons: Propiedade – Administracións – Veciños. «Interpretación dalgúns documentos (I)»”. *Aunios*, 14, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 31-37.
- ID. (2010): “Ons: Propiedade – Administracións – Veciños (II). «Século XX»”. *Aunios*, 15, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 46-51.
- ID. (2011): “Ons: Propiedade – Administracións – Veciños (III). «Finais século XX-Principios século XXI»”. *Aunios*, 16, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 11-18.
- ID. (2012): “Ons: Propiedade – Administracións – Veciños (IV). «Irregularidades, imposto agrícola e concesións»”. *Aunios*, 17, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 31-38.
- ID. (2018): “Baterías de defensa na Illa de Ons (II)”. *Aunios*, 23, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 19-21.
- PEREIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2007): “A propiedade da Illa de Ons: Unha aproximación de urxencia”. *Aunios*, 12, Asociación Cultural PineirÓns. O Grove, pp. 2-6.

O quefacer literario de Xoán Fuentes Castro

Por: Emilio Xosé Ínsua

O pasado mes de outubro de 2023 cumpriuse o décimo cabodano do escritor Xoán Fuentes Castro (San Vicente, Ogrove 1932- Pontevedra, 2013), sen que na súa vila natal, tristemente, tal efeméride supuxese a organización de ningún acto institucional de lembranza ou de homenaxe. Estas liñas que redactamos para *Aunios* queren ser, por iso mesmo, un pouco ambas cousas.

Nos seus oitenta anos de vida, Xoán Fuentes deu abondas mostras de compromiso coa Cultura, con maiúscula. Xa non só pola súa formación filolóxica, filosófica, humanística e pedagóxica en universidades como a alemá de Colonia e a Complutense de Madrid ou por razóns de índole profesional docente en centros como o IES Castro Alobre (daquela aínda Calvo Sotelo) de Vilagarcía ou o IES Ramón Cabanillas de Cambados, onde acabaría xubilándose, senón tamén pola súa entrega *gratis et amore* a empresas comunais relacionadas co Entroido, coa música (foi director durante case unha década da coral “Boca da Ría” e compuxo a peza poético-musical “Estreliña feiti-ceira”), co deporte (axudou a fundar o club de fútbol “Amanecer”) e co xornalismo de divulgación (na propia revista *Aunios* entregou o artigo “Algúns trazos da fala de San Vicente”).




En todo caso, Xoán ocupará sempre un lugar moi honroso no panorama da cultura e das letras galegas mercé a un conxunto de traballos de aparición relativamente serodia que se centraron, fundamentalmente, en tres vertentes: a tradución, a narrativa e a poesía.

No que di á vertente tradutora, cómpre dicir que resulta, talvez, a que fai que escintile con máis forza o nome de Xoán no Olimpo literario galego das últimas décadas.

Da súa man saíron versións para a lingua de noso da novela *O último safari*, do escritor irlandés afincado nos EE.UU. Leonard Wibberley (1915-1983), tamén coñecido como Patrick O’Connor (Laivento, 1992); do tratado socio-lingüístico *Lingüística e Colonialismo*, do francés Louis-Jean Calvet (Laivento, 1993), un dos libros máis lúcidos e reveladores sobre esa materia; da peza teatral *A engranaxe*, do intelectual existencialista e marxista francés Jean-Paul Sartre (1905-1980) (Laivento, 1994); do ensaio *Para comprender a música contemporánea*, do musicólogo e compositor de Burdeos Henry Barraud (1900-1997) (Laivento, 1996); das *Bucólicas*, de Publio Virxilio Marón (s. I a.n.e.) (Toxosoutos, 2010); da *Eneida*, do propio Virxilio (Toxosoutos, 2013) e, finalmente, do *Tractatus Logico-Philosophicus*, do filósofo austríaco Ludwig Wittgenstein (1889-1951) (Toxosoutos, edición póstuma en 2014, candidata ao Premio de Tradución Lois Tobío).

Ficou inédita ata o presente a tradución para galego que Xoán fixo das *Conversas con Kafka*, do poeta e musicólogo esloveno Gustav Janouch (1903-1968), amigo persoal do autor de *A metamorfose*.




Tamén traduciu, desta volta para castelán, o libro *Tiempos de fuga* do escritor de Cea, cambadés adoptivo e compañeiro de claustro docente do propio Xoán no seu día Ramón Caride Ogando, publicado en 2008 pola editora mexicana Almadia.

Polo que di á segunda desas vertentes, a narrativa, Xoán escribiu e publicou un total de catro novelas orixinais: *A torre no deserto* (2003), *Na fronteira* (2004), *O pescador de cana* (2006) e *O cuadrilátero* (2010). En todas elas son notorios, coidamos, algúns trazos recorrentes, entre os que nos atrevemos a subliñar os seguintes:

- As pegadas temáticas e estilísticas de autores como Kafka, Aldous Huxley, George Orwell, Wibberley, Ray Bradbury ou Jean-Paul Sartre, moitos dos cales el propio traduciu para galego, como acabamos de indicar;
- O peso, dentro do despregamento argumental, das reflexións filosóficas e sociolóxicas arredor das condutas, dos conflitos e dos dilemas ético-morais do comportamento humano, nun constante afán por desvelar os mecanismos do poder e da alienación sobre os individuos, as trampas dunha sociedade adrede infantilizada e/ou deshumanizada;
- O afán de dotar de densidade e substancialidade a exposición, que adquire así moitas veces trazas simbólicas e alegóricas e que se mergulla frecuentemente na memoria dos propios personaxes. Son, por iso, as de Xoán Fuentes novelas de lectura esixente, que foxen adrede da simplicidade, da banalidade, do desenvolvemento lineal e da tentación do *best-sellerismo*;
- O predominio dunha ética da dignidade e da resistencia, que se encarna sempre nalgúns dos personaxes principais e que se ergue contra toda caste de abusos, inxustizas e opresións, de maneira que hai sempre na narrativa de Xoán Fuentes, indo alén destas ou daquelas siglas, un compromiso político claro e un afán “revelador” e “desvelador” que apela en derradeira instancia ao espertar da conciencia crítica e libre do/a lector/a;
- O gusto polos contrastes á hora de construír os personaxes (en idade, en procedencia xeográfica, en xeitos de pensar e actuar), así como a preferencia polos perfís antiheroicos (seres con vidas normais e correntes enfrontados nun momento dado a un dilema ético, a unha opresión inxusta, a un reto do seu destino, como lles acontece a “Vintín” e “Al-Haken” en *Na fronteira*, dous soldados de exércitos inimigos que se ven involucrados á forza nunha guerra que, como non podía ser doutro xeito, nada ten a ver en realidade cos seus intereses e expectativas como seres humanos dignos da tal nome).
- A abundancia de elementos distópicos, dado que a ambientación nun espazo ficcional aparentemente futurista permítelle a Xoán Fuentes despregar unha aguda crítica sobre algúns dos fenómenos propios das sociedades do presente;
- E, finalmente, un profundo dominio do idioma, tanto no emprego dos seus diversos rexistros (desde o coloquial ao máis requintado), como no manexo do vocabulario, como, en fin, no despregamento dunha sintaxe sempre rica, ben trabada e fluída.


De *A torre no deserto*, a novela que dalgún xeito marcou a pauta desa tetraloxía narrativa, escribiu no seu día con razón o crítico literario Francisco Martínez Bouzas no seu blog *Novenoites* que é “unha historia estarrecedora que debemos colocar na fileira e no ronsel das utopías negativas, aquelas visións do futuro que non viven da anticipación dunha maior liberdade, senón que nos lembran a ameaza da súa perda [...] a fabulación de Xoán Fuentes Castro acentúa ata o caricaturesco a visión crítica do momento presente, proxectándonos nun porvir que, ao contrario das utopías positivas, xa non é radiante, senón pegoso e aterrador”.



Finalmente, o Xoán Fuentes poeta, agás algunha esporádica excepción como foi participar no recital da VIII Forxa Literaria en Piloño (Vila de Cruces) en 2007, revelouse como tal só de xeito póstumo mediante o volume *Berra, irmán!!* (2015), que viu lume da man de Ramón Caride e de David González Couso na colección Nume da editorial Toxosoutos, de Noia.

Berra, irmán!! son, se así pode dicirse, moitos libros nun só libro, pois os estilos, as mensaxes, os feitíos dos poemas que o constitúen despréganse nun amplísimo abano de concrecións, que van desde o clasicismo dos sonetos finais dedicados a elementos e manifestacións da cultura labrega tradicional galega en vías de desaparición (o piorno, o carro, a malla...) ata a poesía angustiada, existencial e metafísica na que parece ecoar aínda a Escola da Tebra dos anos 50-60 (Cuña Novás, Manuel María, Celso Emilio...), sen que falten poemas de amor á súa compañeira Dolores, evocacións íntimas, rupturas co pasado persoal marcado por opresións catequéticas, homenaxes ao poeta do Courel Uxío Novoneira, sátiras descarnadas e mordaces, berros contra a guerra, o colonialismo e a explotación dos países e xentes do Terceiro Mundo, protestos contra a alienación do ser humano na sociedade de consumo, denuncias dos abusos dos poderosos (“*os banqueiros do sangue*”, “*a raza de zombies a aplaudir nos consellos*”), alegacións contra a trágica presenza, a carón da indecente opulencia duns poucos, dunha multitude de famentos e sen teito.

Hai, como anota Ramón Caride no limiar, dúas castes de poesía no libro: “A dos versos longos e amoreados. A dos versos curtos e penetrantes”. Mais esas dúas castes, sendo tan diversas na aparencia, responden en realidade a un mesmo espírito, incisivo e reflexivo ao mesmo tempo, que na procura da luz/lucidez que nace da coherencia, rompe o silencio e enche o branco da páxina con luzadas de pensamento, imaxes evocadoras, xesteirazos de raiba máis que xustificada:



*Por que non pode ser o home
Simplesmente home?
É dicir, terra, natureza, nisco de materia?
Por que o non deixarán vivir en paz
Co seu propio relato sen que os sabios
Lle inventen biografías aburridas
Na súa teima de atoparlle pedigree ao átomo?
Por que lle dan de pasto esa parvada
De ser máis que as outras vidas, máis
Que a propia evidencia da súa química,
Pedantes ata máis alá do riso?
A marca ominosa da especie
Macula as fontes limpas do lume orixinal.
Abondo ten o home
Cos seus días e cos dentes acedos do reloxo,
Do abutre prometeico,
A roerlle sen tregua o fígado da vida. [...]*

ILLA DE ONS: UN PERSONAXE DIGNO DE ESTUDO “FRANCISCO GENARO ÁNGEL”

Por: Fernando Trigo & Tino Pardellas

NECESARIA ACLARACIÓN

Polo ano 1980 coincidín co Director desta revista en Ons, e debido a que compartiamos estancia no mesmo barrio (Caño), fixemos unha boa amizade. Daquela acompañeino en moitas ocasións ás proxeccións de diapositivas que facía por algunha casa insular e nos bares de Checho e Acuña. Pasaron os anos e cando souben que formaran unha asociación en Ons e que publicaban unha revista, volví contacta con el para que me enviara e ver se podía escribir algo nela sobre as miñas experiencias de mozo. Deume a oportunidade no 2008. Pedíume que fixera un pequeno artigo sobre o Patrimonio Arqueolóxico da Illa, para o que me facilitou toda a documentación necesaria. Ao ano seguinte escribí o primeiro artigo propiamente meu, da miña «Primeira viaxe a Ons e sobre o Faro», aínda que con algúns datos que Tinón tamén me facilitou,.

Foi a partires de aí que comecei a colaborar en Aunios pero, eu clasifícoo como: de segundo de bordo. Tinón necesitaba alguén que escribira sobre temática etnográfica e, para non acaparar el máis dun artigo en cada revista, pedíume que escribira eu sobre algunhas materias, para o que me pasaba todos os datos necesarios; eu escribía sobre o tema, logo os cotexabamos-corríxiamos e por último publicábase o artigo. É por iso que, para que quede aclarado, dos 12 artigos que levo publicados en Aunios só os dos números 14 e 27 son propiamente meus, os demais hai que poñelos como realizados entre Tinón máis eu, un poñendo os datos e outro escribindo e asinando. Este ano (2024), despois de tratado o asunto, decidimos aclaralo aos lectores e que a partires deste número 29, se o traballo é dos dous, levará os dous nomes.

Fernando Trigo

COMO XURDIU O ASUNTO (Introdución)

Foi polo ano 2005, cando o director da revista AUNIOS coincide con José Manuel Pereira Fernández na presentación en Pontevedra dun número da revista Nodales, editada polo Gremio de Mareantes, e na que os dous escribían cadanseu artigo.

Pereira Fernández é licenciado en Historia Contemporánea, autor de varios libros e numerosos artigos en revistas, prensa,..., e, sobre todo, un experto en escudriñar en arquivos e bibliotecas á busca de datos. Pardellas aproveitou para animalo a colaborar en Aunios, cousa que fixo ao ano seguinte cun artigo sobre “Cercos e xeitos, artes de pesca nas Rías Baixas Galegas no século XVI”, Aunios nº 11. 2006.

Pereira non coñecía a revista Aunios e, coa súa posterior lectura, puido comprobar o interese que tiña a Asociación Pineiróns pola Illa de Ons o que provocou que lles comentara que nunha das súas pescudas, no Arquivo Diocesano de Santiago, atopara, fóra de lugar, a documentación sobre o Foro de Ons.

Loxicamente o tema era interesante e animá-molo, se lle cadra ir por Santiago, a localizalo de novo e escribir un artigo sobre el. Sorprendentemente non puxo pega ningunha e asegurounos que, tan pronto se achegara ata o Arquivo Diocesano, fotocopiaríano para nós.

E así foi, tróuxonolo fotocopiado, lido e ben estudado. Foi nese intre cando comezamos a contactar máis asiduamente e convencémolo para escribir un artigo sobre o Foro. Como bo investigador, nos ratos libres que lle permitían as súas pescudas e o seu labor profesional, púxose a buscar máis documentación sobre Ons e, a dicir verdade, en pouco tempo atopou a suficiente como para provocar nel un interese cara á Illa e á súa historia.



Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela.
Foto: elrincondelagenealogia


Foi así como, no seguinte número de Aunios, decide escribir sobre: “*A propiedade da Illa de Ons, unha aproximación de urxencia*”. Nº 12. 2007. Onde podemos comprobar, pola numerosa bibliografía que utiliza, o enorme esforzo investigador que fixo en pouco tempo, tendo en conta, que nunca antes indagara sobre ela.

Comentounos que co escaso tempo que destinou a buscar documentación, con todo o atopado e o pouco que hai escrito sobre a historia do arquipélago das Ons, podería ser un tema de estudo e análise moi interesante para calquera investigador, sempre e cando, conte cunha axuda económica para realizalo, por mor do tempo que habería que dedicarlle en exclusiva, polas continuas viaxes e estancia nas diferentes localidades galegas e estatais para visitar os arquivos necesarios e para outro tipo de gastos que xurdirían durante a busca de información.

Loxicamente PineirÓns non podería facerse cargo deses gastos pero si deu a idea de presentar unha proposta á Dirección do Parque Nacional Illas Atlánticas para ver en que medida lles interesaba o tema e poderían subvencionar a investigación. Como viña sendo habitual, a primeira resposta foi negativa, as cuestións históricas e etnográficas non interesaban a un organismo dirixido, na súa maioría, por biólogos, pero, ante a nosa insistencia, a Dirección do Parque púxonos en contacto co Presidente do Padroado do Parque Nacional.

Nunha mínima conversa telefónica, o Presidente do Padroado, deixouunos abraiados cando nos dixo que xa iniciaran conversas, nada menos que con Ramón Villares e que o seu equipo se ía encargar de realizar ese estudo histórico sobre a Illa de Ons. O noso escepticismo foi maiúsculo, primeiro porque se preocuparan de realizar un estudo sobre a Historia de Ons e segundo pola persoa escollida que o seu caché ía ser o suficientemente alto como para o Padroado gastalo en investigación histórica.

Informamos a Pereira e, sen ter todas consigo de que o Sr. Villares fose facer ese traballo, como coidamos que así foi (ata agora, 2024, non temos coñecemento de que o historiador Ramón Villares, fixera investigación algunha sobre a Historia de Ons pagada polo Parque ou polo Padroado), retirouse do proxecto, non sen antes deixarnos unha chea de apuntes e documentación sobre as poucas pescudas realizadas, entre as que queremos destacar neste artigo, pola súa importancia, as relacionadas cun personaxe que tivo especial relevancia entre os anos 1810 – 1828 na historia e sucesos acaecidos na Illa de Ons: Francisco Genaro Ángel.



Castelo da Rueda. Restos da fortificación de 1810

POR QUE, GENARO ÁNGEL, CHAMOU A ATENCIÓN DO INVESTIGADOR?

Como todos os que intentamos investigar sobre Ons, Pereira, bebeu do magnífico traballo de Salustiano Portela Pazos “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*” e, nun principio, todo parecía ir ben.

Na páx. 56 de dito traballo, nomea Salustiano a F. Genaro Ángel e comenta: “... *sospechamos había sido el director de las obras que ya se habían comenzado en el año 1810...*”. Nun principio, así quedou a cousa, pero a medida que ía entrando no estudo e xurdían novos datos, comeza a sospeitar sobre este personaxe, en especial, ao facerse cargo da compra da maioría das Accións de Primeira Clase coas que a Xunta de Armamento e o Cabido ían a facer fronte aos enormes gastos que traería a instalación das baterías de defensa na Illa.

Para entender mellor o xurdir da aparición de Genaro Ángel, habería que pescudar na historia anterior ao século XIX, pero sería moi longo explicar o tema do por que da necesidade destas Baterías de Defensa, con toda a trama da propiedade de Ons dende o século XV e cales foron os motivos que levaron a establecer reunións e chegar a acordos co Cabido para a súa construción, por iso, recomendamos a lectura en Aunios destes artigos¹. <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAunios.htm>

¹ Fernando Miranda Almón. “*A Illa de Ons: Un breve repaso histórico sobre a súa propiedade*”. Aunios 10. Páxs. 62-64
 Celestino Pardellas de Blas. “*A propiedade da Illa de Ons*”. Aunios 7. Páxs. 41-45. Celestino Pardellas de Blas. “*Ons, propiedade, administración, veciños... (I)*”. Aunios 14. Páxs. 31-37. Celestino Pardellas de Blas. “*Ons, propiedade, administración, veciños... (II)*”. Aunios 15. Páxs. 46-51. Celestino Pardellas de Blas. “*Ons, propiedade, administración, veciños... (III)*”. Aunios 16. Páxs. 11-18. Celestino Pardellas de Blas. “*Ons, propiedade, administración, veciños... (IV)*”. Aunios 17. Páxs. 31-38. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (I)*”. Aunios 22. Páxs. 38-43. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (II)*”. Aunios 23. Páxs. 19-21. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (III)*”. Aunios 24. Páxs. 2-5.

José M. Pereira Fernández. “*A propiedade da Illa de Ons. Unha aproximación histórica*”. Aunios 12. Páxs. 2-6

Ons, no 1810, formaba parte do conxunto de lugares onde se ían a instalar fortificacións para defender a entrada polo mar cara a Galicia, pero o custo era elevado, polo que a Xunta de Defensa decidiu priorizar e Ons quedou relegada e sen investimentos para seguir coas obras xa comezadas. Foi así como o encargado de levalas adiante, o cura de Sanxenxo Salvador López Gil, vese na obriga de buscar recursos e, entre outras fórmulas, chega a acordos co “propietario” de Ons, o Cabido Catedralicio, e dividen gran parte da Illa en terreos cultivables, que a modo de Accións de Primeira Clase, pónense á venda a quen queira traballalas e como única cláusula, o pago dunha renda anual e deixarlle uns terreos á Igrexa Compostelá para un posible uso futuro.

A probable documentación que eses acordos traería consigo, é do interese de Pereira para a súa investigación, e acode a diferentes arquivos como: o do Reino de Galicia, Diocesano, San Martiño Pinario,...., a busca de información.

Chamoulle moito a atención que unha documentación relativamente recente e de suma importancia, tanto para o Cabido, como para Defensa e propietarios das Accións, non fose doada de atopar e, ata chegou a comentar, que en certas institucións, parecía como se algunha documentación a fixesen desaparecer.

Esta posibilidade, deixa moitas incógnitas que pasan a ser portas abertas sobre a importancia da investigación do contido desa documentación, entre outros ocultos motivos, polo seu interese actual co tema da propiedade da Illa.

Ante as dificultades iniciais de atopar eses documentos, Pereira Fernández, vai tirar por outros camiños de busca e, nun principio, vaise centrar na figura de Genaro Ángel, pois lle resultaba moi estraño que un *Jefe de Obras*, como dicía Portela Pazos, tivera o potencial económico tan grande como para facerse con máis do 50% das Accións, tendo en conta o prezo real, que debería ser elevado, como para poder sufragar con elas o custo das Baterías.

Apuntaba e tiña claro, que a busca de información e documentación sobre un suposto “xefe de obras” ía dar uns resultados negativos pero, como nunca se sabe, púxose ao traballo e, quen llo ía dicir, saltou a lebre!!! Francisco Genaro Ángel era un capitalista catalán, con residencia en Pontevedra, concretamente nunha das mansións brasonadas da pontevedresa Praza do Teucro, propietario do Pazo de Lourizán, con infinidade de negocios de todo tipo pola provincia de Pontevedra, entre as que se atopaba, unha ou varias Fabricas de Salga na Enseada de Aldán. Agora si, algúns acontecementos ían ter a súa lóxica.

CAL SERÍA O MOTIVO DO XURDIR, NA HISTORIA DE ONS, DE FRANCISCO GENARO ÁNGEL

Agora todo comezaba a encaixar e a medida que pescudaba na vida de Genaro Ángel, ía atopando a lóxica da súa relación con Ons. Como dicíamos, o encargado de levar o peso das obras da Fortificación en Ons, era o párroco de Sanxenxo, López Gil, cura que era tamén de Salcedo (Pontevedra) parroquia que limita coa de Lourizán, lugar, onde Genaro Ángel posuía o seu Pazo.

É fácil supoñer que López Gil coñecera a Genaro Ángel e que soubera do seu importante capital e, cando xurdiu a necesidade de buscar persoas podentes para a compra de Accións na Illa, pensara nel como home de negocios e que, como tal, lle buscaría unha saída proveitosa á substancial contribución que lle ía supoñer a compra desas Accións.

Nun principio, xunto co cura de Sanxenxo, Genaro Ángel encargouse de poñer todo a andar. Parece ser que estivo en Ons, ou mandou a algunha persoa con coñecementos para, xunto co enxeñeiro que deseñara as obras, Sr. Cossio, parcelaran as terras aptas para o cultivo. Logo, el escolleu as mellores e as demais encargouse López Gil de buscar compradores que as traballaran e foran o suficientemente solventes para pagalas e despois aboar a cota imposta polo Cabido.

Non sería desatinado pensar que Genaro vira na Illa un lugar ideal para a instalación dunha fábrica de salga como as que xa posuía en Aldán e que, segundo parece, tan bos resultados deron noutras illas como Cíes e Sálvora, e que anos máis tarde, sendo “dono” de Ons o Marqués de Valladares, tamén montaron en Ons.

Pero non, co paso do tempo e vendo que a fortificación non ía arriba, que os cartos aportados gastábanse igual, que dende a Xunta de Armamento non poñían orde,...., e que as perspectivas de posibles incursións marítimas alleas ían desa-



Pazo de Lourizán, que foi propiedade de Francisco Genaro Ángel

parecendo, Genaro Ángel, decide alugar os terreos que mercara coas Accións a persoas da costa próxima, principalmente da súa zona de Lourizán e Morrazo, que se instalaran familias a vivir e traballar os terreos,..., mentres el buscaba algunha posibilidade económica a todo o alí mercado e investido.

Podemos dicir que mentres el estivo ao cargo dos seus terreos de Ons, é dicir, ata a súa morte no 1828, non tivo ningún tipo de problema nin co Cabido, pagando anualmente a renda convida, nin coas familias que viñeron de aluguer aos seus terreos. Segundo parece, el cobraba polos terreos aos arrendatarios, onde estaba incluída a renda ao Cabido, e encargábase despois de pagar ao Arcebispado. Nunca houbo ningún tipo de litixio entre Genaro Ángel, arrendatarios e Cabido.

COMO LEVOU A SÚA RELACIÓN CON ONS, GENARO ÁNGEL

Como home de negocios que era, veu a oportunidade de compra e non dubidou en arriscarse, á vez de participar no labor de defensa que lle encomendaran ao, supoñemos, seu amigo o cura de Salcedo. Cando decide alugar os terreos aunienses, mentres buscaba un sentido aos terreos mercados, a relación cos arrendatarios e o pago ao Cabido foi levado sen atrancos, e en varias ocasións, e fíxoo satisfactoriamente, tivo que mediar en pequenos conflitos xurdidos cos cultivadores das terras que arrendaba Salvador Gil..., o que demostra que, aínda sen ver en Ons un lugar de beneficio inmediato, tiña unha certa preocupación polo arquipélago.

Pensaba Pereira que o poder de Genaro Ángel, tanto dende o punto de vista económico como tamén político, foi o que botou atrás as intencións dos descendentes da familia Montenegro cuxos antepasados, no seu momento, asinaron o Foro coa Igrexa Compostelá. Estes herdeiros, souberon dos propósitos de fortificación da Illa e intentaron dar conta á *Junta Superior de Defensa* de que a eles pertencía a súa propiedade. Pero dende o organismo de defensa

fixeron caso omiso da reclamación e, supoñemos que nun principio á espera de acontecementos, non se atreveron a preitear, xa que terían que facelo primeiro co Cabido, e pensamos que as cláusulas postas no acordo do Foro non foran cumpridas e, agora a maiores e despois do tema das Accións, tamén terían que litigar cun potentado como era Genaro Ángel, que de seguro, ía a poñer toda a carne no asador para seguir mantendo as terras que adquirira coas Accións.

Podemos asegurar que no tempo que Genaro Ángel tivo ao seu cargo a maior cantidade de terreos de Ons, non houbo problema algún na Illa, agás que a fortificación non chegou a realizarse. Os conflitos viñeron despois do seu pasamento, cando os seus testamentarios non seguiron o seu exemplo e comezaron a ter discrepancias cos arrendatarios e co Cabido, o que deu forzas ao Marqués de Valladares, como herdeiro dos Montenegro, para preitear con eles, despois co Cabido e por último cos veciños xa establecidos na Illa. Pero esa xa é outra historia.



CONCLUSIÓN

Como levamos dicindo nestes 26 anos de historia de Pineiróns e de Aunios, o noso obxectivo é dar a coñecer as peculiaridades de Ons para que persoas cualificadas a estuden dun xeito científico e técnico; de aí que pensamos que este persoeiro Francisco Genaro Ángel é digno dun estudo profundo, tanto para a historia de Pontevedra como, sobre todo para nós, a de Ons, xa que a súa incursión na Illa deu pé a unha serie de cuestións que habería que investigar e clarear.

Temas como: Cal foi o motivo da compra dunha importante cantidade de Accións de Primeira Clase. Por que dende a *Junta de Defensa* acudiuse ao Cabido, como propietaria, e non aos herdeiros da familia Montenegro que tiñan un Foro dende o s. XV. Onde está arquivada toda esa documentación e por que algún historiador pensa que a fixeron desaparecer. Os arrendatarios que alugaron eses terreos de Genaro Ángel ao igual que os que o fixeron a Salvador Gil e os que posteriormente viñeron antes de que o Marqués de Valladares se fixera cargo, legalmente ou non, da Illa, terían a posibilidade de demostrar que eses terreos lles pertencen? Cal sería o motivo de que os testamentarios de Genaro Ángel, nun momento do lite co Marqués, non seguiron preiteando por uns terreos que Genaro mercara de xeito legal?...

Poderíamos seguir facéndonos preguntas, pero dou por seguro, como lle pasou a Pereira Fernández como investigador e descubridor deste suposto «*Jefe de obras*», que a medida que se profunde no seu estudo, van ir xurdindo novos datos que nos levaran a outros que, á súa vez, a ciencia certa, levaranos a coñecer máis polo miúdo a verdadeira Historia da Illa de Ons.

Durante trinta e cinco anos lévase organizando o ciclo “Cultivando o Mar” onde se imparten charlas divulgativas sobre temas actuais relacionados co mar e os seus recursos

Por: Jacobo Fernández

Co nacemento de Insuiña O Grove no ano 1983, empresa pioneira no cultivo do rodaballo en España, xorde a necesidade de adquirir coñecementos no ámbito dos recursos mariños e a acuicultura.

É así como, coa demanda de solucións por parte da empresa nun campo novo e inédito, establécese una sólida relación cos centros de investigación galegos e españois: CIMA, IEO, as Universidades galegas e CSIC.

Os equipos de investigación xa levan tempo traballando na procura de resultados aos múltiples e complexos problemas que aparecen cos novos cultivos, pero agora a solicitude de estudos antóllasenos máis prácticos e céntrase nos campos da alimentación, manexo e, fundamentalmente, patoloxías, criadeiros e xenética.

Neste contexto, é doado entender que, dende a dirección técnica da empresa Insuiña, tanto Alfredo Fernández como Jacobo Fernández, buscaran ás persoas que traballaban nas distintas areas do coñecemento da acuicultura.

Deste xeito, entran en contacto con Alejandro Guerra e Antonio Cerviño, director e membro do CIMA en Vilaxoán, organismo pertencente á Xunta de Galicia e adicado a investigacións mariñas e, pola parte da universidade, dende o primeiro momento fábase con Manuel Rey, catedrático de Bioquímica e moi ligado con proxectos relacionados co mar e os recursos mariños..

Esta colaboración técnico-científica existente, ampla e permanente, fixo que dende Insuiña, coa participación dos citados centros colaboradores, se decidira organizar un ciclo de charlas de temas relacionados cos cultivos mariños e a acuicultura. Conceptualmente, tratábase de reverter na sociedade o coñecemento adquirido e expoñelo ao público para o seu proveito.

No ano 1989 nace o ciclo de conferencias Cultivando o mar, e daquela non coñecemos ningún evento que tivera este tipo de temática para o público en xeral. Posteriormente xa na década dos 90 en Burela celébrase ExpoBurela con ciclo de conferencias de temática mariña e en Cartaya (Huelva) nace un congreso sobre temática mariña, tamén con función divulgativa.

Quedaban por decidir cuestións operativas como as datas de celebración, os temas a divulgar, a frecuencia deste ciclo e o lugar de celebración deste novo evento. Abríase un abanico de dúbidas pero ilusionante.

Sobre as datas a celebrar o ciclo Cultivando o Mar, tívose claro, dende o principio, que a data festiva da Festa do Marisco e moi representativa para o pobo de O Grove; así Insuiña, dende o inicio, viña colaborando coa Festa organizando xunto co CiMA e a Universidade Galega estas charlas divulgativas e incrementando o eido cultural da propia Festa do Marisco do Grove.

A temática a desenvolver no ciclo de conferencias era moi sinxelo de elixir, pois serían temas relacionados cos recursos mariños e a acuicultura e debería de ser un tema de actualidade. Por iso o programa non se pode decidir e pechar ate o derradeiro mes, e posteriormente seleccionar e invitar os relatores axeitados para o evento.

Por parte do comité organizativo, Insuiña, Cima e Universidade fíxose que a periodicidade debería ser anual para non perder esa cita técnica e a celebrar sempre no Grove.

O lugar de celebración do evento foi outra das cuestións operativas que houbo que dilucidar, e claramente viuse que a xornada técnica debería celebrarse de portas abertas na confraría. Ademais de na sala de actos da confraría, o evento nestes derradeiros 35 anos oficiouse nos barcos de recreo como o Visión Un, o pailebote Nieves, na propia lonxa, na Sala das Cunchas do Concello , no salón dun hotel e mesmo na casa de cultura de O Grove .



Insuiña instalación 1984

Como xa lembramos, foi no ano 1989 e na casa de cultura Manuel Lueiro de O Grove, onde se celebrou o primeiro ciclo Cultivando O Mar e, para esa especial edición, contou con investigadores e empresarios. Juan Barja, microbiólogo da USC, Alberto de Coo, biólogo do Cima, Manuel Davila, empresario de Piscícola do Morrazo, Chelova Hatlen, xerente de Granxa Atlántica de Couso e Miguel Planas biólogo do CSIC, moderados polo biólogo Jacobo Fernández. Disertaron sobre *“O cultivo de peixes e as dificultades técnicas para poder desenvolver este tipo de cultivos”*.

Juan Barja, catedrático de Microbioloxía de la USC, relator do primeiro ciclo de Cultivando o mar en 1989, despois de transcorridos 35 años opina:

“La interlocución trata que expongan de forma amena y comprensible los trabajos que realizan en favor del sector y ese mismo sector, plantee directamente sus puntos de vista y las dudas que surjan sobre la situación de la acuicultura de Galicia, con la idea de mejorar la producción, y por tanto, la economía y la vida de la comunidad.

Es una oportunidad nada fácil, pues los científicos, tienden a tener una visión enfocada a un aspecto muy concreto y los acuicultores, muchas veces se basan en su experiencia de años, que puede no estar soportada en conocimientos actuales”



Primeira edición ciclo Cultivando o Mar celebrado na casa de Cultura de O Grove en outubro 1989

Alberto de Coo, biólogo o CIMA ,tamén relator do primeiro Cultivando o Mar considera que

“..., uns biólogos mariños bastante novos, comenzamos a falar do futuro da Acuicultura Mariña,A persoa que imaxinou e impulsou o I Ciclo de Cultivando o Mar, consciente desta riqueza intrínseca galega e a súas necesidades de divulgación, debate, e preservación documental e práctica..que durante estes 35 anos persistiu nesta tarefa inusual e tan valiosa no mundo actual (superacelerado e..tan só de presentes..) que estamos a vivir..... onde consultar as mais diversas (e todas) as facianas do noso mar..Un traballo increíble..”



Cultivando o mar celebrado o 9 outubro 2008 no barco Nieves

A actualidade dos temas elixidos sempre foi un dos sinais de identidade dun ciclo de conferencias, Cultivando o Mar que, neste ano 2023 , celebra o seu 35 aniversario. Nun percorrido por este longo camiño, temos que lembrar que máis de 140 conferenciantes de diferentes ámbitos expuxeron os seus relatorios e foron mais de 40 os temas tratados (os primeiros anos o ciclo estendíase dous días) . En moitas edicións *maridouse* a divulgación coa música en vivo.

Así, polo estrado expuxeron os seus traballos: mariñeiros, mariscadoras, psicólogos, farmacéuticos, avogados, veterinarios, biólogos, médicos, mestres, enxeñeiros, ecoloxistas, mariños mercantes, maxistrados.... un longo repertorio de xentes da nosa sociedade.

Destacamos algunhas temáticas que se trataron no evento: Mareas negras, novos cultivos, contaminación, biotoxinas e incendios, furtivismo, rexeneración de praias. Tamén se tivo a ocasión de presentar un traballo do sociólogo Miguel Cancio da USC que estudaba as causa do furtivismo na ría de Arousa. Salientar que o mais controvertido dos temas debatidos

nos ciclos de Cultivando o Mar foi no ano 2000 cando se tratou o tema sobre *Alternativas medioambientais para o tratamento da cuncha do mexillón*.

La Voz de Galicia previamente o 12 outubro de 2000 recolle a noticia co seguinte xeito:

«Cultivando o mar» estudia las fórmulas de tratamiento de la concha de mejillón

El foro analiza las alternativas para la gestión de un residuo que ha generado una agria polémica en O Grove La tarde se presenta tensa. Los organizadores del ciclo «Cultivando o mar», que este año llega a su edición número doce, saben que han elegido un tema que en O Grove va acompañado de la polémica: el tratamiento de la concha de mejillón procedente de las conserveras.

Visitáronnos persoas de toda a xeografía galega, ademais de relatores das Baleares, Cataluña, Cantabria, Andalucía, País Vasco, Italia, Chile, Arxentina, Colombia, Brasil, Venezuela, Italia, Países Baixos, Noruega e Reino Unido.

O éxito de Cultivando o Mar fixo que as temáticas estudadas non podían desenvolverse na súa totalidade, polo que inevitablemente deberíamos ampliar os días e os relatores, para expoñer con claridade os diferentes ámbitos dos recursos mariños e cubrir así a demanda que estaba xurdindo cada ano.

Por ese motivo, a partir da edición número 10 xa no ano 1998, o comité organizador decide, mantendo o ciclo de conferencia de Cultivando o Mar, crear outro espazo científico de divulgación, pero mais científico chamado, Foro dos Recursos Mariños e Acuicultura das Rias Galegas. Nace así o Foroacui

O Foroacui consolida e mantén un comité organizador coas mesmas tres institucións: Empresa privada, Centros de Investigación e Universidade Galega.

O mais destacable de Cultivando o Mar, como ben recolle Juan Barja, é a comunicación directa que se establece entre o sector produtivo e os investigadores; así, no tempo de preguntas, son moitas as persoas que formulan as súas dúbidas e expoñen as necesidades reais que ten o sector. Esta interrelación non é moi doado encontrala en coloquios de este ámbito.

A primeira publicación de cultivando o mar é do ano 1990, un libro editado por Manuel Rey da USC: *“Cultivando o Mar, cultivo de peixes, moluscos e crustáceos en Galicia.”*

Nas actas do libro do II seminario celebrado o 10 e 11 de outubro de 1990 na súa presentación, recóllese

“...realizamos una xuntanza entre empresarios e investigadores interesados nos recursos mariños co fin de achegar un pouco máis estes dous mundos dun sector en continua expansión. Nesta reunión púxose en contacto a investigadores e empresarios ou técnicos de empresa, para resolver problemas concretos ou ben desenvolver proxectos comúns...”



Cartel anunciador do XII ciclo Cultivando o mar: Tratamento da cuncha do mexillón. 13 outubro 2000. Foi una das edicións de Cultivando o mar con maior asistencia de público



Público asistente ás charlas de cultivando o mar na Confraría de mariscadores

A SOLAINA. Rúa Peralto B, 8 • T. **986 73 34 04** • 36980 O GROVE (Pontevedra)
SOLAINA. Avd. Beiramar (zona del puerto) • T. **986 73 29 69** • 36980 O GROVE (Pontevedra)

RESTAURANTE CAFÉ BAR
A Nova Ponte
 TAPAS E COMIDA CASEIRA
 Praia de Major, 94 / 36960
 Noalla-Sanxenxo
 986 744 165

#MERCADO NO GROVE

Quiosco Isaías
 Desde 1958

Praza do Corgo, O Grove



**Jaime Solá, 10
O GROVE**

Telfs.: 615 40 54 38 - 986 73 02 55


David González Miguez

HOTEL PIPO

Si disfruta de sus vacaciones en nuestro hotel, encontrará un ambiente familiar y agradable que harán que su estancia sea de lo más confortable. Sus vacaciones serán inolvidables.



Las habitaciones son confortables y espaciaosas, siendo todas exteriores. Cuentan con baño completo, calefacción, televisión y teléfono. En nuestro restaurante disfrutarán de la cocina casera típica gallega, saboreando los mariscos y pescados de las Rías Bajas.



HOTEL PIPO, S.L.
SANXENXO
PONTEVEDRA



TELFs.: 986 74 34 00 - FAX. 986 74 57 55 - LA LANZADA - 36960 SANGENJO



**Rúa Platería, 63
O GROVE Pontevedra
Telf. 986 73 02 24
www.casaabel.com**



Restaurante "O PESCADOR"
Travesía da Marina, 5 / 36970
PORTONOVO – Sanxenxo- Pontevedra
644168095



O SARXENTO DETECTIVE

Por: José Taboada García

Era o ano corenta e tres, ano de miseria, de fame, onde escaseaba todo: o pan, o aceite, o azucre, as medicinas,... Era tempo das cartillas de racionamento. Había moita represión do réxime e os cárceres estaban cheos de presos, a maioría, políticos.

Estábase a pagar as consecuencias da guerra. Se a isto lle engadimos o bloqueo ao que nos someteron, a situación volveuse catastrófica.

Nas aldeas do interior, ao ter unha economía de autoconsumo, a situación era un pouco mellor, pois algo para comer tiñan. Nestas aldeas case nunca acontecía nada, salvo unha voda, unha morte, o retorno dalgún emigrado,...

Máis un día aconteceu algo non esperado: un home aparecera morto dun forte golpe que lle deran na cabeza. Isto causou un grande rebumbio no pobo, ao ser o falecido o gaiteiro, home moi querido por todos e ao que non lle coñecían inimigos.

Fixéronse as correspondentes pescudas. Foi a garda civil, o xuíz,... Logo comezouse a investigación, sempre con resultados negativos, por non atopar ningún sospeitoso; o único que se sabía seguro, era que fora un da aldea, pois ao coñecerse todos, e ademais sabían que ese día non se achegara por alí ningún forasteiro.

O encargado da investigación foi o sarxento da garda civil do cuartel do concello. Era un home duns corenta anos, de baixo talle, que levaba bigote de garda civil, bigote largo e revirichado cara a dentro.

Xa pasaran máis de seis meses e sen conseguir nada positivo. Ata agardou ao mes de maio, mes da confesión. Esperou ao cura á saída da misa acompañado de dous garda civís. O cura, cura vello xa, ao velos, escapaba dicindo: Fai moito frío, fai moito frío. Cando era o mes de maio e facía moita calor.

Pasara xa un ano, e todo seguía igual. Recibira xa dúas cartas da Comandancia de Pontevedra sobre ese caso, e iso fíxoo pensar.

Ata que un día mandou a dous gardas civís á aldea, co fin de que escoitaran os veciños que: <Todos os homes, ao día seguinte, ás doce, acudiran ao cuartel>. E así aconteceu; antes xa desa hora, xa estaban alí diante do cuartel.

Os cuarteis desa época eran, en Galiza, todos semellantes. Feitos de pedra de granito e na fachada un rótulo que poñía: “*Casa cuartel de la Guardia Civil*”, e noutro lado: “*Todo por la Patria*”. Tiñan tamén un mastro onde poñer a bandeira.

Antigo cuartel de San Xurxo de Sacos



Este tiña dúas argolas ancoradas na parede, que de enferruxadas que estaban, xa pedían relevo, o mesmo que o mastro de vara de eucalipto que amosaba fendas por todos os lados e a corda que debería xa desaparecer polo paso do tempo. Debido tamén a escaseza, o de: “*Todo por la Patria*”, escribíranlo con cal e brocha gorda sobre a pedra.

Entrando, á esquerda, unha porta que puña: *Comandancia de Puesto*, que era o despacho do sarxento. Había unha mesa grande cun cartafol negro enriba, dous tinteiros, unha pluma e un lapis, unha almofadiña oxidada e media desfeita polos golpes recibidos pola falla de tinta.

Había tamén un cruño que debería poñer: “*Guardia Civil. Comandancia de Puesto n.º:....*” Digo debería porque non puña nada, entre o alento que lle botaba o sarxento pola falla de tinta, se manchaba algo, xa era moito. Un pouco máis adiante, á dereita, unha sala bastante grande que puña: “*Sala de Armas*”. Na parte alta, era a vivenda dos garda civís.

Fora estaban aqueles homes, formando círculos e falando, pisando unha lama que o frío xa xeara e o tímido sol dese mes de xaneiro non era capaz de desxear.

Niso apareceu na porta o sarxento acompañado de dous garda civís, armados con fusís mauser e ao cinto unha pistola do nove longo. O sarxento sinalou a un e díxolle: - Pasa dentro.

Soaron dous disparos de fusil. Logo volveu a saír e mandou pasar a outro, e o mesmo, dous disparos máis. O sarxento xa quedou dentro, ao resto xa os ían mandar pasar os garda civís, e o mesmo.

Os homes que alí estaban esperando a que os chamasen, nin se inmutaban, sobre todo os de vinte e cinco a trinta anos. Moitos xa estiveran na guerra, outros botaran tres anos no servizo militar, e xa viran tanto e pasaran tantas penalidades, que case todo lles daba o mesmo. Os máis novos víanse algo máis preocupados.

Estes homes eran: “*Os homes nunca*”, porque así os educaran. Un home *nunca* chora, un home *nunca* se cansa, un home *nunca* ten fame, un home *nunca* ... Igual era necesario para traballar no campo de sol a sol, para emigrar a América e buscarse a vida,...

Xa pasaran quince e todo igual, ningún saíra e os disparos seguían soando.

O seguinte que mandaron pasar foi o barbeiro. Levárono á sala de armas, sala esperpéntica, dous garda civís cos fusís xa preparados. No chan xacían todos aqueles homes cubertos con mantas do exército, con manchas de sangue e preto dos seus pés, regueiros tamén de abundante sangue.

O barbeiro, ao ver aquilo dixo:

—Non maten máis, que fun eu!!!

O sarxento fixolles un sinal aos garda civís e levárono ao seu despacho para tomarlle declaración. Mentres lle dicían aos que alí xacían:

—Levantádevos e moitas grazas pola vosa colaboración.

Levantáronse eses homes, porque as balas eran de fogueo e o sangue era de dous becerros que o carnicero matara para o día da feira.

Historia baseada nun feito real.



Inauguración do cuartel da Garda Civil de Codeseda no 1948 con asistencia de autoridades civís e militares.

MAPA DA ILLA DE ONS. MINISTERIO DE DEFENSA. 1 XANEIRO DE 1800? TEORÍAS, HIPÓTESES, ESPECULACIÓN,...., e CONXECTURAS SOBRE EL

Por: Anxo López Vergara & Tino Pardellas

INTRODUCCIÓN:

Quique Abati é un técnico de sinais marítimos. No ano 1986 pasou a ocupar a praza de Fareiro en Ons xunto a Jesús e Ricardo. Uns anos despois destinárono para Pontevedra, Autoridade Portuaria, para facerse cargo do mantemento dos sinais marítimos que pertencen a este Organismo.

Nestes intres, a carón do seu traballo de vixilancia e coidado destes Sinais, encargáronlle realizar un estudo e posterior traballo sobre a Historia dos Sinais Marítimos pertencentes á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra. Como persoa meticulosa e metódica que é, ao lado do traballo de campo que realiza profesionalmente e do que obtén datos diariamente, está a realizar un profundo labor de hemeroteca e pescudas en arquivos, bibliotecas,...., museos.

Nunha recente charla que tivo Tino Pardellas con el, faláron da investigación que realiza e, posteriormente, tivo a ben envialle, ao coñecer os seus artigos na revista AUNIOS sobre as Baterías de Defensa de Ons, unha documentación que atopara sobre esa temática, xunto cun mapa do ano, segundo reza nel, 1800 do Ministerio de Defensa coa descrición de: *Isla de Ons y Zentolo. Depósito General Topográfico de Ingenieros.*

Dito mapa chamoulle a atención porque contiña, no centro-sur da Illa de Ons, uns cadradiños ben sinalados a modo de parcelas, outras non tan ben detalladas, varios topónimos interesantes e, o que parece, o deseño dun peirao. Preguntoulle a Pardellas se podía ter algunha idea sobre esas parcelas. Nun principio, Tino, díxolle que non, pois segundo toda a documentación que consultou nestes case 50 anos de recompilación de datos, no ano 1810 a Illa estaba totalmente deshabitada, polo que eses cadradiños, tendo en conta que o mapa pon que é de 1800, non se lle ocorreu ningún motivo para a súa existencia e menos nese ano.

Pardellas, como persoa intuitiva que é, comezou a caviar sobre esas parcelas e máis, cando ao ampliar o mapa grazas á boa resolución que ten, descubre o topónimo «*Fuente de los Ingleses*», e ao ampliar máis, comproba que hai dous nomes, a modo de topónimo, que poñen: o do sur «*Batería*» e o do norte «*Vatería*» coincidindo co lugar exacto onde, no 1810-1812, o enxeñeiro Cossio situou as dúas únicas Baterías de Defensa que se intentaron levantar en Ons para salvagardar a entrada da Ría de Pontevedra.

Cavilando sobre o tema, sacou unhas ideas que, pensou, poderían ser estudadas por persoas especializadas e dun

xeito científico-técnico, pois coída que pode ser unha “porta de entrada aberta” para investigar sobre a Historia Contemporánea da Illa de Ons.

Propúxolle a Quique Abati realizar un pequeno artigo conxunto en Aunios para informar sobre este mapa. Quique veu interesante a idea e agradeceu o ofrecemento, pero comentou que estaba moi atarefado, polo que Pardellas decidiu buscar outra persoa que colaborase con el, atopando a boa disposición de Anxo López para realizalo. Anxo é o corrector lingüístico de Aunios que o axudou nun bo número de artigos na andaina desta revista cultural.

Só esperamos que esta porta que queda aberta, sexa de interese para os investigadores.

A DATA E TOPONIMIA DO MAPA¹

O primeiro que nos chamou a atención foi a data do mapa que está entre os anos 1790 e 1800. Segundo a documentación que obra no Arquivo de Galicia sobre o tema da Fortificación das illas e concretamente de Ons; a Illa neses anos atopábase deshabitada completamente por mor das incursións marítimas que recibira.

Despois da expulsión dos franceses, 1809, a Xunta de Defensa decide a instalación de baterías (canóns) en diferentes puntos da costa galega, especialmente nas Rías Baixas pola súa doada accesibilidade. Foi nese intre cando poñen ao cura de Sanxenxo, Salvador López Gil, ao fronte da Comisión encargada de levar a cabo a fortificación de Ons, e este visita a Illa para comprobar o seu estado, confirmando o despoboamento desta, aínda que existían algunhas fráxiles construcións dispersas, tipo cabanas, posiblemente de mariñeiros-campesiños das costas próximas que, aproveitando o despoboamento, nas épocas de sementeira cultivaban algunhas terras, levaban o gando a pastar,...., e esas construcións serviríanlle de refuxio. Tamén falan da existencia dos restos dunha pequena capela.

¹ Coidamos moi importante ler e consultar previamente estes artigos para entender mellor as hipóteses sobre este mapa: Aunios 17. Páxs. 31-38. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (I)*”. Aunios 22. Páxs. 38-43. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (II)*”. Aunios 23. Páxs. 19-21. Celestino Pardellas de Blas. “*Baterías de defensa na Illa de Ons (III)*”. Aunios 24. Páxs. 2-5. Poden consultalos en: <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

Descripción

Español: Isla de Ons y Zentolo. Depósito General Topográfico de Ingenieros

Fecha


1 de enero de 1800

Fuente

<https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/i18n/inicio/inicio.do>

Autor




Ministerio de Defensa




- 1.- Caverna Convento de Monjas
- 2.- Bateria. Pereiró
- 3.- Posible Peirao. Curro



- 4.- Fuente de los Ingleses
- 5.- Vateria. Curro
- 6.- Parcelas. (Acci3ns de Primeira Clase?)





Plano-Mapa do enxeñeiro Sr. Cossio. 1810. AHG

O Comisionado, despois dun bo número de trámites burocráticos, encarga ao enxeñeiro Francisco Guillermo de Cossio poñerse mans á obra coa fortificación de Ons, dando este como primeiro paso visitar Ons para recoñecela, mirar posibilidades,..., e levantar un plano e presentalo á Xunta Superior do Reino. Dito plano é entregado por Cossio en maio de 1810.

Observando o mapa-plano aportado por Cossio, chama a atención o pouco traballado do aspecto perimétral da Illa e, tendo en conta que foi realizado entre xaneiro e maio de 1810, resulta estraño que non coñecera, buscara ou lle puxeran ao seu servizo outros mapas anteriores a esa data, como do que estamos a falar de “1800”,..., e os utilizara para unha mellor descrición do posicionamento das baterías, almacéns, depósitos,..., polos distintos puntos da Illa.

É por iso, e tendo en conta que o mapa de “1800” ten situadas perfectamente as dúas baterías que finalmente se comezaron a realizar en Ons a partir de 1810, que sacamos como **primeira hipótese sobre a data**, que ese mapa non está ben datado, coidamos que o seu ano de elaboración foi a partires de 1810.

Podemos tamén observar, no mapa de “1800”, que ten perfectamente sinaladas as fontes preto do cantil e que, precisamente, só dúas, as que desembocan a carón das baterías, puxéronlle o seu nome, ou topónimo. Das dúas destacamos a coñecida como “Fuente de los Ingleses” porque, de novo, vai ter relación coa fortificación e, sobre todo, coas Accións de Primeira Clase, das que falaremos a continuación, o que de novo fainos especular como **segunda hipótese sobre a data**, de que o mapa foi posterior ao ano “1800”.

En referencia a esta 2ª hipótese, comentar: O Comisionado fai saber á Xunta de Defensa a necesidade de comezar axiña as obras e o primeiro que recomenda, para unha


mellor execución dos traballos, é a construción dun peirao, debido á precariedade da rampla existente que dificulta o ataque e baixada de material. (Ver mapa da construción do peirao datado de 1780, aínda que cun signo de interrogación, na Biblioteca Virtual de Defensa.)

Podemos especular sobre este primeiro comentario do Sr. Gil realizado en 1810, co detalle que observamos no mapa de “1800” onde vemos unha posible construción, ou idea de facelo, dun peirao de abrigo na zona de Curro con bastante

lóxica, no que respecta ao resguardo de embarcacións. Atreverémonos a dicir como **hipótese**, que ese mapa de “1800”, quizais realizouse no 1810-1811 con ideas máis traballadas e perfiladas de Cossio e Gil.

De novo o Comisionado, por mor das dificultades económicas que están a sufrir estas obrasponse en contacto coa Xunta de Defensa pedindo máis cartos. Ante a negativa desta, posiblemente por ter outras prioridades en diferentes puntos da costa, provoca no Sr. Gil a necesidade de buscar algunha solución, atopándoa, tal vez coa axuda de ideas dalgún amigo capitalista da época, en poñer á venda unhas parcelas de cultivo na Illa, que xa utilizaban un bo número dos obreiros que foran a traballar na fortificación.

Despois de pescudar sobre a propiedade da Illa, o Sr. Gil, púxose en contacto co Cabido Catedralicio de Santiago, como “suposto dono de Ons” que, despois de facer



Outro mapa do peirao de Ons, datado de 1780, que coidamos tamén ten a data errada, polo comentado en 1810 por Gil e Cossio

as indagacións oportunas e créndose dono da illa, acepta a división dunha boa parte dela en parcelas (Accións de Primeira Clase) sempre e cando, os posteriores donos ou usufrutuarios, paguen unha renda ao arcebispado e se cumpran unhas normas que quedan reflectidas en documentos asinados polas partes. No caso que estamos a estudar, unha das condicións a cumprir era: «... que se le reserve al Cabildo el terreno para edificar desde el regato que forma el agua de la Fuente de los Yngleses acia el Pozo que está pegado al Castillo de en medio llamado de San Salvador; y desde la mar tirando al Poniente, basta el principio de la Cuesta donde concluye la línea de población trasada por el Yngenero Cossio: cuio terreno para evitar dudas en lo subsiguiente se debe señalar por baras al tiempo del otorgamiento del Foro; y además contiguo a este el correspondiente a una de las doscientas acciones de primera clase excepto el de la población que vaya señalando. ...»

Deste segundo dato, podemos sacar como *hipótese* a sinalización no mapa do topónimo “Fuente de los Ingleses” pola importancia que tivo nas negociacións entre o Sr. Gil e o Cabido, que de novo reforza a nosa tese sobre a data do mapa, que seguiremos sinalando posterior a 1810.

(Nota: Ata o de agora tiñamos como mapa interesante o de Francisco Coello «1856» que, polos motivos que sexa, utiliza topónimos que atopamos neste de “1800”. Entre eles destacamos o de: Caverna chamada “Convento de Monjas”, hoxe denominado: “Buraco do Inferno”. Fonte denominada “Fuente de los Ingleses” da que o experto en toponimia, Fernando Cabeza Quiles² di: “...topónimo illán de certo moi interesante e inédito...”. E onde destacan as “Ruínas de Castillo”, con referencia ao hoxe coñecido como Castro dos Mouros, e a “Iglesia”, onde hoxe esta a pequena Capela de Canexol.)

PARCELAS SINALADAS NO MAPA DE “1800”

E xa entramos, no que podemos considerar, a parte máis importante do mapa de “1800”. A pregunta xurde: Que representan esas cuadrículas destacadas e outras, non tan definidas, que hai neste mapa e que coinciden coas mellores zonas de cultivo da Illa de Ons?

Partimos da nosa idea de que, o mapa que estamos a estudar, non é de “1800”, senón que realizouse, polos motivos que fose, a partires de 1810. Partindo desa data, si, as parcelas poden representar algo importante para investigar. Nós coidamos que esas cuadrículas se corresponden coas Accións de Primeira Clase nas que se dividiu parte da Illa e que foron vendidas a todo aquel que quixera traballar as terras aunienses, digamos, dun xeito legal.



Terras chans da zona das Xabreiras que se corresponden coas parcelas remarcadas no mapa de “1800”. Foto 1964. Stafant Mörling.

Podemos seguir especulando, dicindo que as que están máis remarcadas, poden ser as que adquiriu o potentado pontevedrés Francisco Genaro Ángel, personaxe que mercou a maior cantidade desas Accións, intuindo, despois de coñecidos os seus negocios pola zona pontevedresa e bisbarra do Morrazo, que quizais veu en Ons un lugar interesante para desenvolver algún tipo de industria relacionada coa salga, como as que xa posuía na Enseada de Aldán.

Tamén podemos conxecturar que esas parcelas remarcadas, foran as que se vendían a un maior prezo, por ser unha zona chan de doado traballo agrícola, que se corresponden coa zona das Xabreiras que vai dende o barrio de caño (onde hoxe atopamos o camiño cara ao Faro) ata o Castro dos Mouros.

Os demais espazos remarcados, poden corresponder ás terras, tamén aptas para o cultivo e que o Comisionado, Sr. Gil, encargouse persoalmente de repartir en venda ás persoas que as quixeran, despois de que o seu amigo, Genaro Ángel, xa escollera as súas.

Aquí paramos as nosas conxecturas sobre este interesante mapa atopado por Abati. Agora só queda esperar a que persoas cualificadas investiguen sobre el e nos informen das súas pescudas; que de ser certas as nosas conxecturas, estaríamos ante un importante achado, dando un transcendental paso para coñecer a historia contemporánea da Illa de Ons e que tanto influíu nos anos posteriores a 1820 na propiedade da Illa.

Se polo contrario, nada ten que ver coas nosas hipóteses, polo menos que intenten sacarnos da dúbida do por que en “1800” e precisamente onde despois se levou a cabo a súa construción, están eses nomes de: Batería e Vateria. Por que só sinalaron os topónimos dos regatos que teñen que ver coa proposta do Cabido. E, en especial, que poderían significar, no ano 1800, esas parcelas tan ben sinaladas e que coinciden coas mellores terras de cultivo de Ons.

² Fernando Cabeza Quiles. “A hidronimia da Illa de Ons na cartografía”. Revista AUNIOS nº 16. Topónimo 2010. Páxs. 27,28.

O sacerdote que consagrou a capela da Virxe do Carmen da illa da Toxa

Por: Francisco Meis



D. José Salgueiro Blanco. (Fotografía propiedade de Eloisa Álvarez Corbacho)

Jose Salgueiro Blanco viña de ser ecónomo na Basílica de Santa María a Maior de Pontevedra antes de chegar ao curato do Grove en 1909; ano no que se abriu ao público a capela actual.

Foi un alumno brillante de Teoloxía en Santiago de Compostela con numerosos premios e excelentes cualificacións nos seus estudos. Nacera nos anos oitenta do século XIX na parroquia de San Martín de Salcedo en Pontevedra e ao terminar os seus estudos elementais ingresa no Seminario en Santiago de Compostela, ordenándose a principios de 1902. En canto remata, a finais dese ano, noméano coadxutor da parroquia de Santa María a Maior en Pontevedra, á fronte da que estaba o sacerdote D. Arturo Montes Neira. Unha vez que a este último o Arcebispado desígnao, no verán de 1907, como cóngo da Catedral de Santiago, Salgueiro, quedará a fronte da parroquia pontevedresa de forma temporal en calidade de cura ecónomo. Xa era arcipreste do Morrazo cando o arcebispo de Santiago elíxeo como censor eclesiástico do xornal *O Progreso* que editaban os irmáns Barros na Praza da Leña en Pontevedra,.

Del deixaron aspectos da súa persoa os editores do xornal, que nos reflicten a condición do eclesiástico; “[...] nós que coñecemos o bondadoso carácter do señor Salgueiro, a súa vastísima ilustración, as grandes simpatías de que goza pola súa seriedade, a rectitude e acerto con que rexe a parroquia de Santa María, [...]”

Durante os anos que transcorreu na cidade, participará activamente na vida social da época, mantendo unha fluída relación coas diferentes clases sociais que a compoñían. A finais do ano 1908 remata a súa estada en Pontevedra o destinalo o arcebispado á parroquia de San Martiño do Grove o que, consecuentemente conlevou, que deixara vacante a praza en calidade de ecónomo na cidade do Lárez tomando posesión da nova praza de forma oficial, o 14 de marzo de 1909, na vila dos mecos. A chegada produciu unha revolución na vida social da localidade e rapidamente, chamaron a José Besada Domínguez que reuniu á



COLABORA ACTIVIDADES

Deputación
Pontevedra

banda de músicos enfronte da casa na que residiría na localidade, dándolle a benvinda o alcalde á cabeza, Francisco Otero Goday. O estrondo das bombas pechaba a comitiva de recibimento.

A carreira eclesiástica do sacerdote foi progresando de forma importante nos primeiros anos dando un salto cualitativo, cando en 1914 nomean ao sacerdote Leopoldo Eijo Garay, bispo de Tui. Unha das primeiras accións que asinou foi nomealo Secretario de Cámara e Goberno do Bispado e uns meses máis tarde, Delegado Xeral de Capelanías e obras pías para o territorio da xurisdición do Bispado de Tui. O chamamento de Eijo Garay obrigarao a abandonar o curato do Grove e fixar a residencia definitiva en Tui onde pasará xa, o resto da súa vida.

Dado a boa disposición ao estudo e posicionado xa cun importante cargo no Bispado, preséntase en 1916 como único opositor a unha vacante de cóengo da Catedral de Tui. O clamor social tudense e a prensa local, daban por feito que a praza a ocuparía el;

“Por virtude de oposición se dá como seguro, que será nomeado cóengo da Catedral de Tui, o prestixioso sacerdote D. José Salgueiro Blanco.”

Era unha proclama a todas voces entre a sociedade, que non fixo máis que confirmarse no mes de novembro de 1916, ao designalo cóengo da Catedral de Tui. O interese persoal por progresar dentro da carreira eclesiástica arrastrarao a disputar, xunto con outros sacerdotes, o canonicato de Santiago de Compostela, pero polas razóns que fosen, retirárase deixando o paso a outros opositores.

Salgueiro xa nunca abandonaría o Bispado de Tui e, durante os anos que exerceu como cóengo da Catedral Tudense, realizou numerosas intervencións en diferentes eventos e circunstancias fóra do bispado; un deles no ano 1919, no que oficiará o funeral do, varias veces ministro do goberno, Augusto González Besada, oriúndo de Tui, que

chamado pola corporación municipal de Pontevedra celebrará o funeral conmemorativo na Igrexa de San Bartolomé.

Que o paso polo Grove non foi un curato de transición demóstrao que anos máis tarde, cando falece en abril de 1934, a vila responde unánime conmocionada pola perda do sacerdote;

“Causou fonda impresión o falecemento do cóengo da catedral de Tui D. José Salgueiro Blanco, que exercera nesta localidade o cargo de párroco durante moitos anos. O pasado luns, día 26, tiveron lugar na igrexa parroquial, polo seu eterno descanso, os funerais que testemuñaron, pola gran cantidade de persoas que concorreron, os gratos recordos que aquí deixou o finado.”

Naquela misa de despedida o sacerdote José Bretal Martínez oficiou o funeral sen corpo presente

na parroquial do Grove, ambos compartiran estudos no seminario nos seus anos de mocidade e aínda que non eran da mesma promoción, Salgueiro cursaba dous anos por diante del, si se coñecían.

Jose Salgueiro Blanco pasou a historia na vila do Grove por ser o sacerdote que levou a cabo a consagración da capela da Toxa e o seu altar, no verán de 1909, durante a cal estiveron presentes o mais significativo daquela sociedade de principios do século XX.



Capela da Toxa

**Café
Cabanero**

RUA DE CASTELAO, 116-TEL. 986 73 01 86
O'GROVE

EFFECTOS NAVALES



TARACIDO, S.L.

Representaciones de:



Artículos de pesca
Equipamientos para pesca
submarina y buzo
Pesca deportiva

Marqués de Valterra, 73
ESTRIVELA - Pontevedra

Teléf. 986 88 15 00 - 986 88 15 04
Fax : 986 89 05 59

 **ENOVIN**
asesoría vinícola

**Análisis
de
Vinos**



ASESORAMIENTO BODEGAS-PRODUCTOS ENOLÓGICOS

Ponte Dena, 28 bajo - 36967
DENA - Meaño (Pontevedra)

 **699 346 054**
Manuel Rodiño



NANTA **Pavo**  **ARION**

**TODO PARA O CAMPO
E O XARDÍN**

**FITOSANITARIOS, SEMILLAS
PLANTAS E MACETAS
PRODUTOS ECOLÓXICOS
PATACAS**

**SERVICIO A DOMICILIO
986 73 11 36**



CONSTRUCCION Y REHABILITACIÓN:

- Viviendas colectivas
- Viviendas unifamiliares
- Locales comerciales
- Establecimientos de hostelería
- Naves e instalaciones



Calle Sineiro, 18 • Teléfono 986 730 275 • Fax 986 730 974 • 36980 O GROVE (Pontevedra) • info@alvarezpro.com



ESPECIALIDADES:
 Pan artesano • -Empanadas variadas
 Brazos de gitano • Roscas



Rúa Progreso, 74 / 36970 / Portonovo – Sanxenxo
 Telfs: 986723062 / Móbil: 662464388



Pepa A Loba
 Bar - Tapería

Especialidades en: Arroz de bogavante, de mariscos...
 Peixes e mariscos variados, paellas, caldeiradas, tapas



Rúa Rafael Picó, 38 • 36970 Portonovo - Sanxenxo • Telf: 662464388

O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE ADRO VELLO (O GROVE): PASADO E PRESENTE

Por: Adolfo Fernández Fernández; Mateo Fontán Couto; Patricia Valle Abad; Marta Lago Cerviño; Roberto Bartolomé Abreira; Fermín Pérez Losada; Olalla López Costas; Elvira Mangas Carrasco.

ADRO VELLO NO TEMPO

Sito ao NW da provincia de Pontevedra, nunha pequena península á entrada da Ría de Arousa e ao bordo da praia do Carreiro, o xacemento de Adro Vello pertence administrativamente ao Concello do Grove, na comarca do Salnés. O Grove toma parte da diocese de Santiago de Compostela e repártese en dúas parroquias: San Martiño e San Vicente, nesta última sitúase o xacemento, baixo un complexo dunar duns 170 m de lonxitude por 20 m de ancho medio e rodeado pola flora e fauna deste ecosistema, constituíndo unha fermosa contorna paisaxística.

Na década de 1960 comezan as primeiras escavacións no xacemento, baixo a dirección de M. C. García Martínez e J. M. Vázquez Varela. Xa nas dúas décadas seguintes será J. Carro Otero quen escavará de forma sistemática neste lugar. Baixo a dirección deste investigador, médico, antropólogo e docente galego o coñecemento sobre o territorio aumentará considerablemente, revelando a súa importancia e singularidade. As publicacións durante esta época, sen ser abundantes e máis ben de índole divulgativa, poñen en valor o potencial arqueolóxico da zona. No entanto, tras estas escavacións, Adro Vello sufriría un paulatino desleixo por parte das administracións que repercutiría de xeito moi negativo sobre o mesmo. Finalmente, e tras algunha actuación de limpeza e acondicionamento do enclave, un equipo da Universidade de Vigo chegaría en 2017 á emblemática paraxe para acometeren labores de escavación, consolidación e restauración. Esta nova etapa traería para Adro Vello, amais de significativos avances no estudo sobre o xacemento, a desexada declaración como Ben de Interese Cultural na categoría de zona arqueolóxica.

Xa que logo, Adro Vello trátase dun importante enclave histórico cunha gran continuidade no tempo, pois no decurso das intervencións levadas a cabo no lugar previas ás escavacións da UVigo, detectáronse os restos de numerosas estruturas definidas por J. Carro Otero na seguinte proposta:

- Factoría romana de salga posiblemente de cronoloxía alto imperial.
- *Villa* romana tardoantiga (s. IV?) que se superpón á factoría.
- Creación e desenvolvemento da necrópole tardoantiga e construción da igrexa que continuará en uso ata o séc. XVIII.
- Construción de diversas estruturas medievais entre as que destaca un “torreón” defensivo.

No entanto, o propio J. Carro Otero, anos máis tarde, modificou esta primeira interpretación –que conta cunha maior proxección–, nunha breve nova onde sinala a coetaneidade da factoría de salga e a *villa* romana, sen dar maiores explicacións ao respecto. Esta nova visión reduce a ocupación de Adro Vello a tres fases, modificando a antiga evolución proposta anteriormente:

- *Villa* e factoría de salga entre o séc. I e o séc. IV.
- Necrópole de inhumación sobre os restos destas estruturas previas.



Foto aérea coa secuencia proposta por J. Carro Otero a finais do séc. XX

- Igrexa visigótica a partir do séc. VII que perdura ata o séc. XVIII con outras estruturas asociadas como unha “torre” do séc. XIII.

No tocante a achados destacados na historia das intervencións poderíamos citar a ara romana dedicada a divindade Deveros, que apareceu reaproveitada nos muros da igrexa. Mais a peza aparecida con maior fama é, sen dúbida, a moeda repuxada de doce milímetros de diámetro, fabricada en torno ao século XII, na que se amosa a primeira representación coñecida da *traslatio* do corpo morto do apóstolo Santiago dende Palestina até Galicia. Este tesouro numismático de Adro Vello atópase na actualidade no Museo das Peregrinacións, en Compostela. En 2017, a UVigo recuperou no interior dun dos píos de salga abundantes restos de peixe (un 98% de sardiña e 2% de xurelo) que supón a mostra máis abundante de peixe antigo recuperada no noroeste da Península en contexto de produción. Grazas a esta mostra sabemos que se estaban a producir en Adro Vello prebes de peixe a partir de sardiña que seguramente eran exportados cara a outras zonas do mundo romano.



Moeda da *traslatio* (fonte: ceres.mcu.es)

ADRO VELLO HOXE

Desde 2022 un equipo científico coordinado pola Universidade de Vigo e no que participan investigadores/as das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, León, Oporto, Minho, Aveiro e o CSIC, desenvolven un proxecto de escavación, conservación e posta en valor do xacemento que inclúe a redacción dun Plan Director do xacemento que complete a declaración de BIC conseguida a inicios de 2023¹. Este proxecto subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e co apoio da sociedade meca debe concluír coa entrega á cidadanía dun xacemento de Adro Vello musealizado e interpretado para o seu disfrute e conservación.

As dúas campañas arqueolóxicas, que incluíron estudos antropolóxicos e traballos de conservación-restauración dos restos, deron xa os seus froitos. A día de hoxe leváronse a cabo sobre as ruínas do xacemento diferentes tratamentos para axudar á súa preservación e intentar minimizar o seu deterioro. Escavouse por completo a zona valada o que aportou unha nova visión e interpretación dos restos arqueolóxicos conservados. Os estudos científicos que se desenvolven en paralelo (datacións absolutas, análises de morteiros, estudos zooarqueolóxicos e arqueobotánicos, estudos medioambientais e a monitorización do xacemento para controlar a súa degradación) completarán co paso dos meses a información obtida durante os traballos de campo. O resultado debe ser o dun xacemento investigado, ben coñecido, protexido e musealizado.

En 2022 os traballos arqueolóxicos e antropolóxicos abrangueron a totalidade do xacemento, naquelas zonas onde aínda quedaban niveis por escavar xa que moitas partes atopábanse esgotadas polas intervencións antigas. Limpouse o xacemento retirando de forma manual a vexetacións sobre as estruturas, retiráronse os recheos de protección depositados durante as obras de acondicionamento dos inicios dos anos 2000 e escaváronse tamén os testemuños deixados nos anos 90 durante as escavacións de Carro Otero. Todo isto permitiu levar a cabo un completo rexistro fotográfico e tridimensional das estruturas á vista (máis de 70 tramos de muros e de 100 sepulturas), ademais dunha diagnose en profundidade do estado de conservación do conxunto. Deste modo foi posible realizar unha proposta de intervención global do xacemento.

¹ https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-6279



Foto aérea co xacemento totalmente limpo (verán de 2022).
(Foto: GEAAT. Universidade de Vigo)



Enterramento dun neno aproveitando un dos muros medievais como sepultura
(Foto: GEAAT. Universidade de Vigo)

Entre xuño e outubro de 2023 acométese a segunda gran intervención. Esta campaña implicou escavar nalgunhas zonas concretas co obxectivo de obter respostas a preguntas que quedaban incompletas e tamén para facilitar a intervención de conservación. Mais o groso do traballo centrouse na conservación e protección dos restos arqueolóxicos. Todas as estruturas e sepulturas foron intervidas (consolidadas) para asegurar a súa conservación. Realizáronse importantes recheos de protección, co obxectivo de recuperar niveis de uso e de protexer estruturas sensibles que durante décadas estiveron á intemperie. Soamente quedaron pendentes as intervencións sobre a fábrica de salga e a ábsida da igrexa á espera de decisións concretas sobre a súa musealización. Estes traballos pendentes, xunto coa musealización da totalidade do Adro Vello e unha solución á intensa problemática de erosión mariña que afecta ao xacemento deberían decorrer de inmediato para non perder o traballo realizado ata o momento e frear a intensa degradación que vén sufrindo o conxunto, principalmente polas inclemencias meteorolóxicas e pola acción antrópica, xa que cabe recordar que o xacemento continúa cun peche en pésimo estado.

Mais volvendo á interpretación arqueolóxica do ben, grazas ás últimas intervencións, contamos cunha nova interpretación do xacemento que xa foi adiantada nalgunhas novas de prensa² e nunha charla divulgativa no Grove ao abeiro dunha xornada promovida pola asociación cívico-cultural Barlovento.

A primeira fase do xacemento segue a ser a fábrica de salga de época alto imperial. Posiblemente abandonada durante o séc. III d.C. O máis probable é que co-exista cunha zona habitacional, posiblemente unha *villa* marítima que perdura ata un momento, polo de agora, indeterminado. A inicios do medievo, sécs. VII-VIII, constrúese un importante complexo edilicio, seguramente de carácter eclesiástico. Desta igrexa ou mosteiro tense constancia nun documento do ano 899, como parte das posesións do episcopado de Iria, que o rei Alfonso III confirmaba (“*et ecclesiam Sancti Uincentii in insula Oobre cum dextris suis*”). Anos despois, xa no séc. X, o rei Ordoño II ratifica esta doazón xunto con outras na zona do Salnés (“*...Arauca medietatem de ea cum sua ecclesia et suis salinis, sanctam Eulaliam de Aobre, que nuncupant Arealonga et sanctum Chritoforum cum bonis suis, sanctum Uincentium de Ogobre cum suis terciis et cum omnibus*”). As escavacións recentes aportaron abondosos datos arqueolóxicos que demostran a existencia deste edificio alto medieval asociado a numerosos enterramentos.



Modelo 3D onde se poden ver os 4 píos de salga da fábrica romana de Adro Vello baixo outras estruturas posteriores. (Imaxe. GEAAT. Universidade de Vigo)

Resulta máis difícil saber se nalgún momento se abandona, volvéndose ocupar coa mesma finalidade relixiosa na plena idade media (séc. XII-XIII). Esta fase claramente funcionando como igrexa e templo parroquial perdura ata o seu traslado no ano 1771. A chamada “torre medieval defensiva” e un muro que rodea todo o espazo construíuse xa en época moderna sendo os alicerces atopados, non os dunha torre senón dun campanario exento, como o demostraron os investigadores locais Juan F. Vidal e Xosé Avelino Ochoa³. Durante séculos o solar ao carón da praia serviu de camposanto parroquial o que deu lugar a unha extensa necrópole con milleiros de inhumacións que están sendo investigadas no marco deste novo proxecto.

Esta proposta, aquí esbozada de maneira sucinta, modifica substancialmente aquilo que coñecíamos. Porén, este bosquexo evolutivo do xacemento pode quedar obsoleto en poucos meses, unha vez que vaian rematando estudos que se desenvolven en paralelo e que poden modificar de xeito importante o aquí proposto. Estamos aínda en pleno proceso de investigación científica e por isto resulta importante recalcar a provisionalidade das hipóteses aquí formuladas.

Adro Vello é moito máis que centenaes de muros e sepulturas no interior dun valado destruído. Son case 2000 anos de historia de Galicia comprimidos nuns poucos miles de metros cadrados. Así quedou claro no texto de declaración de BIC

² <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=35364>

³ Recomendamos leer o libro de X.A. Ochoa Gondar “Da gran historia da igrexa de San Vicente dos Groves” (editado pola Parroquia de San Vicente dos Groves, 2022) para achegarse á historia do xacemento e á historia das súas investigacións.

como Zona Arqueolóxica onde se inclúe a atalaia costeira dos Castriños, considerada o berce histórico da parroquia, así como as fábricas “modernas” de salga (Pons, Ferrer, Carreiro e Triñanes), os interesantes conxuntos rochosos que protexen ó xacemento e mesmo a contorna mariña. Entendemos Adro Vello coma un conxunto que se debe protexer e promocionar na súa totalidade.

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecer a X. Avelino Ochoa e a Juan Ventura Martínez (párroco de San Vicente) o apoio que prestan ao proxecto e a súa total lealdade ao xacemento de Adro Vello. Á Xunta de Galicia pola confianza depositada na Universidade de Vigo que comanda o proxecto xunto a decenas de investigadores/as doutras institucións, aos que tamén agradecemos a súa participación e achega desinteresada. Así como ao concello de O Grove.

BIBLIOGRAFÍA SUMARIA

- Alonso Romero F. (1987): La embarcación de la moneda de la necrópolis de Adro Vello (O Grove, Pontevedra). *Anuario brigantino* 10: 11-16
- Carro Otero J. (1971): Los esqueletos bajo-romanos de San Vicente de O Grove. *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI(79): 129-153
- Carro Otero J. (1983): El yacimiento arqueológico de la playa de Carreiro, *Disque (Boletín Informativo del Ilm. Concello de O Grove)* 1(0): 6-8
- Carro Otero J. (1989a): 16. Xacemento antroppo-arqueoloxico de Adro Vello (San Vincenzo de O Grove, Pontevedra). Campaña 1987. *Arqueoloxía Informes* 1: 86-92
- Carro Otero J. (1989b): 17. Xacemento antroppo-arqueoloxico de Adro Vello (San Vincenzo de O Grove, Pontevedra). Campaña 1988. *Arqueoloxía Informes* 2: 93-99
- Carro Otero J. (1989c): 47. Adro Vello (San Vincenzo de O Grove, Pontevedra).. *Arqueoloxía Informes* 2: 283-285
- Carro Otero J. e Millán González-Pardo I. (1976): Ara con un nuevo teónimo indígena en San Vicente de O Grove. *El Museo de Pontevedra* (30).
- Carro Otero J., Masa Vázquez M. del C. e Varela Orgando, M. L. (1983.): Molde de hachas, de la Edad de Bronce, en San Vicente de O Grove (Pontevedra). *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIV: 33-49.
- Fernández Fernández, A. (2019): *Informe preliminar. Intervención arqueológica en la factoría de salazón del yacimiento de Adro Vello (O Grove)*. Informe depositado na DXPC da Xunta de Galicia.
- Fernández Fernández, A., Lago Cerviño, M., Valle Abad, P., Rodríguez Nóvoa, A. A. (2021): *Proposta para a delimitación e declaración como Ben de Interese Cultural na categoría de Zona Arqueolóxica do xacemento de Adro Vello (O Grove, Pontevedra)*. Informe depositado na DXPC da Xunta de Galicia.
- Mangas-Carrasco, E., Colmenares-Prado, M., Fernández-Fernández, A., & López-Costas, O. (2022): The late medieval/early modern necropolis of Adro Vello (O Grove, Pontevedra, Spain) from sondage 1.2017: an osteoarchaeological approach to funerary practices and childhood. *Journal of Medieval Iberian Studies*, 14 (3): 468-500.
- Martínez, C. G., & Varela, J. M. V. (1968): La necrópolis de “Adro vello” (San Vicente de O Grove). *Compostellanum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*, 13 (4): 563-571.
- Ochoa Gondar, X. A. (2022): *Da gran historia da igrexa de San Vicente dos Groves*. Parroquia de San Vicente dos Groves, O Grove.
- Pardo, J. C. S. (2019): Nuevos apuntes sobre técnicas constructivas altomedievales en Galicia. *Nailos*: 61-73.

ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

Colabora

O FARO DA ILLA DE ONS. UN MONUMENTO PÉTREO A SÚA DEDICACIÓN CULTURAL COMO MUSEO DOS FAROS, FAREIROS E NAUFRAXIOS, TEN QUE SER UNHA REALIDADE

Por: Asociación Cultural “Pineiróns”

O mar sempre infundi nos seres humanos calma, equilibrio, descanso,... A súa presenza invita á reflexión, contaxia serenidade, equilibrio,... Imprégnanos de tranquilidade,... Ao observalo un síntese seguro, positivo, plácido,...

Pero non só esa colosal masa de auga catívanos, engaiólanos e encandéanos, tamén todo o que estea relacionado con el: as embarcacións, os mariñeiros, as rochas, os cantís, a fauna e flora, a pesca, as illas e arquipélagos, os naufraxios,..... e os Faros e os Fareiros.

Esa admiración e atracción cara a todo o que o mar representa, é o que nos anima ao seu estudo, investigación,...., coidado, custodia,...., preservación e protección. De aí que neste pequeno artigo, imos a poñer o noso modesto gran de area e contribuír coas nosas suxestións, a que o *Faro de Ons*, non se converta en ruínas, nin nun espazo privado para os que poidan pagar unha “*estancia con encanto*” converténdoo en hotel de luxo como fixeron xa e pretenden prolongar a un bo número de faros costeiros; senón nun recinto público, xestionado pola administración e dedicado, a carón de seguir protexendo as singraduras dos nosos mariñeiros/as, a unha finalidade cultural, didáctica, comunicadora,...., museística, de estudo e investigación, ..., relacionada cos Faros, cos Fareiros e cos Naufraxios da súa contorna, sen prescindir doutras funcións que poida prestar dentro do seu labor instrutivo, formativo e cultural.

OS FAROS DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Os Faros do Parque Nacional (Cíes, Ons e Sálvora), polo feito de estar emprazados nunha illa, adquiren un dobre atractivo, pois atópanse nun espazo privilexiado que evoca romanticismo, pero tamén illamento, bravura, aventura, misterio,...., din dos faros que: “*Namoran polo seu concepto, a súa forma e a súa función, e son un estímulo para a imaxinación e a creación de soños*”. Pois todo iso, dun xeito máis acentuado, transmíteno os Faros do Parque Nacional galego.

Non imos a falar aquí sobre as características dos Faros das illas do Parque¹, coidamos que hai documentación dabondo para poder consultar, imos a pararnos máis en cal pode ser a súa función agora que os radares, GPS,...., e

demais aparellos náuticos e novas tecnoloxías, conseguiron eliminar a figura do Fareiro.



No que se refire aos Faros do Parque, só tres illas teñen algo que dicir: Cíes, Ons e Sálvora. Dende hai anos sabemos que estes Faros tiñan as horas contadas, no que se refire a eses case míticos personaxes que fixeron posible o seu inestimábel funcionamento, os *Fareiros*, e que a súa automatización ía provocar un baleiro no que respecta ao como buscar unha alternativa a estas simbólicas e representativas construcións da nosa costa.

Podemos comprobar a nivel galego, como algúns Faros da nosa comunidade, buscando a solución político-administrativa máis cómoda e menos controvertible para o organismo que os rexenta, optaron pola cesión privada para a súa dedicación ás diferentes formas de hostalería (hotel, restaurante, bar, cafetería,...) e así librarse do seu custoso mantemento. Exemplos temos en Illa Pancha, Semáforos de Lariño e Fisterra, Corrubedo,...., e máis recentemente no Faro de Cabo Silleiro, tendo ideas tamén para os de Illas Lobeiras, Fisterra, Vilán,...

Non imos a ser nós os que critiquemos esas finalidades ou novos destinos. Quizais, para os Faros en terra (continente) sexan a saída menos mala á que se poda optar (tendo en conta as poucas luces, ineficacia e incompetencia dos nosos políticos e funcionarios de elite), pero para os das illas, e máis concretamente para os das illas dun Parque Nacional como o noso, a busca de alternativas, decisións adecuadas, acordos,...., e solucións teñen que ser moi profundas, meditadas, analizadas,...., por persoal cualificado

¹ Cando, nesta pequena aportación de Pineiróns sobre os Faros (tendo o Faro de Ons como actor principal) falemos do Parque, referímonos ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

e multidisciplinar que, cunha boa coordinación técnica e científica, sexan quen de dar coa solución adecuada ás necesidades reais do Parque.


É por iso que, dentro da nosa sinxela e respectuosa opinión, imos dar unhas ideas sobre as posibles dedicacións ás que poden optar os Faros das Illas do Parque Nacional, centrando as nosas ideas, teorías e suxestións no da *Illa de Ons* que, á vez, poden ser aplicables ao Faro da Sálvora, por ser estes dous os que, á vez de posuír unha profunda e importantísima memoria socio-histórico-etnográfica, teñen un amplo espazo útil, case similar, para desenvolver neles calquera actividade tendente a alternativas culturais.

O FARO DAS ILLAS CÍES

O Faro de Cíes, aínda que nunha posición extraordinaria a 180 metros de altura, tivo un habitáculo moi escaso, poderíamos dicir que insuficiente, para poder vivir nel o que provocou, xunto coa dura climatoloxía, que se automatizara en 1952 e que os Fareiros deixaran de habitalo.

En 1978 atopábase case en ruínas. Hoxe, do Faro orixinal, só queda a lanterna e, ao seu carón, hai unha edificación que data de 1980 onde se atopa a maquinaria necesaria para o seu funcionamento. Tamén outra pequena construción, que albergaba os aseos, é sobre a que hoxe colocaron o radar de vixilancia do Sive.

O espazo do que dispón esa edificación é exi-gua e fai inviable a realización de calquera establecemento de tipo hostaleiro; ademais, con moi bo criterio, os responsables do Parque néganse a que nel se leve a cabo calquera actuación dese estilo, polo que se está buscando, por parte da Autoridade Portuaria de Vigo,



Faro das Illas Cíes coa pequena edificación. www.piratasdenabia.com

algunha opción como atractivo turístico para o seu uso compatible cos obxectivos do Parque Nacional.

Nun principio descartado o Faro de Cíes para o seu uso hostaleiro e cun complicado uso turístico, imos a centrarnos nos Faros de Sálvora e Ons, como principais protagonistas das ideas e suxestións para un uso cultural futuro que imos expoñer de xeito moi sinxelo, deixando a porta aberta para que persoas cualificadas e dun xeito técnico-científico miren as súas posibilidades e, como profesionais, as perfeccionen, corrixan cambios,..., e a ser posible as desenvolvan como un Ben Cultural que redundará en beneficio do saber, da investigación, do progreso,..., e do Parque Nacional.

OS FAROS DAS ILLAS: SÁLVORA E ONS

Salvando as distancias entre eles, podemos dicir que os Faros de Sálvora e Ons teñen unhas características, sobre todo a nivel de espazo, moi parecidas. Tamén no seu aspecto global, pois atópanse nunhas illas que son parte dun Parque Nacional e cunhas peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais importantísimas e, en moitos aspectos, bastante parellas. Á vez teñen unha normativa, PRUX, que aínda que vai cumprir 5 anos e que está en proceso de acollemento e posta en funcionamento, vains dirixindo, quedando á espera dunha avaliación exhaustiva da súa traxectoria que, coidamos, xa vai sendo necesaria.

Por todo isto, recalcamos, que as suxestións van ir dirixidas sobre o Faro de Ons, pero que poden ser perfectamente asumibles polo Faro de Sálvora, sempre dende a perspectiva de non dedicalos a uso hostaleiro e de restauración


FARO DE SÁLVORA. *Pequenos escintileos*

Con satisfacción, puidemos ler na páxina (portovilagarcia.es), que Portos dá o seu visto e praxe ao proxecto de Turismo de Galicia para a execución da mellora do Faro de Sálvora. Segundo parece hai un convenio de colaboración entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía e a Axencia de Turismo de Galicia para a posta en valor do inmovible. O gasto que está previsto é de 1'5 millóns de euros e, segundo din, o obxectivo é a divulgación científica, estudo do medio, posta en valor turístico e apertura ao visitante.

Supoñemos que estes dous organismos tamén contactarían coa Consellería de Medio Ambiente e Parques como xestores para a realización deste proxecto. Coidamos que a posta en valor do Faro, e das demais edificacións da illa (pazo, capela, salga e aldea), teñen que pasar por un previo estudo, o máis completo posible e contando cun equipo multidisciplinar, para ver as posibilidades destas edificacións singulares para un uso global futuro, xa que sería imperdoable que non haxa consenso e unha boa actuación, evitando a precipitación que provoque actuacións improvi-

sadas, sen ideas, sen proxectos a longo prazo,..., que pode traer un posterior abandono,..., e, o que pode ser peor, máis gastos innecesarios.

Por iso esperamos que estes gastos iniciais anunciados sexan para a rehabilitación do edificio do Faro, que segundo puidemos saber, está nun estado bastante lamentable. (Aquí podemos sacar en conclusión o deixamento da




Plano do Faro de Sálvora. Cedida

Autoridade Portuaria de Vilagarcía en contraposición coa de Pontevedra-Marín que ten o Faro de Ons impecable). Pensamos que, se non teñen unha idea de proxecto clara para toda a illa, poñerse á modificación interior do Faro para unha dedicación futura sen un estudo previo global, traerá consecuencias posteriores fatais.

O FARO DA ILLA DE ONS

Comezamos partindo da idea que a Autoridade Portuaria de Pontevedra-Marín, tamén buscará unha alternativa á automatización do Faro e á falla de Fareiros en Ons, e que esta estará consensuada coa Consellería de Medio Ambiente e cos responsables do Parque, como xestores do arquipélago, para a busca da opción máis adecuada. Esta busca, terá que contar cun grupo multidisciplinar de profesionais que dun xeito técnico-científico dean unha solución adecuada a este edificio e o harmonicen coas demais instalacións da illa segundo a dedicación que acorden.

Uso hostaleiro: Coidamos que sería o peor destino que se lle podería dar. Ons, é a segunda illa do Parque en destino turístico, polo que, dende os anos 80 sec. XX, fóronse creando infraestructuras con vistas a dar un servizo



Esquerda Centro Visitantes e inmuebles Parques. Dereita instalacións de Parques

a ese turismo crecente que estaba a xurdir. Hoxe en día, hai establecementos suficientes (hostais, apartamentos, camping, restaurantes, campamento, e quizais nun futuro, casas vacacionais (turismo rural-mariñeiro), que para o volume de visitantes que permite o PRUX é totalmente suficiente.

Uso Cultural: É a función que vemos máis axeitada, tendo en conta que se atopa nun Parque Nacional. O uso cultural que nós pensamos, e coa idea de saír das actuacións que normalmente se lle dan a esas ideas, é que estea dedicado aos **Faros**, como museo dinámico, didáctico e ilustrativo sobre o seu funcionamento e historia. Aos **Fareiros**, como persoal instruído, con un modo especial de vida, aventureiros, con experiencias únicas debido ao illamento e á soidade,..., e no caso das illas, e máis en illas habitadas como das que estamos a falar, pola súa relación coa veciñanza. Aos **Naufraxios**, o Faro está pensado como axuda á navegación, pero aínda así e nas súas proximidades, ao longo da historia, e ata hoxe en día e con todos os sofisticados aparellos electrónicos que levan as embarcacións, sucederon e suceden moitos accidentes marítimos, algúns con importantes perdas de vidas humanas que, a pesar das desgracias, son un incentivo para o seu estudo, investigación e onde as súas historias cativan e seducen.

Ons: edificacións para uso cultural e estancia de investigadores

A illa dispón dun **Centro de Visitantes** amplo e que engloba dous patios exteriores, que ben preparados e acondicionados, poden servir para actividades no exterior ou, instalando unha carpa provisional segundo necesidades, daría protección e resguardo a calquera actividade puntual en calquera época do ano.

Este Centro está, nestes intres, ben dotado, aínda que podería mellorarse, para a exposición e visualización dos trazos históricos, arqueolóxicos, etnográficos e naturais

e só habería que estudar o custo das persoas especialistas que se busquen ou contraten para asesorar nas diferentes disciplinas que se necesitan para desenvolver o proxecto. Podería ser sufragado sen problema polos organismos competentes ou por medio dalgunha subvención das que sacan de xeito anual.

Cando este primeiro paso estea ben claro e a idea moi dialogada e consensuada, poderase pasar á seguinte etapa.

2ª etapa: Coas ideas ben claras, pasarase á preparación das instalacións e busca de material para os cometidos propostos. Aquí si, o custo inicial pode ser importante, polo que haberá que recorrer ás axudas que dende a Xunta e a través das diferentes Conselleiras e o propio Parque a nivel nacional poden aportar; sen esquecermos dos Fondos Europeos que para este tipo de proxectos poden ser de doada adxudicación, tendo en conta que estamos a falar dun Proxecto Cultural dentro dun Parque Nacional.



Material museístico que existía no Faro de Ons.

Valga de exemplo os 1'5 millóns de euros que foron asinados en colaboración entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía e a Axencia de Turismo de Galicia para rehabilitar o Faro de Sálvora. Tendo en conta o bo estado do Faro de Ons, un convenio parecido e con esa dotación económica darían un bo pulo á preparación do Proxecto para o Faro de Ons.

Repetimos que este proxecto non pode ser improvisado, nin precipitado, ten que ser reflexionado, cunha boa dirección e ir crescendo co tempo, polo menos no que se refire á preparación e consecución de materiais, así como á organización de actividades e exposicións permanentes. De aí que, cando se teña un mínimo razoable de elementos que poden ser xa expostos e usados, poderemos pasar á terceira etapa.

3ª etapa: Esta parte comezaría no intre en que unha maioría das salas estean habilitadas e cun material mínimo para expoñer ao público, así como tamén, a Biblioteca e espazo de traballo-investigación, con todo o material necesario dispoñible para ser utilizado.

Para un bo funcionamento necesitaríase un mínimo de 3 persoas, polo menos para o verán. Unha encargada da entrada e cobro aos visitantes, outra para todo o referente á biblioteca e ao seu uso, e unha terceira para mantemento. Cando o edificio, pasado un tempo, estea a pleno rendemento, poderase falar dun par de guías que, por quendas e a grupos máis ou menos reducidos, poden explicar o exhibido nas salas. Á vez ter en conta que cando veñen grupos organizados, tanto polas navieiras como polo Parque, xa traen aos seus Guías que previamente haberá que formar para ensinar e explicar o contido das exposicións que se mostran no Faro.

No que respecta ao seu financiamento habería que estudalo. Podería haber un persoal fixo, incluído no organismo encargado da súa xestión que, supoñemos, sería Parques. Tamén se pode falar de persoal contratado para os meses de verán que son os de máis afluencia de visitantes.

Coidamos que sería necesario, un pago simbólico para a visita. Polo que, tendo en conta que segundo datos de Parques, Ons recibiu entre os meses de xuño-setembro de 2023, 130.288 visitantes, e só supoñendo que un 30% visite o Faro e pague a cota simbólica de, por exemplo, 1€, estamos a falar de 39.086 €. Daría perfectamente para o soldo dos tres empregados mínimos, coa súa seguridade social, e para os gastos de mantemento, e aínda sobrarían cartos para, no caso de necesitalo, empregar puntualmente algún guía. ...

Ata aquí un primeiro intento de buscar unha alternativa cultural ao Faro de Ons, evitando que se converta nun establecemento hostaleiro, pois pensamos que xa hai de sobra na Illa.

Dentro da solución cultural, buscamos unha fórmula distinta aos típicos Museos do Mar que podemos atopar en moitas vilas mariñeiras da nosa comunidade autónoma, e mesmo nacional, por iso fomos cara a un Museo que nos fale dos Faros, dos seus ocupantes (os Fareiros) e dos Naufraxios que aconteceron na contorna do lugar onde está emprazado (a Illa de Ons).

Á vez pode albergar unha necesaria Biblioteca que, ademais de tocar o mundo dos Faros e Naufraxios, tamén estea dotada de material bibliográfico, documentos, estudos, teses, películas, vídeos, xogos, documentais,..., sobre Ons. Que posúa unha ou varias salas de investigación e traballo, dotadas do material necesario para realizar todo tipo de estudos, investigacións,..., que sirva como centro de divulgación científica sobre o Parque Nacional en xeral e sobre Ons en particular. ... E un longo etc.

A NOITE DO NAUFRAXIO

Por: Xosé Fuentes

(Hai moitos anos, na aldea de San Vicente do Grove, falábase de que un tolo andaba a asustar á xente. A mestra da escola feminina de Balea (cazadora ela) tivera que ameazalo coa escopeta).

Era un neno de oito anos e, como todos os nenos, pasaba polo “castigo ritual” de ser sancristán da parroquia durante un tempo.

A súa casa está preto da igrexa, é a última que hai na aldea, digamos que a aldea remata alí. Tamén alí estaba a última lámpada do alumeadado público que había naquel tempo; unha lámpada de luz amarela, morticeira cuberta cun prato metálico que facía ruído cando ía vento. A luz sempre tiña derredor unha néboa misteriosa que lle impedía alumear máis aló no pau de que se atopaba pendurada.

Era unha noite escura, ás seis da mañá en tempo de inverno. Un enfurecido vento asubiaba, a choiva batía con rabia sobre os cristais da ventá. O neno, ergueuse da cama, vestiuse coas roupas de neno, calzou os zocos solados con chatolas e, cheo de medo saíu da casa cara á igrexa para tanxer as campás de chamada para misa.

Os cincocentos metros que o separaban da igrexa era un treito de escuridade profunda, de terror, de rúidos indefiníbeis cos que se expresaba o temporal. Nese coro de brúidos que o vento traía pareceulle oír o berro de alguén...; máis non... non podía ser. Tiñan que ser alucinacións producidas polo medo, pensou.

Xa no adro da igrexa, subiu ao campanario por estreitas escaleiras de pedra en espiral; tanxeu as campás e entrou na igrexa por unha porta pequena dun lateral.

Dende esa portela até o altar, era outro percorrido tenebroso guiado só pola lámpada de aceite acesa toda a noite para alumear ao santísimo onde bailaba unha mariposa de papel. Cada paso cos zocos solados de chatolas resoaba dun xeito aterrador.

Prendeu as luces e, xa no refuxio semellaba que as imaxes que estaban a cada lado das súas fornelas, cos rostros serenos e, até medio risoños, acougaban os latexos do pequeno corazón.

Logo de ter preparadas as roupas que correspondían, é dicir: as cores da casula, estola, segundo o día da semana, camiñou pola igrexa iluminada cara á porta principal facendo o mesmo ruído cos zocos.

A porta principal tiña trancas de ferro que a facían infranqueable. Unha nova sinfonía de rúidos estremecedores, arrepiantes ao mover as atrancas até deixar as enormes portas de par en par.

O facho da luz que saíu da igrexa, foi un lóstrego fendendo a noite, alongándose polo cemiterio guindaba chispas ao iluminar a choiva que se esnaquizaba contra as lápidas de mármore.

A visión non ía máis alá do facho de luz que saía pola porta da igrexa, todo o demais, era unha tea negra que pendurada do ceo chegaba á terra.

De súpeto, unha visión aterradora, arrepiante, saída do ventre da noite, do alén. A figura dun home alto, enxoiado, facendo acenos desordenados, berrando, camiñando inseguro polo carreiro entre sepulturas que leva á igrexa. O tolo!!! Pensou o neno, un tempo de desolación e, fuxiu cara a casa do cura.

O home que xurdira da noite seguiu o ronsel do neno até atopar a casa. Berrou: - Son un náufrago!! Orienteime ao oír tanxer as campás, teño compañeiros no mar.

O cura faloulle desconfiado, ameazándoo con ceibar o can que estaba alporizado se non se ía. O home axeonllouse esgotado e suplicou axuda.

Abriu o cura o portal con precaución e, decatámonos que o home saído da noite, estaba enchoupado e ferido de bater coas pedras, levámolo para a casa, a irmá do cura fixo café e arroupou ao náufrago cunha manta. O home saído da noite, contou a pericia.

O neno saíu correndo a pedir axuda ás primeiras casas da aldea. Francisco e Ramón saíron das súas casas moi sorprendidos e achegáronse á casa reitoral.

O cura, D. Ovidio, Ramón e Francisco, sempre coa compañía do neno, baixaron á praia. Nunha zona de rochas co mar alporizado, rescatamos ao patrón (Sabino). Dous compañeiros afondaron co barco no faro dos “Mesos”. Non lembro o nome do home que xurdiu da noite, sei que era de Meloxo.

En agradecemento, agasallaron ao cura cun cabuxiño branco do que o neno foi íntimo amigo até que se separaron os seus camiños. A amizade segue inserida no recordo de quen era neno naquel tempo.



“CEN ANOS DO RECOÑECIMENTO ÁS HEROÍNAS E HEROES DO SANTA ISABEL”

Por: Xosé María Fernández Pazos
Historiador, xornalista. Cronista Oficial de Ribeira

O pasado 8 de xaneiro cumpríronse 100 anos que o secretario do Concello de Ribeira se desprazaba á illa de Sálvora para facer entrega ós seus habitantes das distintas condecoracións e recoñecementos que lle foran outorgados polo Consello de Estado. Fora pola súa intervención no salvamento dos naufragos do vapor-correo Santa Isabel, afundido nos baixos da illa tres anos antes, o 2 de xaneiro de 1921.

Aquela trágica noite o vapor procedente de A Coruña dirixíase a Vilagarcía para embarcar 37 pasaxeiros para posteriormente, e despois de coller pasaxe en Vigo o día seguinte, ir a Cádiz para transbordalos a Montevideo e Bos Aires. Eran os tempos da emigración masiva a América latina.

ONS, PROTAGONISTA INDIRECTA DO NAUFRAXIO

Na causa xudicial 15/1921 na que se instrúe a causa do naufraxio, aparece a referencia á illa de Ons que xogaríu un papel indirecto na traxedia. Así ó capitán do vapor, Esteban García Muñiz, abríraselle expediente pola Armada polo naufraxio, ó considerar que houbo error na situación do buque ás doce da noite, xa que de ser certa a que dixera o oficial, en ningún caso se tería perdido o vapor, o que poñía en dúbida a versión do mesmo.


O capitán, di que sempre pensou que navegaba mais o sur e que cando veu as rompentes pensou que se estaba dirixindo á illa de Ons, é mais, creu que embarrancara en Ons. Unha opinión que lle confirmou o temoneiro que ía ao fronte do vapor-correo durante o naufraxio, quen lle manifesta que coas medicións feitas era imposible que aquilo fora Sálvora, tiña que ser necesariamente Ons, o que segundo o informe oficial indicaba que estaban desorientados e que non tiveron en conta a forza das correntes.

En definitiva a falla de velocidade combinada coa deriva e as malas condicións de visibilidade e un cálculo incerto acerca da súa localización, conducen o naufraxio que orixinaría 213 vítimas mortais.

HEROÍNAS E HEROES

Os trámites para a concesión das condecoracións e recoñecementos ós habitantes da illa iniciáranse inmediatamente tralo naufraxio, e sería a prensa da época, algúns concellos galegos, asociacións e sociedades, os promotores dese recoñecemento que tería en Vigo á cidade pioneira das homenaxes, cun multitudinario acto que congregou a milleiros de persoas a principios de 1921 para honrar ás heroínas.

Naquela notificación a alcaldía ribeirense informaba que o Consello de Estado aprobaría o ingreso na Orden Civil de Beneficencia, e a concesión da Cruz de Salvamento Marítimo de terceira clase con distintivo negro e branco, ós veciños de Sálvora Juan Parada, Juan Fernández, José Parada, José Oujo, Manuel Caneda, Francisco Oujo, Josefa Parada, María Fernández, Cipriana Oujo e Cipriana Crujei-



Postal do vapor correo Santa Isabel

As heroínas do Santa Isabel



ras, polos heroicos e abnegados servizos prestados ós náufragos do vapor español Santa Isabel, na illa de Sálvora no concello de Ribeira.

A concesión das condecoracións iría acompañada da cantidade de tres mil pesetas e unha pensión vitalicia, que co paso do tempo non deixou de ser simbólica. A prensa coruñesa promovería unha subscrición popular que logrou recadar cinco mil trescentas pesetas; a esta acción uniuse o “Círculo de Artesanos” e o “Sindicato Unión del Puerto da Coruña”.

O valor das mulleres, que pasaron á historia co nome de “Heroínas de Sálvora”, e a dos veciños da aldea, sería recoñecido incluso polos emigrantes galegos en México e Bos Aires, os cales remitiron cartas para axudar ás familias que interviñeran no naufraxio. O diñeiro, sen embargo, como acostuma acontecer nestes casos, non chegou nunca ás mans dos beneficiarios pois alguén decidiu quedar con eles, a pesar de que en principio se acordara repartilos entre tódolos veciños da aldea.

O GRANDE HEROE DO SANTA ISABEL

Pero sen dúbida algunha o segundo oficial do vapor Santa Isabel, don Luís Cebreiro, é o grande heroe do naufraxio, el sería condecorado polo “Consello Superior da Sociedade Española de Salvamento” coa medalla de ouro, sendo a décimo cuarta que no espazo de corenta anos se concedía.

O primeiro en unirse á petición de condecoración deste oficial, foi o alcalde do concello de Ribeira, don Emilio Colomer, quen dirixiu a seguinte mensaxe ó Gobernador Civil da provincia:

«Con motivo de la tremenda catástrofe ocurrida en la Ría de Arosa y en punto que pertenece la isla de Sálvora al término municipal al que da nombre esta ciudad con la perdida total del correo transporte Santa Isabel cuyo siniestro es bien público, llega a conocimiento de esta alcaldía por manifestaciones de personas significativas en la localidad y de todos los supervivientes de la mencionada catástrofe, que son dignos de especial mención los actos de heroísmo que el segundo oficial del expresado barco don Luis Cebreiro López hizo no solo para salvarse el, sino para auxiliar a sus semejantes, tanto pasajeros como tripulantes.

Es un hecho público desde los primeros momentos, relatados en la misma isla de Sálvora por los naufragos supervivientes, por los vecinos de aquel lugar y por las personas de este pueblo que acudieron a prestar auxilio en embarcaciones tan luego conocieron la catástrofe, que llamó la atención ante todos, el decidido arrojo y la abnegación del referido don Luís Cebreiro López, dirigiendo las operaciones de salvamento, contando como contaba, con tan pocos elementos y luchando contra el más poderoso que eran los embates del mar que destruía toda embarcación contra os restos del buque, y gracias a su valor y pericia pudieron salvarse la mayoría de los supervivientes en el único bote que le quedaba en relativas condiciones».

O segundo oficial narraría pasado o tempo como viviu aquela noite, a máis tráxica da súa vida:

”A iso da unha e media, aproximadamente, da mañá do domingo día 2 e estando descansando no meu camarote que estaba baixo a ponte, sentín un forte golpe do buque e empecei a vestirme e, ó momento, presentouse o capitán, avisándome de que encallara o buque e dando ordes para proceder ó salvamento da pasaxe e tripulación. Saín rapidamente do meu camarote e subín



Luis Cebreiro en Ribeira con algunhas das mulleres do naufraxio

á ponte. Alí estaban o capitán e o primeiro oficial con pasaxeiros que se propoñían salvarlos. Eu baixei a atender a moitos que estaban na cuberta de botes de babor, pois os de estribor esnaquizounos o mar contra o barco, por se-lo costado que daba a onde viña o mar, e de babor arriouse un bote con tripulación e pasaxe que puido saír; pero máis tarde souben, cando cheguei a terra, que ese bote se esnaquizara contra a illa de Sálvora”.

O segundo oficial, Luís Cebreiro, en declaracións a xornais da época, narra como encontrándose no medio e medio do buque con moitos pasaxeiros e vendo que daba o forte mar reinante e sen luz, por apagarse xa nos primeiros intrés, *“decidín trasladarme con todos eles á cuberta da popa, pois podería quedar aquela parte fóra da auga e deste xeito poderían acudir no noso auxilio. Así o fixen e pasei con todos a aquela parte animándoos e alí axunteinos a carón do bote número 8 que estaba na parte de babor”.*

Oín, dicía o segundo oficial, gritos pedindo varias persoas auxilio, voces que partían do afumadoiro de segunda clase e baixei e alí estaban varios homes e mulleres da pasaxe, e leveinos a onde se atopaban os outros, tendo que impoñerme por crer que estaban máis seguros no lugar mencionado. Por se aquela parte do buque se afundise, metinos dentro do bote a todos e quedamos tres fóra a carón do bote -eu e outros tres máis que soubesen nadar para que o bote non fose moi cargado-. Tamén se meteu o primeiro maquinista, D. Miguel Calvente, que ordenou que se abrisen as válvulas de seguridade ó abandona-las caldeiras, cando empezou a entrar auga nelas.

Luís Cebreiro contaría anos despois cal foi a imaxe máis espantosa daquela noite:

“Aniñada nun recuncho de cuberta, unha nai intentaba amparar e cubrir co seu corpo a cinco infelices criaturas. Durante un anaco as ondas, furiosas e xigantes, parecían respectar aquel cadro de tenrura e amor. Cambiou o vento, e o mar abalanzouse sobre as inocentes vítimas. Foi un momento de angustia sen igual ver como cada onda ía arrincando un fillo dos brazos daquela nai, a quen afogaba a dolor. Co último dos fillos, ó que abrazou desesperadamente, levou o mar a figura máis fermosa de nai que contemplei na miña vida”.

O segundo oficial completaba a súa narración engadindo:

”Amenceu e sempre tiña a esperanza de que chegasen auxilios e non tivésemos necesidade de arria-lo referido bote, pois, dado o mar que había, resultaría perigoso, pero a iso das nove da mañá empezou a afundirse aquela parte da popa, seguramente porque partira en dous o barco, quedou o salvavidas sobre os calzos e chegou o mar a onde estaba e flotou e quedou fóra do barco con tódolos que meteramos dentro do mesmo, quedando fóra na cuberta algúns que sabían nadar; que se meteran, ó caer á auga arrastrados por outro golpe de mar dentro do mesmo, cos demais náufragos.



O vapor Rosiña chegando a Ribeira cos primeiros cadáveres e superviventes do Santa Isabel

Sáiron vogando con dous remos dous mariñeiros do buque e outro que era de Palmeira, xa vello, gobernando o bote. Quedamos eu e un pasaxeiro novo, que agarrei na auga e non sabía nadar; e, aínda que desde o bote nos ofrecían sitio, manifesteilles que, por ir moi sobrecargado non quería embarcar; pois era perigoso, e deixei embarcar ó mozo que eu levaba nadando. Así seguiron polos seus medios en dirección á illa e, máis tarde e xa bastante separados do buque, souben en terra que foran auxiliados por dúas dornas da illa de Sálvora, unha tripulada por mulleres e outra por homes”.

Tamén os tripulantes do vapor Rosiña, o primeiro en chegar ó lugar do naufraxio, o axudante de Mariña de Ribeira, Gabriel Basterrechea e outras persoas e veciños de Ribeira que interviñeran no naufraxio, recibirían diversas condecoracións pola súa participación no rescate e pola acollida das vítimas.

Das 213 vítimas do naufraxio, procedentes de 26 provincias españolas e dos cales uns 60 eran nenos, rescatáronse uns setenta cadáveres. Durante semanas o mar botou á costa restos humanos moitos dos cales foron soterrados nos camposantos locais e incluso algúns nas praias onde aparecían, polo que é difícil de saber o número exacto de corpos recuperados.

A “Compañía Trasatlántica Española” propietaria do Santa Isabel, dispuxo que os trinta e sete pasaxeiros que tiñan previsto embarcar en Vilagarcía aquela madrugada, e os douscentos doce previstos para subir en Vigo o día seguinte do naufraxio, foran trasladados en tren a Cádiz para embarcar no “Reina Victoria Eugenia” un trasatlántico cualificado de gran marcha e con tres hélices procedente de Barcelona-Valencia e con ruta a Montevideo e Bos Aires e a onde tiñan que ter embarcado a pasaxe do vapor-correo.

Durante moito tempo o segundo oficial, Luís Cebreiro, un dos mariños máis condecorados da Mariña Civil española, regresaría ano tras ano a Ribeira para asistir ós actos fúnebres en memoria dos falecidos. Tamén durante décadas os buques da “Compañía Trasatlántica Española” farían soar as súas sirenas cando pasaban preto dos baixos da Pegar, onde tivo lugar o naufraxio, en sinal de respecto e lembranza das mulleres, homes e nenos falecidos naquela tráxica noite.

Hoxe cen anos despois lembramos o papel daquelas mulleres, homes e veciños de Ribeira, que puxeron o seu valor, humanidade e entrega por riba das súas vidas.

Fotos incluídas neste artigo: Fotos Ksado, ABC, Vida Gallega.



Recepción do pobo de Vigo ás heroínas